

PROXECTO

orçamentos
2018

MEMORIA DE
OBJECTIVOS E PROGRAMAS



MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

CONTIDO

| | | |
|-------------|--|-----------|
| I. | PRESENTACIÓN | 9 |
| II. | GASTO ESTRATÉXICO | 13 |
| II.1. | O PERÍODO COMUNITARIO POST 2020 | 15 |
| II.1.1. | O LIBRO BRANCO SOBRE O FUTURO DE EUROPA. | 15 |
| II.1.2. | DOCUMENTO DE REFLEXIÓN SOBRE A DIMENSIÓN SOCIAL DE EUROPA. | 22 |
| II.1.3. | DOCUMENTO DE REFLEXIÓN SOBRE O ENCANAMENTO DA GLOBALIZACIÓN. | 28 |
| II.1.4. | DOCUMENTO DE REFLEXIÓN SOBRE A PROFUNDIZACIÓN DA UNIÓN ECONÓMICA E MONETARIA. | 35 |
| II.1.5. | DOCUMENTO DE REFLEXIÓN SOBRE O FUTURO DA DEFENSA EUROPEA. | 43 |
| II.1.6. | DOCUMENTO DE REFLEXIÓN SOBRE O FUTURO DAS FINANZAS DA UE. | 48 |
| II.2. | A AXUDA COMUNITARIA NOS ORZAMENTOS DA C.A. PARA 2018 | 55 |
| III. | OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO | 65 |
| III.1. | EIXE 1: EMPREGABILIDADE E CRECEMENTO INTELIXENTE | 71 |
| III.1.1. | IMPULSO DA CONSOLIDACIÓN DAS POLÍTICAS DE GASTOS VINCULADAS Á I+D+I. INTEGRAR A GALICIA NO CÍRCULO VIRTUOSO DA INNOVACIÓN PARA O CRECEMENTO. | 73 |
| III.1.2. | FOMENTO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E COMERCIAL, IMPULSO DA COMPETIVIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS E AUTÓNOMOS, APOIO Á ARTESANÍA, REGULACIÓN SECTORIAL E PROTECCIÓN DA COMPETENCIA | 82 |
| III.1.3. | AUMENTO DA EMPREGABILIDADE E PRODUTIVIDADE DOS TRABALLADORES GALEGOS A TRAVÉS DA FORMACIÓN E INNOVACIÓN CONSTANTE. | 91 |
| III.1.4. | COMPLETAR GALICIA NO QUE ATINXE A INFRAESTRUTURAS BÁSICAS. DAR UN NOVO PULO ÁS POLÍTICAS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DA VIVENDA. | 100 |
| III.1.5. | CONSOLIDAR UN SISTEMA EDUCATIVO QUE MINIMICE O FRACASO ESCOLAR E SE ALIÑE EN RESULTADOS COAS REXIÓNS LÍDERES DE EUROPA EN TODOS OS NIVEIS E IMPULSAR O SUG CARA Á EXCELENCIA. | 107 |
| III.2. | EIXE 2: BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL | 119 |
| III.2.1. | SISTEMA SANITARIO SUSTENTABLE E DE CALIDADE. FOMENTO DA SAÚDE PÚBLICA E DOS MODOS DE | |

| | | |
|----------|---|-----|
| | VIDA SAUDABLES. _____ | 120 |
| III.2.2. | DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES _ | 130 |
| III.2.3. | MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS A FAMILIAS E Á INFANCIA, APOIO Á CONCILIACIÓN, SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIOS DA EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE XUVENTUDE E COOPERACIÓN. _____ | 137 |
| III.2.4. | DESEÑO DUNHA ESTRATEXIA DE INTEGRACIÓN SOCIAL QUE MELLORE O BENESTAR DOS CIDADÁNS, AXUDE AOS MÁIS DESFAVORECIDOS A RETORNAR O MÁIS AXIÑA POSIBLE A SITUACIÓNS SOCIOECONÓMICAS ACEPTABLES. _____ | 146 |
| III.2.5. | GARANTIR O ACCESO A UNHA VIVENDA DIGNA EN RÉXIME DE PROPIEDAD OU ALUGUER AXEITADA ÁS POSIBILIDADES DE CADA FAMILIA. _____ | 153 |
| III.3. | EIXE 3. CRECEMENTO SUSTENTABLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES _____ | 159 |
| III.3.1. | FOMENTO DO SECTOR PRIMARIO BASEADO NA INNOVACIÓN E A CALIDADE DO PRODUTO GALEGO QUE FIXE A POBOACIÓN AO MEDIO RURAL _____ | 161 |
| III.3.2. | ENERXÍA RENOVABLE EFICIENTE, INTELIXENTE E NON AGRESIVA CO MEDIO AMBIENTE E A PAISAXE. FOMENTO DUNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO. _____ | 174 |
| III.3.3. | POTENCIACIÓN DO TURISMO EN GALICIA A PARTIR DUN MEDIO AMBIENTE E CULTURA PRIVILEXIADOS _____ | 182 |
| III.3.4. | CONSERVACIÓN DA NATUREZA, ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DA PAISAXE E COHESIÓN TERRITORIAL. _____ | 186 |
| III.3.5. | PECHAR UN MODELO CONSISTENTE DE TRATAMENTO DE RESIDUOS E UN MODELO DE CICLO DA AUGA LÍDER EN EUROPA. _____ | 193 |
| III.4. | EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO _____ | 200 |
| III.4.1. | DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA DIXITAL. APOIO Á INDUSTRIA CULTURAL E DE MEDIOS COMO UNHA FONTE DE RIQUEZA E IMPULSO AO DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN. _____ | 202 |
| III.4.2. | CONSERVACIÓN E PROMOCIÓN DA RIQUEZA CULTURAL DE GALICIA. _____ | 210 |
| III.4.3. | IMPULSO DAS INSTITUCIÓNS DE AUTOGOBERNO E MELLORA DA SÚA INFLUENCIA E COLABORACIÓN CON EUROPA, A EUROREXIÓN E O RESTO DO ESTADO. _____ | 218 |
| III.5. | EIXE INSTRUMENTAL: ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E DE CALIDADE _____ | 224 |

IV. CADROS _____ 229



PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Na súa primeira parte analízase o período comunitario post 2020 a través de seis documentos de reflexión sobre o futuro das políticas europeas.

Recóllese así mesmo a inserción da política de cohesión europea do período 2014-2020 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2018, mediante as anualidades do FEDER, FSE e Emprego Xuvenil en relación co “Obxectivo Investimento en Crecemento e Emprego”, así como as relacionadas co “Obxectivo de Cooperación Territorial Europea”. Coa mesma finalidade intégranse nos orzamentos de 2018 a asignación das políticas sectoriais de Desenvolvemento Rural e Marítima e de Pesca do período 2014-2020, a través das anualidades do FEADER e do FEMP, respectivamente.

Nunha segunda parte analízanse as prioridades estratéxicas de gasto poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 fixadas pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas de gasto que integran a clasificación funcional dos orzamentos.



GASTO ESTRATÉGICO

Obxectivos e programas

II. GASTO ESTRATÉXICO

Neste apartado analízase, por unha parte, o período comunitario post 2020, e por outra parte, detállanse as Axudas da UE correspondentes aos Fondos que se integran nos orzamentos da C.A. de Galicia para 2018.

II.1. O PERÍODO COMUNITARIO POST 2020

Iníciase en 2017 na UE un período de amplo debate sobre o futuro de Europa que se desenvolverá a través da Comisión Europea, o Parlamento Europeo, os parlamentos nacionais, as autoridades locais e rexionais e a sociedade civil en xeral.

A medida que nos acheguemos ao final do ano 2020 teranse que resolver certas dúbidas que existen actualmente sobre as reformas financeiras e das políticas comunitarias para despois de 2020, por exemplo do Marco Financeiro Plurianual da UE, da política de cohesión, da PAC, da marítimo e pesqueira, de defensa, etc. En definitiva iranse establecendo normas, orientacións, directrices e regulamentos que marcarán o futuro marco post 2020.

A continuación analízanse brevemente os **6 documentos que constitúen as primeiras reflexións tuteladas pola Comisión achega do futuro da Unión Europea despois de 2020:**

- O libro Branco sobre o Futuro de Europa.
- Documento de Reflexión sobre a Dimensión Social de Europa.
- Documento de Reflexión sobre o Encanamento da Globalización.
- Documento de Reflexión sobre a Profundización da Unión Económica e Monetaria.
- Documento de Reflexión sobre o Futuro da Defensa Europea.
- Documento de Reflexión sobre o Futuro das Finanzas da UE.


II.1.1. O libro branco sobre o futuro de Europa.

Comeza o período de debate o 1 de marzo de 2017, cando a Comisión Europea presentou o Libro Branco sobre o futuro de Europa, **que se configura como un documento de reflexións e escenarios para a Europa dos vinte e sete en 2025** e que trata de contribuír e impulsar o proxecto europeo. É no que sobresaie unha data, a de celebración de eleccións ao Parlamento Europeo, en xuño de 2019.

Lembrar que a actual UE naceu cando os 6 Estados membros fundadores asinaron os Tratados de Roma hai 60 anos. A Unión ampliada ten unha poboación de **500 millóns de cidadáns** que viven en liberdade nunha das economías máis prósperas do mundo. Actualmente, a UE constitúe un territorio onde se pode gozar dunha diversidade cultural, de ideas e de tradicións, única, cunha extensión de 4 millóns de quilómetros cadrados.

A inestabilidade nalgúns dos países veciños deu lugar á maior crise de refuxiados desde a Segunda Guerra Mundial. Os atentados terroristas golpearon o corazón dalgunhas cidades. Están a emerxer novas potencias mundiais, mentres que as antigas enfróntanse a novas realidades.

Proporción da poboación europea na poboación mundial



Fonte: Libro Branco sobre o Futuro de Europa

A situación actual non ten por que supoñer necesariamente unha limitación para o futuro de Europa. A UE sempre estivo nunha encrucillada e sempre se adaptou e evolucionou.

Só nos últimos vinte e cinco anos, os Tratados de Maastricht, Ámsterdam e Niza reformaron e transformaron profundamente unha Unión cuxo tamaño aumentou a máis do dobre. O Tratado de Lisboa e a década de debate que o precedeu abriron un novo capítulo da integración europea que ten aínda potencial por explotar.


O presente Libro Branco **analiza os factores impulsores do cambio no próximo decenio e presenta 5 escenarios de como podería evolucionar Europa de aquí a 2025**, en función do camiño que se decida tomar.

En relación cos **factores impulsores do cambio no próximo decenio**, o Libro Branco analiza de que forma evolucionará Europa no próximo decenio tendo en conta algúns dos problemas e retos aos que se enfrenta e o aproveitamento das novas oportunidades. Algúns destes **retos** son os seguintes:

- Novas tecnoloxías. O impacto do maior uso da tecnoloxía e a automatización no mercado de traballo e a industria.
- Cambio climático. A necesidade de introducir solucións ambientais innovadoras no mercado nacional e estranxeiro.

- Migración. A protección das nosas fronteiras, preservando ao mesmo tempo o dereito á libre circulación en Europa.
- Ameazas á seguridade ás nosas portas e dentro da Unión. A acumulación de tropas nas nosas fronteiras orientais, as guerras e o terrorismo en Oriente Medio e África.
- Lugar cambiante de Europa nun mundo en evolución. A diminución da poboación e do poder económico.
- Legado da crise económica. O desemprego de longa duración, sobre todo entre os mozos, e unha elevada débeda pública e privada.
- Envellecemento da poboación. A necesidade de modernizar os nosos sistemas de benestar social.
- Aumento da retórica nacionalista e populista. A necesidade de recuperar a confianza dos cidadáns, de estar á altura das expectativas e de crear consenso entre os Estados membros.

Referente aos 5 escenarios posibles, estes resúmense brevemente a continuación. A Europa dos vinte e sete decidirá conxuntamente que combinación de elementos dos cinco escenarios estima que contribuirá en maior medida á mellora do proxecto europeo en beneficio dos cidadáns.



Fonte: Libro Branco sobre o Futuro de Europa

Escenario 1: seguir igual. A EU-27 céntrase en cumprir o seu programa de reformas positivas.


Nun escenario no que a UE-27 mantén o seu rumbo, esta céntrase na aplicación e mellora do seu actual programa de reformas e onde as prioridades actualízanse periodicamente e en consecuencia vaise desenvolvendo a lexislación.

Iso implica que se incide en ámbitos como o cambio climático, a estabilidade financeira e o desenvolvemento sustentable, que a Unión se centra no emprego, o crecemento e o investimento, que se intensifica a loita contra o terrorismo e que profundase a cooperación en defensa en termos de investigación, industria e contratación conxunta.

Os efectos deste Escenario I nas políticas europeas son as seguintes:

- No mercado único e comercio. Refórzase o mercado único, en particular no sector da enerxía e no sector dixital. A EU-27 busca acordos comerciais progresivos.
- Na Unión Económica e Monetaria. O funcionamento da zona do euro vai mellorando progresivamente.
- En Schengen, migración e seguridade. A cooperación na xestión das fronteiras exteriores intensifícase gradualmente. Avances cara a un sistema común de asilo. Mellora da coordinación en materia de seguridade.
- En política exterior e defensa. Avánzase en falar cunha soa voz sobre os asuntos exteriores. Cooperación máis estreita en materia de defensa.
- No orzamento da UE. Modemízase parcialmente, para reflectir o programa de reformas acordado na EU-27.
- Na capacidade de obtención de resultados. O programa de acción positivo arroxa resultados concretos. O proceso decisorio segue sendo difícil de entender. A capacidade de obter resultados non sempre se corresponde coas expectativas.

Importancia das principais moedas mundiais



Fonte: Libro Branco sobre o Futuro de Europa

Escenario 2: só o mercado único. A Unión Europea vólvese a centrar gradualmente no mercado único.

É un escenario en que a UE-27 non logra poñerse de acordo en facer máis en moitos ámbitos políticos, **vaise centrando na profundización de determinados aspectos clave do mercado único**. Non hai vontade común de colaborar máis estreitamente en ámbitos como a migración, a seguridade ou a defensa. A cooperación en novas cuestións de interese común xestiónase a miúdo de forma bilateral.

Iso implica que existe perigo de integridade no Euro, que haxa desacordos internos sobre o enfoque do comercio internacional, a migración e outros acordos de política exterior, que non se garante plenamente a libre circulación de capitais e mercadorías e que se reduce a normativa comunitaria.

Os efectos deste Escenario 2 nas políticas europeas son as seguintes:

- No mercado único e comercio. Refórzase o mercado único de bens e capitais. As normas seguen diferindo. Non se garante plenamente a libre circulación de persoas e servizos.
- Na Unión Económica e Monetaria. A cooperación na zona do euro é limitada.
- En Schengen, migración e seguridade. Non hai unha política única en materia de migración ou asilo. A profundización da coordinación en materia de seguridade abórdase bilateralmente. Os controis nas fronteiras interiores son máis sistemáticos.
- En política exterior e defensa. Algunhas cuestións de política exterior abórdanse cada vez máis de forma bilateral. A cooperación en defensa mantense como na actualidade.
- No orzamento da UE. Reorientase para financiar funcións esenciais necesarias para o mercado único.
- Na capacidade de obtención de resultados. O proceso decisorio é posiblemente máis fácil de entender, pero a capacidade de actuar colectivamente é limitada. As cuestións de interese común a miúdo deben resolverse de forma bilateral.

Escenario 3: Os que desexan facer máis, fan máis. A UE permite aos Estados membros que o desexen unha maior colaboración en ámbitos específicos.

É un escenario onde **se poderían formar grupos de Estados membros que se poñen de acordo sobre disposicións legais e orzamentarias específicas para intensificar a súa cooperación** en determinados ámbitos. Mantense a situación dos demais Estados membros, que conservan a posibilidade de unirse máis tarde a aqueles que reforzaron a súa colaboración.


Iso implicaría un reforzo da cooperación industrial en tecnoloxías, produtos e servizos de vangarda, unha cooperación máis estreita en asuntos de defensa, policía e intelixencia e un aumento da colaboración en asuntos fiscais e sociais.

Os efectos deste Escenario 3 nas políticas europeas son as seguintes:

- No mercado único e comercio. Como no Escenario 1, refórzase o mercado único e a EU-27 busca acordos comerciais progresivos.

- Na Unión Económica e Monetaria. Como no Escenario I, excepto para un grupo de países que intensifica a súa cooperación en ámbitos como a fiscalidade e as normas sociais.
- En Schengen, migración e seguridade. Como no Escenario I, excepto para un grupo de países que intensifica a súa cooperación en ámbitos como a seguridade e a xustiza.
- En política exterior e defensa. Como no Escenario I, excepto para un grupo de países que intensifica a súa cooperación en materia de defensa, centrándose na coordinación militar e equipamentos comúns.
- No orzamento da UE. Como no Escenario I, algúns Estados membros facilitan recursos orzamentarios suplementarios para os ámbitos específicos en que deciden facer máis.
- Na capacidade de obtención de resultados. Como no Escenario I, unha axenda positiva de acción da EU-27 arroxa resultados. Algúns grupos conseguen máis de forma conxunta en determinados ámbitos. A toma de decisións vólvese máis complexa.

Gasto en defensa en millóns de dólares (2012 e previsión 2045)



Fonte: Libro Branco sobre o Futuro de Europa

Escenario 4: facer menos pero de forma máis eficiente. A UE céntrase en aumentar e acelerar os logros en determinados ámbitos, intervindo menos nos demais.

É un escenario en que a **UE está máis centrada e é capaz de actuar con maior rapidez e de forma máis decisiva nos ámbitos prioritarios que elixiu.**


Iso implica unha maior cooperación entre as autoridades policiais e xudiciais, que se ve facilitada por unha única Axencia Europea de Loita contra o Terrorismo, unha intensificación do traballo en ámbitos como a innovación, o comercio, a seguridade, a migración, a

xestión das fronteiras e a defensa, e unha acción centrada na excelencia en I+D e en novos proxectos de apoio á descarbonización e a dixitalización a escala da UE.

Os efectos deste Escenario 4 nas políticas europeas son as seguintes:

- No mercado único e comercio. Fíxanse normas comúns mínimas, pero refórzase a execución nos ámbitos regulados na UE. O comercio abórdase exclusivamente na UE.
- Na Unión económica e monetaria. Tómanse diversas medidas para consolidar a zona do euro e garantir a súa estabilidade. A EU-27 actúa menos nalgúns partes das políticas sociais e de emprego.
- En Schengen, migración e seguridade. Cooperación sistemática na xestión de fronteiras, as políticas de asilo e a loita contra o terrorismo.
- En política exterior e defensa. A UE fala cunha soa voz sobre todas as cuestións de política exterior. Créase unha Unión Europea de Defensa.
- No orzamento da UE. Redeseñar significativamente para acomodar as novas prioridades acordadas na EU-27.
- Na capacidade de obtención de resultados. O acordo inicial sobre tarefas onde priorizar ou abandonar constitúe un reto. Unha vez conseguido, o proceso decisorio pode ser máis fácil de entender. A UE actúa con maior rapidez e determinación nos ámbitos en que ten un papel máis importante.

Axuda humanitaria UE ao desenvolvemento.



Fonte: Libro Branco sobre o Futuro de Europa

Escenario 5: facer moito máis conxuntamente. A UE decide facer moito máis conxuntamente en todos os ámbitos políticos.

É un escenario onde **a cooperación entre todos os Estados membros vai máis lonxe que nunca en todos os ámbitos**. A zona euro consolídase. As decisións tómanse rapidamente a escala europea e acélrase a súa execución.

Iso implica unha coordinación maior en materia fiscal, social e tributaria, así como unha supervisión europea dos servizos financeiros. Dáse prioridade á defensa e a seguri-

dade. Séguese liderando a loita mundial contra o cambio climático. Refórzase a migración, a axuda humanitaria e a de desenvolvemento do mundo.

Os efectos deste Escenario 5 nas políticas europeas son as seguintes:

- No mercado único e comercio. Refórzase o mercado único mediante a harmonización das normas e unha execución máis estrita. As relacións comerciais xestionanse na UE exclusivamente.
- Na Unión Económica e Monetaria. Conséguese a unión económica, financeira e orzamentaria como se prevía no Informe dos cinco presidentes, de xuño de 2015.
- En Schengen, migración e seguridade. Como no Escenario 4, a cooperación en materia de xestión de fronteiras, asilo e loita contra o terrorismo é sistemática.
- En política exterior e defensa. Como no Escenario 4, a UE fala cunha soa voz sobre todas as cuestións de política exterior. Créase unha Unión Europea de Defensa.
- No orzamento da UE. Modernízase e aumenta significativamente, apoiado por recursos propios. Existe unha función de estabilización orzamentaria para a zona do euro.
- Na capacidade de obtención de resultados. O proceso decisorio é máis rápido e a execución máis firme en xeral. Exponse cuestións de responsabilización para algúns que consideran que a UE absorbeu demasiado poder dos Estados membros.

II.1.2. Documento de reflexión sobre a dimensión social de Europa.

Este documento de reflexión, que foi publicado pola Comisión Europea o 26 de abril de 2017, **trata de debater como adaptar o modelo social aos retos actuais e futuros da sociedade europea, tendo en conta as leccións aprendidas**. Para iso, debemos adoptar unha perspectiva a máis longo prazo e facer fronte ás transformacións máis profundas na nosa economía e sociedade.


As realidades sociais de hoxe en Europa defiren considerablemente dependendo de onde vivamos e traballemos, manifestándose **nos seguintes asuntos**:

- **Mentres** Europa recupérase da crise global financeira e económica que comezou en 2008, as diverxencias entre países e rexións persisten. Grazas ao apoio dos fondos europeos, a converxencia entre nacións e rexións de Europa evolucionou positivamente tanto no aspecto económico como no social, aínda que hoxe en día a converxencia des-acelerouse considerablemente, e nalgúns casos parouse por completo.

Os indicadores económicos sobre **o nivel de vida** poñen de manifesto diferenzas entre os países europeos. Actualmente, a economía volveu á senda do crecemento e **as taxas de desemprego** están a reducirse en todos os Estados membros, debido, en parte ao apoio brindado aos mozos a través da Garantía Xuvenil.

- As taxas de emprego difiren duns países a outros. No 4º trimestre de 2016, a taxa de emprego na UE recuperouse e alcanzou o 71%, o que supón traballo para 201 millóns de persoas, das que 154 millóns son da zona do euro. O emprego de nova creación está relacionado principalmente co sector servizos. Aumenta o número de mulleres no mercado de traballo, aínda que persisten brechas importantes en canto ao xénero.


Taxas de emprego en Europa. Ano 2016



Fonte: Eurostat

- Os sistemas de protección social difiren entre os países de Europa. En 2015, o gasto público en materia de protección social na UE representaba ao redor do 40 % do gasto público total, case unha quinta parte do PIB.
- Entre os parámetros principais que inflúen nas diferenzas dos sistemas de benestar pódense citar a contía do orzamento dispoñible e a forma en que é asignado, a fonte de financiamento, o grao de cobertura dos riscos para a poboación e o papel dos interlocutores sociais. Na próspera sociedade europea, o risco de pobreza segue sendo importante. Estímase que case unha cuarta parte da poboación da EU-27 está en risco de pobreza ou exclusión social.
- **A educación e as competencias** son factores que influirán cada vez máis no futuro das nosas sociedades e economías. Resulta preocupante que en toda Europa ao redor dun cuarto da poboación adulta teña problemas para ler e escribir ou unha escasa capacidade de cálculo, e que case a metade careza de competencias dixitais suficientes.

Porcentaxe de persoas de 15 anos con baixo ou alto rendemento



Fonte: OECD, Program for International Student Assessment (PISA), 2015

Os factores impulsores do cambio de aquí ata 2025. O tecido social de Europa cambiou substancialmente ao longo da última década, e unha serie de factores a nivel mundial están a incidir profundamente na forma en que vivimos e traballamos. Estas tendencias son en gran medida irreversibles e é probable que nos próximos anos acelérense nos vinte e sete Estados membros. Exporán numerosos retos comúns, pero tamén crearán novas oportunidades.

- A poboación europea está a cambiar rapidamente. A combinación dunha crecente esperanza de vida e unhas taxas de fertilidade á baixa tradúcese nun forte envellecemento da nosa sociedade. De aquí a 2050, case un terzo dos europeos terán 65 anos

ou máis, mentres que hoxe só representan menos dunha quinta parte. O envellecemento crea novas necesidades que é preciso satisfacer, por exemplo os novos custos sanitarios e o impacto das pensións. **Estes factores incidirán na sustentabilidade financeira** dos nosos sistemas de protección social, o que, á súa vez, terá repercusións na situación orzamentaria dos países.

Idade media por rexión do mundo. A poboación da UE será a máis vella do mundo de aquí a 2030



Fonte: Documento de Reflexión sobre a Dimensión Social de Europa

- A aparición de novos estilos de vida e de novas dinámicas territoriais, hábitos de consumo e condicións de vivenda.

Os nosos estilos de vida cambiantes van acompañados de separacións conxugais, **diferentes tipos de relacións** e un enfraquecemento dos vínculos da familia ampliada. Iso entraña riscos crecentes de illamento social e unha menor estabilidade. En 2015, os fogares unipersoais representaban un terzo do conxunto dos fogares da UE e só un terzo dos fogares estaba composto de máis de dúas persoas.

A igualdade de xénero dista moito de ser unha realidade, aínda que se segue avanzando neste sentido.

Os grandes fluxos de persoas chegadas recentemente á UE, nun marco temporal relativamente breve, provocaron tensións en certas partes de Europa.

A sociedade europea **é cada vez máis integradora** grazas á facilidade coa que as persoas poden viaxar, estudar, xubilarse e facer negocios entre elas, como consecuencia da pertenza a un mercado único sen fronteiras.

Máis do 70% dos europeos vive en cidades. Aquí xorde outro reto crave, que será facer o medio urbano máis inclusivo e accesible a fin de satisfacer as necesidades

dunha poboación diversa, que inclúe a pais que traballan, persoas con discapacidade e persoas de idade avanzada.

A sociedade faise máis complexa debido **á transformación de vínculos tradicionais como a familia, o grupo social e a relixión. Paralelamente, xorden novas formas de solidariedade**, de compromiso social e de participación cidadá, en particular a través de actividades culturais e recreativas e o uso das novas tecnoloxías.

- A vida laboral está a transformarse radicalmente polo efecto combinado do progreso tecnolóxico, da globalización e da expansión do sector dos servizos.

No transcurso dunha ou dúas xeracións, o traballador europeo medio poderá pasar de ter o mesmo emprego ao longo de toda a súa vida a ter ata dez ao longo da súa carreira profesional. Será máis fácil e máis habitual ter un traballo móbil ou teletraballar. **Aparecerán novas formas de contratos**, maior mobilidade xeográfica e máis cambios de posto e de estatuto profesional.

Modernizaranse os sistemas educativos e as competencias para facer fronte ao ritmo da dixitalización e da evolución económica.

- A existencia de novos riscos sociais, tales como a calidade do emprego futuro, as remuneracións, a seguridade e as condicións do traballo, as redes de asistencia social, as prestacións, a planificación da xubilación, o coidado dos nenos, a asistencia sanitaria, a tensión, a depresión, a obesidade, a dependencia das tecnoloxías, o illamento social, a delincuencia, ou a inseguridade, fan que **estean en xogo a capacidade das autoridades, as empresas e os particulares para responder e adaptarse** ás novas circunstancias.

Isto **esixirá unha maior formación continua** aos europeos para resolver os problemas de desfasamento entre a oferta e a demanda de cualificacións.

- O papel de Europa no ámbito social dependerá das decisións a nivel máis amplo que adopte a UE-27 no seu conxunto.

Non existe un enfoque único para toda Europa, pero si que hai retos comúns e unha necesidade común de actuar. **Nunha época de cambios rápidos e constantes, debe prestarse especial atención ao empoderamento dos individuos** e á construción de estruturas sociais máis resilientes, capaces de adaptarse con éxito ao longo do tempo.

Os países de Europa poden aprender uns doutros. Desde as probas sobre a renda básica universal en Finlandia á implantación dunha renda mínima garantida en Grecia, hai unha tendencia crecente a probar novos modelos para axustarse ás novas realidades.


A UE non parte de cero. O Tratado de Roma xa incluía principios fundamentais tales como a igualdade salarial entre homes e mulleres e o dereito dos traballadores para desprazarse libremente a outro Estado membro. A orientación que fai a Unión aos países incumbe a ámbitos diferentes, como a educación ou a asistencia sanitaria, pasando pola política de mocidade, a igualdade de xénero, a loita contra a discriminación, o deporte ou a coordinación das políticas económicas e orzamentarias no marco do Semestre Europeo.

As opcións para o futuro poderían ser 3:

- Limitar a dimensión social á libre circulación.
- Os que desexan facer máis no ámbito social fan máis.
- A UE-27 podería profundar na dimensión social conxuntamente.

A opción que se elixa terá implicacións máis aló do ámbito social, por exemplo na competitividade de Europa, na súa capacidade para canalizar e moldear a globalización, na estabilidade da unión económica e monetaria, na cohesión dentro da Unión e na solidariedade entre os seus cidadáns.

UE. Brechas de xénero en todos os ámbitos (2016)




Fonte: Comisión Europea

- Avanzar no debate.

Na súa diversidade, os países da EU-27 teñen a posibilidade de responder os retos comúns de maneira individual e colectiva, sabendo que a responsabilidade de prepararse de fronte o futuro está en gran medida nas súas mans.

Posibles incidencias das políticas de benestar na redución das desigualdades (En porcentaxe, 2014)



Fonte: Comisión Europea

O presente documento de reflexión **ten por obxecto sentar as bases dun debate** que debería aclarar dúas cuestións: **¿Qué retos deben afrontar conxuntamente os nosos países? ¿Qué valor engadido poden achegar os instrumentos na UE neste esforzo?**

Unha próxima data será o 17 de novembro de 2017 en Gotemburgo, onde a Comisión, xunto co Goberno sueco, **está a preparar un cume social de debate** para o emprego e o crecemento xusto.

II.1.3. Documento de Reflexión sobre o Encanamento da Globalización.

Este documento de reflexión, que foi publicado pola Comisión Europea o 10 de maio de 2017, ten por obxectivo facer unha avaliación xusta e **fundamentada do que a globalización significa para Europa e para os seus cidadáns.**

Balance da globalización e os seus efectos. O mundo enfróntase a retos de índole cada vez máis transnacional, xa se trate dos fluxos migratorios sen precedentes, as ameazas terroristas, as crises financeiras, as pandemias ou o cambio climático. Incluso os países máis grandes e máis ricos deixaron de poder facer fronte por si sos aos retos que se lles expoñen. No mundo de hoxe, a cooperación mundial reviste cada vez maior importancia.

- A globalización non é un fenómeno novo, pero está a cambiar rapidamente. A interacción mundial é un fenómeno secular, que reflicte o instinto humano de buscar novas oportunidades, descubrir novos lugares e persoas e intercambiar ideas e mercadorías. Na actualidade, estimulada polo rápido cambio tecnolóxico, **a globalización baséase cada vez en maior medida no coñecemento.** Avances tales como internet e o auxe das economías emerxentes aceleraron os intercambios mundiais e transformaron a súa natureza. O comercio representa hoxe preto da metade do PIB mundial.

A globalización, unha realidade da nosa época



Nota: Datos de 2016 ou últimos datos dispoñibles de 2015

Fonte: McKinsey Global Institute, Nacións Unidas, Organización Mundial do Turismo, OCDE e Comisión

- **É unha forza positiva que impulsa o cambio.** Un mundo máis interconectado trouxo consigo **novas oportunidades**. Agora, as persoas viaxan, traballan, aprenden e viven en distintos países. Interactúan na rede, compartindo as súas ideas, culturas e experiencias.

As empresas que operan nos mercados internacionais logran manter a súa **competitividade** porque son capaces de aprender e adaptarse con maior rapidez. **As exportacións europeas** aumentaron en paralelo ao crecemento da demanda mundial dos bens e servizos de alta calidade que proporcionamos.

As importacións tamén brindan aos consumidores europeos maiores posibilidades de elección e prezos inferiores.

O investimento estranxeiro directo é unha fonte crave de capital e de transferencia de tecnoloxía. Moitas persoas procedentes de fóra da UE integráronse con éxito nas nosas sociedades.


- **A globalización tivo efectos positivos similares** en todo o mundo. Axudou a centos de millóns de persoas a saír **da pobreza** e permitiu que os países máis pobres recuperen parcialmente o seu atraso. Desempeñou un papel importante no aumento da estabilidade, a democracia e a paz.

- **Retos que expón a globalización.** Os seus beneficios **distribúense de forma desigual** entre as distintas persoas e rexións, algunhas das cales teñen máis dificultades para adaptarse aos cambios e á competencia que outras. Algúns gobernos e empresas estranxeiros participaron en prácticas **de comercio desleal**.

As grandes empresas **poden aproveitar as lagoas existentes nas normas internacionais** e trasladar os beneficios a xurisdicións con fiscalidade reducida, en lugar de tributar alí onde producen e venden.

Reduciuse **o número de postos de traballo** para as persoas con menor nivel de cualificación, especialmente no sector da industria.

Salvo que se sigan adoptando medidas a nivel político, existe o risco de que a globalización agrave o efecto dos avances tecnolóxicos e a recente crise económica e contribúa **a ampliar aínda máis as desigualdades e a polarización social.**



Fonte: Eurostat

A globalización terá unha aparencia moi diferente para 2025. Aínda estamos na fase inicial da transformación na que a dixitalización, os robots, a intelixencia artificial, a internet das cousas e a impresión en 3D revolucionarán a nosa maneira de producir, traballar, desprazarnos e consumir.

- **Practicamente todos os sectores experimentarán cambios**, en particular o transporte, a enerxía, a industria agroalimentaria, as telecomunicacións, a distribución, os servizos financeiros, a produción industrial e a asistencia sanitaria.
- **A automatización** fai que os custos de man de obra perdan relevancia nas decisións sobre onde situar a produción. De feito, este fenómeno está contribuíndo a que parte da fabricación volva a Europa. As tarefas sinxelas e repetitivas que poidan automatizarse desaparecerán.
- As tecnoloxías dixitais e o comercio electrónico aumentarán aínda **máis as oportunidades transfronteirizas**, mesmo para as empresas máis pequenas.

- **Os retos** relacionados coa xestión da privacidade, a protección dos datos, a ciberseguridade e a prevención dos abusos de poder de mercado aumentarán.
- **A brecha** entre as rexións tecnoloxicamente máis e menos avanzadas podería ampliarse.
- A porcentaxe de **poboación itinerante** será maior.
- Grazas ás **novas tecnoloxías**, a poboación é máis consciente das oportunidades existentes en todo o mundo. Tamén facilitan que se poida traballar a distancia, mesmo noutro país ou continente. A participación na man de obra mundial vai depender menos de onde se viva que da rapidez e a calidade da conexión a internet.

Combater a tentación do illamento. No ronsel da crise económica e o rexeitamento da globalización xa fomos testemuñas dunha involución cara ao illamento, fenómeno que é grave nas rexións que se quedaron atrasadas.

- Existe unha recente retardación do crecemento do comercio mundial, debido ao rexurdir do **proteccionismo** dalgúns países que están a estudar maneiras de poñer freo ás importacións, limitar a inmigración e favorecer a produción nacional.
- A maioría dos cidadáns europeos recoñecen que **o proteccionismo non protexe**, aínda que quizá proporcione un alivio non duradeiro a curto prazo. Si péchanse as fronteiras, outros farán o mesmo e saíran perdendo todos.
- O proteccionismo traería consigo a perturbación da produción e incrementaría os custos e os prezos en detrimento dos consumidores. **As exportacións europeas perderían competitividade**, co que o emprego se vería ameazado.
- Para canalizar mellor a globalización serán necesarias normas e institucións multilaterais que permitan aos países promover conxuntamente solucións comúns. Trátase en definitiva de facer **máis gobernanza mundial**, que haberá de debater como levala a cabo.

Opinións dos europeos sobre a globalización



Fonte: Documento de Reflexión sobre o Encanamento da Globalización

Resposta de Europa no exterior.

- **Europa coopera activamente no encanamento da globalización.** A propia UE é un modelo de integración regulada e frutífera, que nos permite defender o multilateralismo e unha orde baseada en normas. O obxectivo é conciliar a apertura de mercados e avances tecnolóxicos coa proxección dos dereitos e benestar das persoas.

Como **exemplos poden citarse** a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable e os correspondentes obxectivos de desenvolvemento sustentable aprobados polas Nacións Unidas en 2015, o acordo internacional vinculante de París para combater o cambio climático, o compromiso adquirido polas Nacións Unidas en 2016 de desenvolver unha política global para xestionar os grandes fluxos de migración e refuxiados, ou o novo Acordo sobre Facilitación do Comercio da OMC.

Non só é necesario manter a actual orde mundial baseado en normas nun contexto de desafíos sen precedentes, **senón tamén seguir desenvolvéndoo.**

- **Pero son necesarios máis esforzos**, xa que o código normativo mundial **aínda presenta lagoas significativas.** Algúns ámbitos, especialmente na economía dixital, apenas están regulados. Noutros, as normas non establecen unhas condicións de competencia equitativas ou non atallan de maneira suficiente condutas desleais e daniñas, como a evasión fiscal, a corrupción, a extracción de recursos, os fluxos financeiros ilícitos, as subvencións públicas nocivas ou o dumping social.

- **As dificultades vindeiras**, en particular nun mundo multipolar, esixirán que prosigamos e reforcemos **a coordinación das políticas económicas** para garantir un


crecemento forte, sustentable, equilibrado e inclusivo. **A cooperación multilateral** cos nosos socios mundiais segue sendo o enfoque que prefiren os europeos, e debe notarse positivamente ao profundar en temas como a diplomacia económica europea, as normas laborais e sociais ou o Plan de Investimentos Exteriores.

- Para **manter a influencia europea** no contexto dos cambios demográficos, económicos e políticos, cada vez resultaranos máis necesario axuntar as nosas forzas e falar cunha soa voz. Para 2050, ningún país europeo figurará entre as oito maiores economías do planeta.

- **A UE debe actuar para restablecer unhas condicións de competencia equitativas** e actuar con determinación contra os países ou as empresas involucradas en prácticas desleais. Para iso, e por exemplo, debe mellorar a aplicación dos acordos e as normas vixentes, garantir o cumprimento estrito das propias normas da UE, aumentar o investimento na xestión dos riscos aduaneiros de Europa ou seguir tomando medidas a favor da transparencia e a xustiza social.

Os esforzos deben seguir para conseguir a creación dun **Tribunal multilateral de investimentos e un instrumento de contratación pública internacional**.

Exportacións de bens e servizos en % do PIB



Fonte: Eurostat

Resposta de Europa no interior.

- **Unhas políticas educativas e sociais sólidas son fundamentais para garantir a resiliencia e a distribución equitativa da riqueza.**

A igualdade de acceso a unha educación e formación de calidade é un medio poderoso de redistribución da riqueza dentro da sociedade, o que contribúe tamén a reforzar a cohesión social.

Débese avanzar nas **competencias dixitais sólidas**. O 90% dos postos de traballo xa requiren dispoñer polo menos de certo nivel de competencias dixitais.

- **A maneira en que os Estados membros abordan as cuestións sociais varía en gran medida.** Exemplos de boas prácticas que están a funcionar son a formación profesional dual de Alemania, o modelo de flexibilidade dos Estados membros escandinavos ou o sistema de ciberescolas de Estonia.

- **A UE debe** seguir coordinando as súas políticas económicas e sociais. **O Semestre Europeo** é un instrumento cruce para a aplicación de políticas orzamentarias e estruturais adecuadas. Exemplos que contribúen a fortalecer a educación e formación e o emprego en Europa constitúeno os Fondos EIE e o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización.

- **Necesítanse esforzos de gran calado para facer de Europa unha economía competitiva e innovadora.** Iso require unha visión de futuro orientada á modernización da nosa economía que integre a dixitalización, a innovación tecnolóxica e social, a descarbonización e a economía circular. **Elementos esenciais** son os seguintes:


- **Innovación.** As empresas que ostentan o liderado tecnolóxico son cinco veces máis produtivas que as demais, pero menos do 20 % das pemes do sector da fabricación utilizan as tecnoloxías avanzadas, polo que se deben redobrar os esforzos para acelerar a súa difusión. Un exemplo é o proxecto AERUS cofinanciado por Horizonte 2020 que propicia o aforro de materiais e enerxía.
- **Investimento.** Sobre todo para desenvolver infraestruturas esenciais no ámbito dixital, a enerxía e o transporte, cofinanciadas tamén polas empresas innovadoras. Exemplos que están a dar resultados concretos son o Plan de Investimentos para Europa e a Banque Publique d'Investissement de Francia.
- **Políticas sectoriais,** priorizando a transición da economía europea cara a un modelo máis circular, dixitalizado e hipocarbónico. Un exemplo de desenvolvemento estratéxico constitúeo a Comunicación sobre a Axenda europea para a economía colaborativa.
- **Regulación e fiscalidade.** A elaboración de políticas debe ter un marco regulatorio sinxelo e intelixente que apoie a creación de empresas, en especial Pemes, como ocorre en Dinamarca. As empresas deben tributar alí onde obteñen realmente os seus beneficios.
- **Necesítase unha estreita asociación comunitaria coas rexións máis capacitadas,** xa que os custos da globalización adoitan estar localizados. Por

tanto, os investimentos deben facerse a escala local e rexional, a fin de que todas as rexións poidan beneficiarse do mercado interior e superar mellor os retos da globalización.

Débese modernizar a PAC e prestar atención especial ás comunidades rurais que corren o risco de quedar atrasadas polo cambio demográfico.

II.1.4. Documento de Reflexión sobre a Profundización da Unión Económica e Monetaria.

Este documento de reflexión, que foi publicado pola Comisión Europea o 31 de maio de 2017, **expón as posibles formas de profundar e completar a Unión Económica e Monetaria (UEM) ata o ano 2025**. Para iso, establece os pasos concretos que poderían darse ata a celebración das eleccións ao Parlamento Europeo en 2019, así como unha **serie de opcións para os anos seguintes**.



Fonte: Comisión Europea


A nosa Unión Económica e Monetaria segue sendo insuficiente, sobre todo en tres fronteiras:

- En primeiro lugar, aínda non foi capaz de corrixir suficientemente as disparidades sociais e económicas que a crise xerou entre os membros da zona do euro e dentro de cada un destes países.
- En segundo lugar, estas forzas centrífugas veñen acompañadas por un elevado prezo político e, no caso de que non se atope unha solución respecto diso, poderían debilitar o apoio dos cidadáns ao euro e crear diferentes percepcións sobre os retos, en lugar dun consenso sobre unha visión de futuro.
- Por último, aínda que a UEM é máis forte, todavía non está plenamente blindada.

O euro é máis que unha moeda. Hoxe en día, o euro é compartido por 340 millóns de europeos de 19 Estados membros.

- Desde o seu lanzamento, o euro pasou a ser **a segunda divisa máis utilizada no mundo**. Un total de 60 países e territorios, que representan 175 millóns suplementarios de persoas, vincularon as súas moedas, directa ou indirectamente, ao euro.
- **O funcionamento e o futuro da UEM é un asunto de interese para todos os cidadáns europeos**, independentemente do Estado membro ao que pertencen e incluídos os que se adhiran á zona do euro no futuro. Tras a saída do Reino Unido da UE, as economías dos países da zona do euro supoñerán o 85 % do PIB total da UE.

O euro é a segunda moeda máis importante do mundo



Fonte: Banco Central Europeo, xuño de 2016

Historia do euro ata a data.


- A existencia do euro permite **beneficios tanxibles para os cidadáns, as empresas e os Estados membros**. O contexto xeral duns tipos de interese baixos permitiu ás familias e as empresas beneficiarse de créditos máis baratos nos últimos anos. Do mesmo xeito, os Gobernos da zona do euro aforraron anualmente 50.000 millóns euros en concepto de pago de intereses en comparación coa situación de hai algúns anos. Isto

significa máis diñeiro dispoñible para reducir a débeda pública ou aumentar os investimentos públicos ou o gasto en educación.

- As duras leccións aprendidas durante a crise. A crise mundial iniciada en 2007-2008 puxo de manifesto os puntos débiles da aínda nova moeda e golpeou á zona do euro con especial dureza, os niveis de débeda pública aumentaron considerablemente, pasando de menos do 70 % do PIB antes da crise a unha media do 92 % en 2014.

A zona do euro **experimentou unha recuperación provisional** durante o período 2010-2011, pero que resultou ser de curta duración.

A prolongada recesión económica e as diverxencias entre os Estados membros son o resultado de desequilibrios anteriores á crise e a deficiencias na forma en que a UEM responde ás grandes perturbacións. Perdéronse millóns de postos de traballo e os salarios víronse sometidos a presión ao ser utilizados como unha das ferramentas para restaurar a competitividade, reducindo aínda máis o poder adquisitivo dos fogares.



Fonte: Eurostat

- Unha resposta decidida para volver encarrilar o euro. Mentres que o Banco Central Europeo desempeñou o seu papel para mitigar os efectos da crise, as demais institucións da UE tamén adoptaron medidas importantes para reforzar a integridade da zona do euro. Por exemplo, púxose en marcha un Mecanismo Europeo de Estabilidade (MEDE) de tipo intergubernamental para apoiar aos Estados membros que se enfrontaban a dificultades financeiras e creouse un novo sistema común de resolución e supervisión bancaria.

- A UE estableceu novas medidas, como o impulso ao investimento, as reformas estruturais, a aplicación de políticas orzamentarias responsables, a potenciación do Semestre Europeo, a posta en marcha dun novo Plan de Investimentos para Europa (coñecido tamén como Plan Juncker) cunha mobilización prevista de 630.000 millóns de

euros, e o reforzamento do mercado único nos ámbitos dos mercados de capitais, da enerxía e de contidos dixitais.

- Os esforzos están a dar os seus froitos, pero aínda queda marxe para melloras adicionais.

Actualmente, **os avances son visibles en todas as fronteas**. A economía europea entrou no seu quinto ano de recuperación, que está a alcanzar a todos os Estados membros da zona do euro e espérase que continúe a un ritmo constante este ano e o próximo. O emprego aumenta ao ritmo máis rápido desde que comezou a crise, pois desde principios de 2013 creáronse máis de cinco millóns de postos de traballo na zona do euro. O paro alcanzou o seu nivel máis baixo desde 2009 (9,5 % en marzo de 2017). A taxa de emprego, superior ao 70 %, aproxímase a un récord histórico absoluto. O investimento está repuntando. O déficit acumulado da zona do euro baixou desde unha media superior ao 6 % do PIB en 2010 a un 1,4 % este ano. A débeda soberana na zona do euro tamén empezou a diminuír.

A arquitectura da zona do euro é máis sólida que nunca, pero non debe haber compracencia. Con todo, a crise non terminará mentres o desemprego siga sendo tan elevado. Con 15,4 millóns de persoas sen traballo na zona do euro debemos servirmos dos avances xa realizados para consolidar unha recuperación verdadeiramente forte e sustentable.

Razóns para completar a Unión Económica e Monetaria. A pesar das melloras significativas dos últimos anos, subsisten un pesado legado da crise e retos para a zona do euro. Anos dun crecemento baixo ou nulo crearon e acentuaron unhas importantes disparidades económicas e sociais. A crise tamén provocou a fragmentación do sector financeiro dos Estados membros da zona do euro. **Seguen existindo debilidades** na calidade das finanzas públicas e na xestión da zona do euro.


- Necesidade de facer fronte á persistencia das diverxencias económicas e sociais. A tendencia cara á converxencia dos primeiros anos da moeda única demostrou ser parcialmente ilusoria.

A crise dos anos 2007-2008 puxo fin á converxencia e **iniciou a tendencia diverxente**, que só agora está a comixirse lentamente.

| D.X. POLÍTICA FINANXEIRA, TESOIRO E FONDOS EUROPEOS | CONSELLERÍA DE FACENDA | 380.050 |
| S.X. DE EMPREGO | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA | 14.660.609 |
| D.X. DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA | 3.600.000 |
| SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U | 2.432.605 |
| D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U | 16.900.661 |
| D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL | 1.430.894 |
| D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL | 7.682.638 |
| D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL | 2.240.252 |
| ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA | ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA | 513.028 |
| INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA | INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA | 1.692.664 |
| Orzamento | | 59.000.590 |

Fonte: elaboración propia

Destaca a Axuda comunitaria que será xestionada pola DX de Centros e Recursos Humanos (16,9 millóns de euros) e a SX de Emprego (14,7 millóns de euros), que respectivamente representan o 28,6% e o 24,8% de total da Axuda FSE.

Co 13% da Axuda total figura a DX de Inclusión Social, que xestionará 7,7 millóns de euros. A continuación, co 11,9% do total da Axuda, a SX de Igualdade xestionara 7 millóns de euros no 2018.

O outros xestores son a DX de Orientación e Promoción Laboral (3,6 millóns de euros), a SX de Universidades (2,4 millóns de euros), a DX de Maiores e Persoas con Discapacidade (2,2 millóns de euros), o Instituto Galego de Promoción Económica (1,7 millóns de euros), a DX Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (1,4 millóns de euros), a Academia Galega de Seguridade Pública (0,5 millóns de euros), a SXT e do Patrimonio (0,4 millóns de euros) e a DX Política Financeira, Tesouro e Fondos (0,38 millóns de euros), que representan respectivamente o 6,1%, 4,1%, 3,8%, 2,9%, 2,4%, 0,9%, 0,7% e 0,6% do total da Axuda FSE orzamentada.

A anualidade orzamentada do **PO Emprego Xuvenil 2014-2020** correspondente a

Distribución da Axuda do PO Emprego Xuvenil Galicia 2014-2020 por órgano xestor e consellerías no orzamento 2018 (euros)

| Centro Xestor | Órgano/Consellería | Euros |
|---|--|------------------|
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO | CONSELLERÍA DE FACENDA | 71.780 |
| D.X. POLÍTICA FINANXEIRA, TESOIRO E FONDOS EUROPEOS | CONSELLERÍA DE FACENDA | 123.674 |
| S.X. DE EMPREGO | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA | 2.010.102 |
| D.X. DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA | 4.573.274 |
| D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL | 2.010.102 |
| Orzamento | | 8.788.932 |

Fonte: elaboración propia

Comunidade Autónoma de Galicia no 2018, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 8.778.932 euros. Este PO está cofinanciado polo FSE e pola Iniciativa de Emprego Xuvenil.

O número de centros que xestionarán o PO Emprego Xuvenil orzamentado para o ano 2018 elévase a 5.

Destaca na Consellería de Economía, Emprego e Industria a Axuda comunitaria que será xestionada pola DX de Orientación e Promoción Laboral (4,6 millóns de euros), que supón o 52% do total. A continuación figura a SX de Emprego (2 millóns de euros) e a DX de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social (2 millóns de euros), que representan cada un delas o 22,9% da Axuda do Programa. O 2,2% restante será xestionado pola Consellería de Facenda.

A anualidade orzamentada do **PO CTE Transfronteirizo España Portugal (POCTEP) 2014-2020** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, ascende en termos de Axuda comunitaria, a 2.257.312 euros.

O número de centros directivos que xestionarán o **POCTEP 2014-2020** orzamentado para o ano 2018 elévase a 14.

Distribución da axuda do POCTEP 2014-2020 por centros xestores e consellerías no orzamento 2018 (euros)

| Centro Xestor | Órgano/Consellería | Euros |
|---|---|------------------|
| D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL | VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA | 135.000 |
| D.X DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO | 130.161 |
| D.X DE PATRIMONIO NATURAL | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO | 494.470 |
| S.X. DE EMPREGO | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA | 113.138 |
| D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL | 193.098 |
| D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL | 180.055 |
| D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO | CONSELLERÍA DO MAR | 38.213 |
| AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA | AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA | 305.606 |
| AXENCIA GALEGA DE INNOVACION | AXENCIA GALEGA DE INNOVACION | 126.313 |
| AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA | AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA | 34.485 |
| AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE | AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE | 301.333 |
| INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA | INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA | 105.080 |
| INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA | INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA | 61.585 |
| INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA | INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO | 38.775 |
| Orzamento | | 2.257.312 |

Fonte: elaboración propia

Destaca a Axuda Comunitaria xestionada pola DX de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (0,49 millóns de euros), a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (0,305 millóns de euros), e a Axencia Galega

para a Xestión do Coñecemento en Saúde (0,301 millóns de euros), que supoñen respectivamente o 21,9%, 13,5% e 13,3% do total orzamentado.

A continuación sobresaen tamén a DX de Maiores e Persoas con Discapacidade (0,19 millóns de euros), DX de Xuventude, Participación e Voluntariado (0,18 millóns de euros), a DX de Administración Local (0,14 millóns de euros), a DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático (0,13 millóns de euros) e a Axencia Galega de Innovación (0,126 millóns de euros), que representan respectivamente o 8,6%, 8%, 6%, 5,8% e 5,6% do total da Axuda.

A anualidade orzamentada do **PO CTE Transnacional Espazo Atlántico 2014-2020** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, ascende en termos de Axuda comunitaria, a 309.777 euros.

Distribución da axuda CT Transnacional Espazo Atlántico 2014-2020 por centros xestores e consellerías no orzamento 2018 (euros)

| Centro Xestor | Órgano/Consellería | Euros |
|---|--|----------------|
| D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO | CONSELLERÍA DO MAR | 142.316 |
| INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA | INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO | 167.461 |
| Orzamento | | 309.777 |

Fonte: elaboración propia

Os centros xestores que xestionarán o Espazo Atlántico son o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (54%) e a DX de Desenvolvemento Pesqueiro (46%).

A anualidade orzamentada do **PO CTE Transnacional Espazo Sudoeste 2014-2020** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, ascende en termos de Axuda comunitaria, a 98.839 euros.

Distribución da Axuda do PO CTE Transnacional Espazo Sudoeste 2014-2020 por órgano xestor e consellerías no orzamento 2018 (euros)

| Centro Xestor | Órgano/Consellería | Euros |
|--|--|---------------|
| INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA | INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA | 98.839 |
| Orzamento | | 98.839 |

Fonte: elaboración propia

O centro directivo que xestionará o Espazo Sudoeste 2014-2020 orzamentado para o ano 2018 é o Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

A anualidade orzamentada do **PO CTE Interrexional INTERREG Europa 2014-2020** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, ascende en termos de Axuda comunitaria, a 244.215 euros.

Distribución da Axuda do PO CTE Interrexional Galicia 2014-2020 por órgano xestor e consellerías no orzamento 2018 (euros)

| Centro Xestor | Órgano/Consellería | Euros |
|---|---|----------------|
| AXENCIA GALEGA DE INNOVACION | AXENCIA GALEGA DE INNOVACION | 133.731 |
| AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE | AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE | 110.484 |
| Orzamento | | 244.215 |

Fonte: elaboración propia

Os centros directivos que xestionarán o INTERREG Europa 2014-2020 orzamentado para o ano 2018 é a Axencia Galega de Innovación (55%) e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento da Saúde (45%).



OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

III. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (en adiante PEG) para o ano 2018 ascende a **9.501,8 millóns de euros**, importe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911A).

A distribución por eixes, manifesta unha vez máis, que son os gastos destinados á **Benestar das persoas e as familias e á Cohesión social**, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, xunto á mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación e o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes. Así mesmo recolle a promoción da igualdade de oportunidades dos homes e mulleres galegas, ofrecendo ás persoas que se atopan con especiais dificultades os recursos e servizos que lles garantan a súa inclusión social. Ascende este eixe a **4.820,4 millóns de euros, e representa o 50,7% do total do PEG**.

En segundo lugar está a aposta pola **empregabilidade e o crecemento intelixente**, o eixe I, cun orzamento total de **3.047,8 millóns de euros, o 32,1% sobre o total**. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitan integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento. Ademais destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, o apoio á artesanía, a regulación sectorial e a protección da competencia. Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas e dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda, son tamén prioridades de actuación neste eixo.

Atopa así mesmo reflexo neste eixe, os gastos dirixidos ao mercado de traballo, coa finalidade de aumentar a empregabilidade e produtividade dos traballadores galegos a través da formación e innovación constante. Por outro lado, minimizar o fracaso escolar e aliñarse en resultados coas rexións líderes de Europa en tódolos niveis e impulsar o SUG cara á excelencia, son os principais retos aos que ten que facer fronte o sistema educativo, prioridade de actuación (PA) que representa o 68,7% do eixe.

O eixe 3 destinado a impulsar un **crecemento sustentable, ao territorio e á agricultura, montes e mar, presenta un orzamento de 973,7 millóns de euros, o 10,2% do total**, céntrase fundamentalmente en fomentar un sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.

Tamén neste eixe se inclúen os gastos dirixidos a fomentar unha economía baixa en carbono e unha enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe.

A potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados e a conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e a cohesión territorial son prioridades de actuación dentro do eixe.

Por último, establécese o reto de pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

○ eixe 4 presenta un importe de **500,6 millóns de euros, o 5,3% do total. Inclúe a consolidación dun modelo de crecemento vinculado á economía dixital, a través da mellora no uso e na calidade das TICs e no acceso ás mesmas.**

Inclúese tamén neste eixe o orzamento para apoiar á industria cultural e de medios, como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información, así como para a conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia e o impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.


○ eixe 5, alcanza os **159,4 millóns de euros e o 1,7% do orzamento.** Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha **administración moderna, eficiente e de calidade, baseada nunha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público e unha administración transparente, eficiente e orientada a resultados.**

Cadro 1. Distribución por eixes do PEG 2015-2020 no orzamento 2018

| Eixes | Importe | % total |
|--|----------------------|--------------|
| E1. Empregabilidade e crecemento intelixente | 3.047.833.505 | 32,1 |
| E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social | 4.820.366.504 | 50,7 |
| E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes | 973.663.061 | 10,2 |
| E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno | 500.598.491 | 5,3 |
| E5. Administración moderna, eficiente e de calidade | 159.368.116 | 1,7 |
| Total | 9.501.829.677 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 1. Distribución por eixes do PEG 2015-2020 no orzamento 2018



Fonte: Consellería de Facenda

A táboa seguinte mostra o orzamento 2018 por fonte de financiamento:

Cadro 2. Distribución do orzamento 2018 por fonte de financiamento

| Fontes de financiamento | Importe | % |
|-----------------------------|----------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 8.485.896.369 | 89,3 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 422.606.687 | 4,4 |
| FEDER | 212.380.436 | 2,2 |
| F.E.A.D.E.R | 193.936.053 | 2,0 |
| F.S.E. | 67.789.522 | 0,7 |
| F.E.P. | 65.375.963 | 0,7 |
| F.C.I. | 42.505.200 | 0,4 |
| F.E.A.G.A | 6.412.899 | 0,1 |
| INTERREG | 2.910.143 | 0,0 |
| TRANSFERENCIAS FINALISTAS | 1.289.279 | 0,0 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 727.126 | 0,0 |
| Total | 9.501.829.677 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Nesta memoria os **indicadores de produtividade** que se presentan e analizan son os **indicadores clave**, que son os **máis relevantes de entre todos os indicadores** de produtividade por Obxectivo Estratégico. A selección realizouse no proceso de seguimento do PEG 15-20 coa participación dos responsables de indicadores das Consellerías, elaborouse unha ficha por cada un deles que contén a definición e os prin-

cipais elementos de cada indicador que se pode consultar en <http://www.planestratexico.gal/seguimento>. Estes indicadores reflicten de xeito directo a contribución das actuacións e proxectos de gasto a cada obxectivo estratéxico, de acordo coa lóxica da intervención.

Nesta memoria inclúense tamén os indicadores de produtividade relativos á actividade de Augas de Galicia e da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU).

III.1. EIXE 1: EMPREGABILIDADE E CRECEMENTO INTELIXENTE

Este eixe recolle un modelo integral de desenvolvemento que ten como fin principal que no 2020 se superen os postos de traballo destruídos pola crise. Esta situación acadaríase en base a unha modernización integral do sistema produtivo baseada na innovación e no coñecemento sen descoidar os sectores produtivos tradicionais.

As rexións europeas están obrigadas a competir en base á tecnoloxía, deseño e innovación de xeito continuado se non queren ver deslocalizada a súa produción a países de baixos prezos.

Para iso, debe implantarse a cultura da innovación en todos os eidos socioeconómicos de Galicia, de xeito que, a través dun proceso que non será inmediato, se normalice o proceso innovador como un máis dentro da cadea de produción, o que suporá unha auténtica revolución no plantexamento dos sistemas produtivos e de xestión e venda, pero tamén unha importante fonte de xeración de nichos de emprego agora inexistentes.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2018 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 3. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe I

| E1. Empregabilidade e crecemento intelixente | Importe | % total | % eixe |
|---|----------------------|----------------|---------------|
| PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento | 158.260.030 | 1,7 | 5,2 |
| PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia | 223.973.441 | 2,4 | 7,3 |
| PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante | 245.864.606 | 2,6 | 8,1 |
| PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda | 325.033.646 | 3,4 | 10,7 |
| PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia | 2.094.701.782 | 22,1 | 68,7 |
| Total | 3.047.833.505 | 32,1 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 2. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe I



Fonte: Consellería de Facenda

A táboa seguinte mostra o orzamento do eixe por fonte de financiamento.

Cadro 4. Distribución do orzamento 2018 do eixe I por fonte de financiamento

| E1. Empregabilidade e crecemento intelixente | Importe | % |
|--|----------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 2.692.402.164 | 88,3 |
| F.C.I. | 24.000.000 | 0,8 |
| FEDER | 99.129.623 | 3,3 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 156.708.611 | 5,1 |
| F.E.A.D.E.R | 27.888.481 | 0,9 |
| F.E.P. | 345.000 | 0,0 |
| INTERREG | 990.550 | 0,0 |
| F.S.E. | 45.869.915 | 1,5 |
| TRANSFERENCIAS FINALISTAS | 277.235 | 0,0 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 221.926 | 0,0 |
| Total | 3.047.833.505 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda


Nos seguintes parágrafos analízase brevemente a situación actual de Galicia no que corresponde a este eixe.

III.1.1. Impulso da consolidación das políticas de gastos vinculadas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.

Segundo o Cadro de Indicadores da Innovación Rexional 2018, que clasifica ás rexións europeas en catro grupos atendendo ao seu nivel de desempeño en relación á I+D+i (líderes innovadores, fortes innovadores, innovadores moderados e modestos innovadores), Galicia ocupa unha posición de innovador moderado en 2018, a mesma que en todas as edicións deste estudos desde 2008. A pesar de manterse no mesmo grupo, produciuse unha mellora no índice ao incrementarse 3,7 puntos porcentuais con respecto a 2016. Melloran algúns aspectos como é o caso da aprendizaxe permanente, o gasto en I+D do sector público, as exportacións de produtos de media e alta tecnoloxía ou a poboación con estudos terciarios. Obsérvase unha lixeira caída en aspectos como as PEMES con produtos/procesos innovadores ou as PEMES que innovan internamente.

O seguinte mapa compara a situación por rexións europeas en 2017.


Mapa 1. Índice de innovación rexional 2017



Fonte: Regional Innovation Scoreboard 2017

A nivel de investimento económico, o gasto interno en Investigación e Desenvolvemento (I+D) en Galicia foi de 496,6 millóns de € no ano 2015, o que representa o 3,8% do gasto en España. Este dato supón unha mellora do 4,0% respecto ao ano anterior, superando o crecemento do 2,7% producido en España.


Mapa 2. Percentaxe de gasto en I+D respecto ao PIB a prezos de mercado (esforzo en I+D). Ano 2014



Fonte: Eurostat

En canto á situación rexional, persisten importantes disparidades en materia de esforzo e investimento en I+D+i. As Comunidades Autónomas que realizaron en 2015 un maior esforzo en actividades de I+D, superiores á media nacional (1,22% do PIB), foron País Vasco (1,93% do seu PIB); Madrid (1,71%); Navarra (1,64%); e Cataluña (1,52%). En Galicia a intensidade de gasto supuxo un 0,89% do seu PIB.


Mapa 3. Porcentaxe de gasto en I+D respecto ao PIB a prezos de mercado (esforzo en I+D). Ano 2015



Fonte: INE. Estatística sobre as actividades en I+D, Contabilidade Rexional e Nacional de España

Por sectores de execución, no ano 2015, o sector empresas ten a maior porcentaxe sobre o gasto total en I+D, cun 45,0% (52,7% España). O sector do ensino superior representa o 39,5% do gasto total (28,1% España) e o sector da Administración Pública o 15,5% (19,1% España). Obsérvase unha distinta distribución do gasto entre Galicia e España, cun maior peso do investimento empresarial en I+D en España mentres que en Galicia é maior a porcentaxe de investimento en I+D no ensino superior. Na Unión Europea, o investimento en I+D no sector empresarial alcanza o 64,8% do gasto total en I+D, mentres que o sector do ensino superior só achega o 23,2% do gasto total en I+D e o sector da Administración Pública o 12,0%.


Gráfico 3. Distribución do gasto interno total en I+D por sectores de execución. Ano 2015



Fonte: INE. Estatística sobre as actividades en I+D. Eurostat. Statistics on research and development. IPSFL: Institucións privadas sen fins de lucro

En canto aos recursos humanos vinculados á I+D en Galicia, no ano 2015 en Galicia un total de 9.038 persoas dedicáronse a actividades de I+D, en equivalencia a xornada completa (EJC), o 41,9% foron mulleres. Por sectores, a maior participación feminina dáse no sector Administración Pública, cun 60,2% seguido polo Ensino Superior cun 46,8% e por último o sector empresarial cun 28,7% de participación feminina. O persoal total en I+D representa o 0,89% sobre a poboación ocupada, unha porcentaxe inferior á media española (1,12%) e europea (1,32%).

Gráfico 4. Porcentaxe de recursos humanos dedicados a I+D sobre total de ocupados



Fonte: INE. Estatística sobre as actividades en I+D. Eurostat. Statistics on research and development. INE-IGE EPA

Nota: En Galicia nos anos 2011 e 2012 o sector IPSFL está incluído na Administración Pública

En canto á innovación empresarial, no período 2013-2015, o 26,7% das empresas galegas de dez ou máis asalariados foron innovadoras (28,5% España), e o 12,6%, foron empresas con innovacións tecnolóxicas (España 12,8%). As comunidades con maior porcentaxe de empresas innovadoras foron Cataluña (33,8%), Comunidade Valencia (30,6%), País Vasco (30,4%) e Aragón (30,1%). Galicia ocupa a posición novena. As empresas innovadoras de Galicia representan o 4,9% do total de empresas innovadoras nacionais.

Resumindo todos os indicadores anteriores, podemos concluir que existe un elevado diferencial na porcentaxe do gasto en I+D sobre o PIB (0,89%) respecto da media da UE 28 (2,03%). Por sectores que realizan o gasto, o reparto está concentrado no ensino superior e no sector empresarial, tendo en conta que a porcentaxe do gasto do sector empresas é moito máis elevado no conxunto da UE 28 (case 20 puntos máis que en Galicia).

Outras variables indicadoras do investimento en I+D como os recursos humanos dedicados a esta mostran unha situación similar, neste caso a concentración no sector do ensino superior é aínda maior, un 46,7% (55,8% no caso dos investigadores), e lonxe de converxer coa media española e europea. Débese ter en conta que o gasto en I+D do ensino superior depende fortemente do simple tamaño das universidades, ao computarse nunha gran parte como unha porcentaxe estándar de tempo que os profesores deben dedicar a actividades de investigación.

No apartado da intensidade innovadora das empresas galegas e da actividade inventiva de Galicia, a situación é máis favorable dado que nos últimos anos os indicadores sitúanse na media española ou lixeiramente por debaixo. En 2015 produciuse un retroceso con respecto a 2014. Así, o gasto en innovación tecnolóxica en Galicia no 2015 foi un 1,2% inferior ao do ano anterior e sitúase no 3,4% do rexistrado a nivel nacional, o gasto en innovación das empresas galegas en porcentaxe da cifra de negocios situouse en 0,69 puntos porcentuais en 2015, dúas décimas por debaixo do dato nacional e, por último, o número de patentes solicitadas por millón de habitantes en 2016 foi de 55,3, tres puntos por debaixo das 58,3 rexistradas a nivel nacional.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e a difusión do coñecemento cara o mercado e apoio ao descubrimento emprendedor.
- Fomentar a innovación dos principais actores dos sectores subvencionando o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que melloren a súa competitividade exterior e incrementen o valor engadido dos produtos e servizos que ofrecen no mercado

- Impulsar aos grupos de investigación mediante unha definición clara das súas liñas de investigación.
- Fomentar a actividade investigadora en áreas de prioridade para Galicia co apoio á investigación singular desenvolvida nos Campus de Excelencia Internacionais e nos Centros de Investigación singular.
- Potenciar o proceso de selección, formación e atracción do persoal investigador que se poida incorporar ao sistema de I+D+i universitario.
- Dotar de infraestruturas de investigación e servizos de acceso á información e á transferencia de resultados.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos **obxectivos estratéxicos / instrumentais (OE/OI)** desta prioridade de actuación.

Cadro 5. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento | Importe | % Eixe | % PA |
|--|--------------------|---------------|--------------|
| OE.1.1.01 Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos. | 101.253.957 | 3,3 | 64,0 |
| OE.1.1.02 Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega. | 57.006.073 | 1,9 | 36,0 |
| Total | 158.260.030 | 5,2 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 5. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Dentro do obxectivo estratéxico "Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da trans-

ferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos” **os obxectivos operativos (OO) máis importantes** que se prevén desenvolver no ano 2018 son:

Fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta cun peso financeiro no OE do 29,2%.

Mobilización e atracción de capital privado para procesos de innovación galegos. O peso deste OO é do 23,1% no conxunto do Obxectivo Estratégico

Accións de apoio ao fomento da absorción de coñecemento por parte das PEMES, contribuíndo así, á mellora das súas competencias e competitividade que supón o 12,5% do OE.

Os **principais indicadores** que miden o desempeño destas actividades son:

- a) Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D que ascenderá a 31,6 millóns de euros, dos cales o 48,4% corresponden ao fomento da absorción de coñecemento por parte das PEMES, o 23,9% ao fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta e un 27,3% á mobilización e atracción de capital privado.
- b) O número de empresas que reciben axudas será de máis de 850, das cales o 61% está relacionada con accións de apoio ao fomento da absorción de coñecemento por parte das PEMES e outro 21% co fomento da I+d+i empresarial no sector agrogandeiro con novos procesos, produtos e tecnoloxías.
- c) Por último, o número de investigadores apoiados por actuacións serán de 566, dos cales un 35,5% son mulleres.

No obxectivo estratéxico “Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega” realizaranse accións de fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía, cun peso financeiro do 98,6% do Obxectivo Estratégico, eu que apoiará a máis de 600 investigadores dos que un 58,7% serán mulleres e un 2,1% menores de 25 anos.

Cadro 6. Indicadores clave de produtividade da PA.1.1

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|---|---|-------------------|
| E1:Empregabilidade e crecemento intelixente | | |
| PA01 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento | | |
| E01 Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos. | | |
| D0C001 | Número de empresas que reciben axudas | 859 Nº |
| D0C027 | Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D | 31.565.413 Euros |
| DE021H | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Homes) | 365 Persoas/ano |
| DE021M | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Mulleres) | 201 Persoas/ano |
| P0076A | Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i | 164 Nº |
| E02 Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega | | |
| DE021H | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Homes) | 260 Persoas/ano |
| DE021M | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Mulleres) | 370 Persoas/ano |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 7. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.1 por fonte de financiamento

| PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 122.460.647 | 77,4 |
| FEDER | 29.277.439 | 18,5 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 403.323 | 0,3 |
| F.E.A.D.E.R | 2.415.284 | 1,5 |
| INTERREG | 772.332 | 0,5 |
| F.S.E. | 2.432.605 | 1,5 |
| TRANSFERENCIAS FINALISTAS | 277.235 | 0,2 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 221.165 | 0,1 |
| Total | 158.260.030 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 8. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.1 por programas de gasto

| PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA | 98.635.476 | 62,3 |
| 561B - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA | 57.006.073 | 36,0 |
| 561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA | 2.618.481 | 1,7 |
| Total | 158.260.030 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 9. Xestores da PA.1.1 no orzamento 2018

PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U

SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E PRODUCCIÓN FORESTAL

CONSELLERÍA DO MAR

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

SERGAS - DIRECCIÓN XERAL

AXENCIA GALEGA DE INNOVACION

AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA

Fonte: Consellería de Facenda


III.1.2. Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Na análise do tecido empresarial de Galicia é fundamental coñecer o número de empresas coas que conta a Comunidade Autónoma, a súa distribución provincial e a súa tipoloxía. Segundo o Directorio de Empresas elaborado polo IGE, en 2015 había 245.417 empresas activas con sede social en Galicia, que representan o 5,7% do total nacional.

Predominan as empresas de tamaño reducido ou sen asalariados e máis da metade son persoas físicas. Concéntranse no sector servizos, especialmente no comercio.

Atendendo ao tamaño en función do número de asalariados que traballan en Galicia, o 96,8% son microempresas (de 0 a 9 asalariados), un 2,7% pequenas empresas (de 10 a 49 asalariados) e un 0,41% son medianas (de 50 a 249 asalariados). Soamente hai 141 grandes empresas (máis de 250 asalariados) que apenas representan o 0,06% do total. É dicir, o predominio das microempresas é moi elevado, mostrando unha notable necesidade de incrementar o tamaño para gañar en produtividade e competitividade.

Gráfico 6. Empresas segundo o seu tamaño. Galicia. Ano 2015



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais


As maiores porcentaxes de microempresas atópanse no sector servizos (63,4%), fundamentalmente no comercio (21,9%), hostalería (8,8%) e actividades profesionais (8,8%). As empresas pequenas e de tamaño medio (de 10 a 249 traballadores asalariados), teñen máis presenza na industria (22,5%), mentres que o comercio (20,1%) e a construción (8,7%) son os outros sectores que concentran a maior parte destas empresas.

De acordo a unha análise provincial, o 41,1% das empresas galegas teñen a súa sede social na Coruña, mentres que en Pontevedra están o 32,6%. En Lugo e Ourense, están establecidas o 15,3 e 11,1% das empresas, respectivamente. Deste xeito, e en consonancia

coa actividade económica, mantense o desequilibrio territorial entre as provincias occidentais e orientais.


Respecto ao ano anterior, prodúcese unha incremento no número de empresas do 0,8% (2.005 empresas) o número de PEMES incrementouse un 0,6%, o incremento do número de grandes empresas foi do 7,6% e o das microempresas do 0,8%.

Gráfico 7. Número de empresas segundo tamaño. Comparación 2014-2015.



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Gráfico 8. Demografía empresarial. Altas e baixas de empresas.



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais


Respecto da demografía de empresas considerando as altas e baixas, obsérvase como en 2015 o número de empresas creadas (26.289) supera ás desaparecidas (24.202). O 91,7% do saldo (altas – baixas) positivo concéntrase nas provincias da Coruña (30,7%) e Pontevedra (60,9%).

Con respecto á internacionalización, o número de empresas exportadoras en Galicia medra desde o ano 2009 a un ritmo medio do 4,7% anual, ata acadar en 2016 as 6.702 empresas, o crecemento en 2016 con respecto a 2015 foi do 6,0%. O importe medio das exportacións é de case 3 millóns de euros por empresa.

Do total de empresas exportadoras, un terzo son regulares, é dicir, aquelas empresas que exportaron nos últimos catros anos consecutivos. Estas empresas exportan máis do 90% do total (92,3% en 2016).

En 2016, un 41,7% das empresas interrompen a súa actividade exportadora, aínda que son empresas cun volume de exportacións reducido (183 mil euros por empresa no ano 2016). Así mesmo, case 3.200 empresas inician ou reinician a súa actividade exportadora, en media acadan os 145 mil euros por empresa e no conxunto das exportacións só representan o 2,3%.

Gráfico 9. Empresas exportadoras: número e ratio por empresa (escala da dereita)



Fonte: ICEX. Perfil da empresa exportadora española

A evolución dos intercambios comerciais de Galicia desde o ano 2000, presenta un perfil cun punto de inflexión en 2007. Así, ata ese ano, o importe das exportacións non cubre o das importacións, de forma que Galicia presenta un saldo negativo nos intercambios comerciais con outros países. Sen embargo, desde 2007 as exportacións presentan un mellor comportamento que as importacións, acadándose un saldo comercial positivo. En 2016 o valor das exportacións foi de 20.042 millóns de euros, 4.417 millóns de euros por enriba do valor dos bens importados.

En 2016, as exportacións galegas representan o 7,7% das exportacións do conxunto do Estado, superando en algo máis de 2 puntos o peso do PIB. Por outro lado, as impor-


tacións supoñen o 5,6% do total de España. As exportacións medraron en 2016 o 5,9% respecto ao ano anterior, fronte ao incremento do 3,1% das importacións.

Desde o punto de vista xeográfico e tomando coma referencia 2016, o 75,3% das exportacións van dirixidas á UE28, destacando neste ámbito Francia (19,2%), Portugal (12,7%) e en menor medida, Italia, Reino Unido e Alemaña, cun 9,2%, 7,9% e 7,0%, respectivamente. Un 5,1% das exportacións teñen coma destino América Latina, mentres que Marrocos e Estados Unidos, son destinos que representan en torno ao 3% do total das exportacións.

No que se refire ás importacións, o 59,2% proceden da UE28: Francia (28,0%), Portugal (12,3%), Italia (4,3%), Alemaña (3,7%) e Reino Unido (1,7%). Fóra da UE28, destacan as importacións procedentes de América Latina (9,5%), especialmente de México (3,1%). Por outro lado, as importacións procedentes de China representan o 4,8%, mentres que as de Estados Unidos, o 1,9% e as de Marrocos o 2,1%.

Atendendo aos principais produtos comerciados con outros países, Galicia exporta principalmente vehículos de motor, roupa de vestir e produtos da industria da alimentación e importa vehículos de motor (inclúe pezas dos mesmos), produtos de alimentación, roupa de vestir e cru de petróleo.

Gráfico 10. Estructura das exportacións por tipo de produtos. Ano 2016



Fonte: IGE: Comercio exterior

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Lograr un crecemento baseado no equilibrio e hibridación entre sectores tradicionais e de futuro.
- Incrementar: o número de empresas de dimensión media (50-100 traballadores), a fortaleza financeira das empresas, as taxas de emprendemento, a cultura innovadora, a vocación global, a proporción de cadeas de valor e os modelos de

- negocio adaptados ás necesidades da nova economía (cadeas de valor globais, automatización, interconexión, loxística intelixente, incorporación de tecnoloxías).
- Aproveitamento adecuado do solo empresarial posto a disposición, atraendo investimentos que xeren actividade económica e creación de emprego.
 - Acadar que todas as instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial estean debidamente rexistradas, que se deseñen cumprindo cos requisitos de seguridade aplicables, e que se manteñan adecuadamente.
 - Incrementar a produción mineira na nosa Comunidade a través do mellora da competitividade, da internacionalización e da diversificación de produtos.
 - Mellorar as condicións do traballo das explotacións mineiras.
 - Consolidar o sector comercial mediante a regulación, a eliminación de trabas ao emprendemento, a profesionalización, o relevo xeracional, a formación e o acceso ao financiamento.
 - Cooperar intra e inter sectorialmente (asociacionismo. Comercio e cidade. Comercio e turismo).
 - Innovar (potenciación de novas ideas de formatos, produtos ou servizos) e modernizar (mellora da imaxe e a calidade dos servizos).
 - Usar as novas tecnoloxías e potenciar a empresa comercial dixital.
 - Dinamizar o consumo.
 - Detección e sanción de condutas anticompetitivas, a promoción da competencia trata de mellorar o entorno competitivo por medio de mecanismos non coactivos, como a elaboración de informes, recomendacións e todos aqueles medios que permitan difundir na sociedade os valores da competencia.
 - Reforzo da protección e defensa dos consumidores.
 - Reforzo dos organismos reguladores da competencia.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos / instrumentais desta prioridade de actuación.

Cadro 10. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia | Importe | % Eixe | % PA |
|---|--------------------|---------------|--------------|
| OE.1.2.01 Ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas. | 23.974.352 | 0,8 | 10,7 |
| OE.1.2.02 Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais. | 15.457.581 | 0,5 | 6,9 |
| OE.1.2.03 Impulsar o crecemento e a competitividade dun sector mineiro sustentable na comunidade autónoma de Galicia. | 4.089.953 | 0,1 | 1,8 |
| OE.1.2.04 Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización. | 149.269.864 | 4,9 | 66,6 |
| OE.1.2.05 Modernizar e mellorar a competitividade do tecido comercial. | 18.241.952 | 0,6 | 8,1 |
| OI.1.2.01 Mellorar a competencia e funcionamento dos mercados, removendo obstáculos á entrada de novas empresas e garantindo a defensa dos dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarios/as. | 6.304.512 | 0,2 | 2,8 |
| OI.1.2.02 Contribuír ao fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia. | 6.635.227 | 0,2 | 3,0 |
| Total | 223.973.441 | 7,3 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 11. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación, o obxectivo estratéxico máis relevante é “ Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización”, para conseguir este obxectivo, realizaranse actuacións de profesionalización do tecido empresarial, impulso á iniciativa emprendedora, consolidación e crecemento das empresas, apoio á presenza nos mercados externos, captación de investimentos e subvencións a fondo perdido para fomentar os investimentos das empresas; sendo as actuacións de consolidación e crecemento das empresas (59,1 millóns de euros) e as subvencións a

fondo perdido para fomentar os investimentos das empresas (43,6 millóns de euros) as actividades cunha maior asignación financeira no orzamento 2018.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño destas actividades:

- a) O número de empresas que reciben axudas será de case 4.500, das cales o 42,4% recibirán subvencións e outro 42,4% recibirán axuda non financeira. O investimento privado que acompaña á axuda pública se estima en 160,4 millóns de euros.
- b) O número de participantes en accións de formación no ámbito da profesionalización do tecido empresarial e do impulso á iniciativa emprendedora roldará as 2.400.

No obxectivo estratéxico "Ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas", que supón o 10,7% do orzamento asignado a esta PA, realizaranse accións de adquisición de solo industrial sobre 120 hectáreas e realizando o proceso de urbanización de preto de 50 hectáreas.

Os restantes obxectivos estratéxicos da prioridade de actuación son: garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais, impulsar o crecemento e a competitividade dun sector mineiro sustentable na comunidade autónoma de Galicia e modernizar e mellorar a competitividade do tecido comercial.

Para a consecución destes obxectivos realizaranse actuacións que se medirán principalmente cos seguintes indicadores:

- a) No que respecta ao cumprimento das condicións de seguridade o número de instalacións inspeccionadas será de 20 e 4 serán renovadas. Mellorarase o equipamento de 42 parques empresariais e o número de efectivos será de 245.
- b) O número de accións de apoio ao sector mineiro será de 87 e as axudas ao impulso dos recursos mineiros ascenderá a 85. O investimento privado asociado estímase que supere os 2 millóns de euros.
- c) O número de axudas concedidas ao sector do comercio será de 521 cun investimento privado próximos aos 5 millóns de euros.

Cadro 11. Indicadores clave de produtividade da PA.1.2

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|---|---|-------------------|
| E1:Empregabilidade e crecemento intelixente | | |
| <i>PA02 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia</i> | | |
| E01 Ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas | | |
| P00302 | Superficie de planeamento en tramitación | 86.963 M2 |
| P00304 | Superficie de solo adquirido | 1.152.088 M2 |
| P00305 | Superficie de solo en proceso de urbanización | 485.979 M2 |
| E02 Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais | | |
| P00176 | Instalacións industriais inspeccionadas | 20 Nº |
| P00177 | Instalacións industriais renovadas | 4 Nº |
| P01000 | Parques empresariais con equipamentos mellorados | 42 Nº |
| P01004 | Número de efectivos | 245 Nº |
| E03 Impulsar o crecemento e a competitividade dun sector mineiro sustentable na comunidade autónoma de Galicia. | | |
| P00103 | Investimento privado que a compañía á axuda pública | 2.250.000 Euros |
| P0045A | Axudas ao impulso dos recursos mineiros | 85 Nº |
| P0045B | Accións de apoio ao sector mineiro | 87 Nº |
| E04 Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, | | |
| DOC001 | Número de empresas que reciben axudas | 680 Nº |
| DOC002 | Número de empresas que reciben subvencións | 1.905 Nº |
| DOC004 | Número de empresas que reciben axuda non financeira | 1.908 Nº |
| P00103 | Investimento privado que a compañía á axuda pública | 160.400.000 Euros |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 1.215 Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 1.215 Nº |
| E05 Modernizar e mellorar a competitividade do tecido comercial | | |
| P00103 | Investimento privado que a compañía á axuda pública | 4.700.000 Euros |
| P0045C | Axudas concedidas ao sector do comercio | 521 Nº |
| I01 Mellorar a competencia e funcionamento dos mercados, removendo obstáculos á entrada de novas empresas e garantindo a defensa dos dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarios/as. | | |
| P01004 | Número de efectivos | 138 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 12. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.2 por fonte de financiamento

| PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 150.886.121 | 67,4 |
| FEDER | 45.240.370 | 20,2 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 2.368.111 | 1,1 |
| F.E.A.D.E.R | 23.681.095 | 10,6 |
| INTERREG | 105.080 | 0,0 |
| F.S.E. | 1.692.664 | 0,8 |
| Total | 223.973.441 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 13. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.2 por programas de gasto

| PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| 531A - PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS | 23.974.352 | 10,7 |
| 613A - ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA | 6.304.512 | 2,8 |
| 731A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA | 6.635.227 | 3,0 |
| 732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL | 15.457.581 | 6,9 |
| 734A - FOMENTO DA MINARÍA | 4.089.953 | 1,8 |
| 741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL | 149.269.864 | 66,6 |
| 751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA | 18.241.952 | 8,1 |
| Total | 223.973.441 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 14. Xestores da PA.1.2 no orzamento 2018


| PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia |
|--|
| CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA |
| SECRETARÍA XERAL TECNICA |
| D.X. DE ENERXÍA E MINAS |
| D.X DE COMERCIO |
| CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL |
| DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS |
| INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO |
| INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO |
| AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL |

Fonte: Consellería de Facenda

III.1.3. Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores galegos a través da formación e innovación constante.

Na análise do mercado laboral, segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA), cómpre salientar que o deterioro do mercado de traballo desde o ano 2008 debido á crise económica comezou a remitir desde finais de 2014. Entre 2008 e 2014 produciuse un forte retroceso da poboación ocupada e un incremento do número de parados; esta situación non afectou por igual a toda a poboación, posto que entre a poboación xuvenil (16 a 24 anos) este fenómeno foi máis intenso. En 2015 e especialmente en 2016 obsérvase un cambio da tendencia dos anos anteriores, en 2016 a ocupación creceu un 2,3%, superando en catro décimas o crecemento do ano anterior, no primeiro semestre de 2017 o crecemento foi do 1,3%. O paro experimentou en 2016 un descenso do 11,5%, similar ao do ano anterior e moi superior ao decrecemento do 3,1% de 2014 e que contrasta cos crecementos dos anos anteriores.

Gráfico 12. Pirámide da poboación de entre 16 e 64 anos segundo a relación coa actividade económica. Anos 2013 e 2016



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. EUROSTAT.

A poboación activa galega superou en 2008 a cifra de 1.300.000 persoas, manténdose por encima da devandita cota ata 2012, a partir dese ano produciuse un retroceso da poboación activa ata os 1.256.100 activos rexistrados en 2016, o descenso da poboación activa en termos relativos supera ao descenso do conxunto da poboación, que tamén retrocede desde o ano 2012. Nestas cifras sempre houbo unha preponderancia do número de homes activos sobre o número de mulleres que se vai reducindo ano tras ano; en 2016 a cifra de homes activos supera en case un 10% a de mulleres. A poboación inactiva concéntrase maiormente nos grupos de idade dos extremos, é dicir entre os menores de

25 anos e entre os maiores de 55, ademais o peso da poboación inactiva tamén é maior entre as mulleres que entre os homes.

No ano 2016, a taxa de actividade da poboación galega entre 16 a 64 anos alcanzou o 73,2%, tres décimas superior á cifra do ano anterior e só dúas décimas por debaixo do rexistro de 2012 onde se acadou a cota máis alta deste indicador.

En canto á taxa de ocupación, a tendencia que seguiu durante os últimos anos é similar á mostrada pola economía galega, cun punto de inflexión claro desde o ano 2008 cando a crise económica empezou a afectar fortemente sobre a realidade laboral galega. En 2008 a taxa de ocupación consegue o máximo de 65,4 ocupados por cada 100 persoas entre 16 e 64 anos, valor moi próximo á taxa de ocupación da UE-28 (65,7%). É a partir deste ano cando a taxa de ocupación de Galicia sofre caídas, nalgún ano superiores aos dous puntos porcentuais, en 2016 esta taxa incrementouse un 1,8 puntos porcentuais con respecto ao ano anterior, situándose no 60,5%. Comparando coa UE-28 observamos un diferencial de 6 puntos en 2016 cando en 2008 o diferencial era de tres décimas.

En relación coa situación profesional dos ocupados, en 2016 o 78,6% dos traballadores galegos eran asalariados. O peso deste colectivo dentro dos ocupados en Galicia sitúase 4,4 puntos por baixo da media do Estado e 5,5 puntos por baixo da media da UE-28. Respecto ao emprego por conta propia, Galicia conta cunha maior porcentaxe de empresarios que España e a UE-28. Destaca que o 13,8% dos ocupados galegos sexan traballadores independentes ou empresarios sen asalariados, fronte ao 11,4% en España e ao 10,6% da UE-28.


A taxa de temporalidade permite analizar a evolución do número de asalariados con contratos ou relacións laborais temporais, entre o total da poboación asalariada, en 2016 esta taxa foi do 26,2%, oito décimas superior ao dato de ano anterior; a historia recente indica que ata o ano 2006 a taxa de temporalidade en Galicia presenta unha tendencia estable con valores en torno ao 34%, pero a partir deste ano comeza a caer ata situarse no 22,8% en 2013, incrementándose de novo nos anos seguintes ata alcanzar o 26,2% en 2016. A evolución desta taxa é moi similar en Galicia e en España, aínda que ata o ano 2006 os datos da comunidade autónoma superan aos do conxunto do Estado; en 2016 a taxa de España é unha décima inferior á galega. Para a UE-28 a taxa de temporalidade sitúase, nos últimos anos, ao redor dos 14 traballadores con contrato temporal por cada 100 asalariados.

No que respecta á duración da xornada laboral, a taxa de parcialidade indica o número de ocupados con xornada parcial sobre o total de persoas ocupadas. A taxa de parcialidade, que se incrementou nos últimos anos, rexistra en 2016 un descenso de sete décimas con respecto a 2015, situándose no 13,7%. Esta taxa é 1,5 puntos máis baixa que a de España e case 6,0 puntos inferior á da UE-28.

Entre as mulleres galegas a porcentaxe das que teñen xornada parcial é do 22,1% fronte ao 6,1% dos homes. En España a taxa de parcialidade feminina é maior (24,1%) que en Galicia, na UE-28 esta taxa supera tanto á galega como á do conxunto de España(32,6%).

Ente os motivos principais que teñen as traballadoras galegas para ter unha xornada laboral de duración parcial están: non poder atopar un traballo de xornada completa (61,3%); o coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores (13,6%); non querer un traballo de xornada completa (9,3%); outros deberes familiares ou persoais (6,6%), e outros motivos (7,7%).

Mapa 4. Taxa de paro. Ano 2016



Fonte: Eurostat

Finalmente, o desemprego, como noutras rexións españolas, aumentou notablemente nos últimos anos ata acadar unha taxa de paro do 22,0% no ano 2013, en 2016 a taxa reduciuse 4,8 puntos porcentuais con respecto a este dato e situouse no 17,2%. A taxa de paro mostra certa robustez da economía galega fronte ao resto do conxunto de comunidades dado que a taxa que ofrece a media nacional foi arredor de catro puntos porcentuais superior á galega entre 2009 e 2013; entre 2014 e 2016 a redución da taxa


foi superior a nivel nacional e o diferencial reduciuse ata situarse lixeiramente por debaixo do 2,5 puntos. Con respecto á UE 28 (taxa de paro do 8,6% en 2016) o diferencial foi de 8,6 puntos en 2016. Respecto ao desemprego de longa duración, sinalar que en 2016 en Galicia o 10,0% do total da poboación activa atópase en desemprego de longa duración fronte a un 11,2% en España e a un 4,0% na Europa dos 28.

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, os maiores incrementos na taxa de paro producíronse nas provincias do sur da comunidade, en Pontevedra, a taxa en 2016 situouse no 19,4% e en Ourense no 19,5%, 2,2 e 2,3 puntos por enriba da media galega respectivamente.

Atendendo ao nivel de formación, obsérvase como en 2016 se produce un descenso da taxa con respecto ao ano anterior nos maiores niveis de formación (superiores a primeira etapa de educación secundaria), os maiores descensos prodúcense nos parados con primeira etapa da ESO que pasan dunha taxa do 23,7% en 2015 a 20,6% en 2016. Entre os parados con educación superior, que presentan a taxa de paro máis baixa, o descenso foi de 2,1 puntos ata acadar unha taxa do 12,1% en 2016.

O desemprego xuvenil é considerado un problema xeneralizado a nivel nacional na actualidade, a Comisión Europea pretende paliar este problema coa Iniciativa Emprego Xuvenil que destina fondos para mellorar a empregabilidade e a formación deste colectivo. A taxa de paro da poboación entre 16 e 24 anos situouse en Galicia no 40,3%, cifra moi negativa pero que supón reducir 3,2 puntos o dato do ano 2015; por sexo as cifras son similares (homes, 39,4%; mulleres, 42,0%). A pesar da mellora de 2016 a taxa é moi elevada en comparación con 2008, onde era do 21,1%. Comparando coa media nacional, Galicia mostra un diferencial positivo de 4,1 puntos en 2016; a nivel europeo esta taxa situouse no 18,7% en 2016.

Gráfico 13. Evolución taxa de paro xuvenil (16 a 24 anos).



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. EUROSTAT

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Impulsar a creación de emprego estable e de calidade.
- Aumentar a capacidade de emprego das persoas desempregadas e xerar oportunidades laborais de calidade.
- Avanzar na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Promover a integración laboral de colectivos desfavorecidos: mozos, parados de longa duración ou persoas en risco e exclusión social.
- Reducir o tempo de desemprego dos parados de longa duración.
- Diminuír o número de persoas en risco de exclusión social.
- Diminuír a taxa de desemprego e favorecer tanto a contratación de persoas desempregadas por conta allea como o autoemprego individual e colectivo.
- Mellorar a formación e cualificación das persoas desempregadas co fin de facilitar o acceso ao mercado laboral.
- Mellorar a cualificación profesional para que os traballadores e empresas se adapten aos cambios continuos da economía globalizada, ofrecendo ás persoas ocupadas novos coñecementos e habilidades para o desempeño das súas funcións actuais e futuras, e se fomen naquelas competencias que lles faciliten unha re-cualificación profesional adaptada ao seu posto de traballo, para incrementar a competitividade das mesmas e, en consecuencia, as súas posibilidades de mantemento do emprego.
- Lograr un bo clima de relacións e condicións laborais, cunha igualdade entre homes e mulleres nas relacións laborais, minorar os conflitos e reducir os accidentes laborais e que as empresas galegas se xestionen con criterios de RSE.
- Fomentar o autoemprego colectivo e o emprendemento a través das fórmulas de economía social e impulsar a competitividade destas empresas e a mellora da súa xestión, impulsando a comercialización e internacionalización.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos / instrumentais desta prioridade de actuación.

Cadro 15. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante | Importe | % Eixe | % PA |
|--|--------------------|---------------|--------------|
| OE.1.3.01 Diminuír a taxa de desemprego en Galicia co fomento da empregabilidade das persoas desempregadas, a través da adquisición de experiencia profesional. | 45.067.597 | 1,5 | 18,3 |
| OE.1.3.02 Aumentar a inserción laboral e o emprendemento, especialmente para as persoas con especiais dificultades para atopar traballo. | 81.331.317 | 2,7 | 33,1 |
| OE.1.3.03 Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, mediante a adquisición dunha acreditación oficial de formación profesional, co obxecto de aumentar a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras, e aumentar as súas posibilidades. | 76.321.459 | 2,5 | 31,0 |
| OE.1.3.04 Mellorar a capacitación e cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas, mediante a adquisición de formación profesional, co obxecto de aumentar a estabilidade no emprego, e posibilitar a promoción profesional, o incremento da capacidade para aumentar as súas rendas así como a competitividade das empresas do tecido produtivo galego, prestando especial atención ao colectivo das mulleres traballadoras, así como aos colectivos de baixa cualificación. | 14.432.958 | 0,5 | 5,9 |
| OE.1.3.05 Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuindo a conftitividade e a sinistralidade laboral. | 18.439.759 | 0,6 | 7,5 |
| OE.1.3.06 Promover o cooperativismo e a economía social, como forma de xerar emprego e contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia. | 4.144.861 | 0,1 | 1,7 |
| OI.1.3.01 Contribuír a aumentar a empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante. | 6.126.655 | 0,2 | 2,5 |
| Total | 245.864.606 | 8,1 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 14. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación, os obxectivos estratéxicos máis relevantes son “Aumentar a inserción laboral e o emprendemento, especialmente para as persoas con especiais dificultades para atopar traballo” e “Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, mediante a adquisición dunha acreditación oficial de formación profesional, co obxecto de aumentar a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras, e

aumentar as súas posibilidades". O importe financeiro destes dous obxectivos estratéxicos supón o 64% do total da PA 1.3.

Para conseguir o primeiro obxectivo, realizaranse actuacións de fomento da contratación por conta allea (programas adquisición experiencia desempregados, programas adquisición experiencia RISGA, incentivo á contratación persoas desempregadas paradas de longa duración), de promoción do auto emprego e de integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño destas actividades:

- a) O número de persoas desempregadas que reciben apoio será de 9.723 persoas, que se repartira por sexos aproximadamente ao 50%. Deste colectivo, 2.903 participarán en programas de fomento da contratación por conta allea, 6.435 en programas de promoción do auto emprego e 100 persoas en programas de integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social.
- b) O número de participantes con discapacidade en actuacións de fomento da integración laboral será de 2.390 persoas, das cales o 43,5% serán mulleres.
- c) O número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de integración laboral de persoas con discapacidade e de contratación de persoas desempregadas en risco de exclusión será de 937.

En canto ao segundo obxectivo estratéxico mencionado anteriormente, realizaranse actuacións de formación das persoas desempregadas, medidas para acadar un maior axuste da formación profesional para o emprego ás necesidades do mercado de traballo, medidas de impulso á formación para o emprego asociada á impartición de accións formativas vinculadas á obtención de certificados de profesionalidade, medidas de aumento da capacidade de emprego xuvenil, a través de programas específicos de formación en certificados, competencias clave, TIC e idiomas, de prácticas non laborais en empresas e de formación para obtención de certificados de profesionalidade para persoas novas.

Os seguintes indicadores medirán a realización destas actividades:

- a) O número de participantes en accións de formación será de 16.424 persoas, 8.222 serán mulleres. O 56,1% destes participantes recibirán formación prioritaria para desempregados e o restante participarán en actuacións para acadar un maior axuste da formación profesional para o emprego ás necesidades do mercado de traballo.
- b) 7.540 desempregados menores de 25 anos realizarán prácticas non laborais en empresas, recibirán formación idiomas, tecnoloxías da información e comunicación ou competencias clave ou ben formación para obtención de certificados de profesionalidade.

- c) O número de persoas que participan no procedemento de recoñecemento da experiencia profesional será de 1.733 persoas e a porcentaxe de mulleres superará o 70%.

Os restantes obxectivos estratéxicos da prioridade de actuación son: diminuír a taxa de desemprego en Galicia co fomento da empregabilidade das persoas desempregadas; mellorar a capacitación e cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas; acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflictividade e a sinistralidade laboral e por último promover o cooperativismo e a economía social.

Para a consecución destes obxectivos realizaranse actuacións que se medirán principalmente cos seguintes indicadores:

- a) No que atinxe á diminución da taxa de desemprego de Galicia, o número de desempregados que participarán en escolas obradoiro, obradoiros de emprego, orientación e busca de emprego e programas integrados para o emprego será de 8.031 persoas, das que o 51% serán mulleres.
- b) Para mellorar a capacitación e cualificación profesional dos ocupados, recibirán accións de formación para ocupados 16.589 persoas, das que un 60,2% serán mulleres.
- c) En materia de prevención de riscos laborais realizaranse 220 accións de formación e información. Por outro lado, 205 empresas recibirán axudas para conciliación laboral e fomento da RSE, mentres que 528 persoas con emprego recibirán axudas para o fomento da igualdade e conciliación laboral, previas á xubilación ordinaria e por ERES suspensivos de forza maior. Por último 2.098 persoas, das que o 53,6% serán mulleres, se beneficiarán de accións de promoción das relacións laborais e da RSE e de riscos laborais.
- d) A promoción do cooperativismo e a economía social realizarase a través de accións de fomento do emprego e consolidación de empresas de economía social, estimando que 170 persoas se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego. Ademais, beneficiarase a 201 entidades de economía social e 2.260 persoas participarán en accións de formación de fomento do espírito emprendedor a través da Rede Eusumo e do cooperativismo e da economía social.

Cadro 16. Indicadores clave de produtividade da PA.1.3

| | | Valor Previsto | Unidade de medida |
|---|--|----------------|-------------------|
| E1:Empregabilidade e crecemento intelixente | | | |
| PA03 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante | | | |
| E01 Diminuír a taxa de desemprego en Galicia co fomento da empregabilidade das persoas desempregadas, a través da adquisición de experiencia profesional | | | |
| SC01.H | Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración (Homes) | 3.934 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración (Mulleres) | 4.097 | Nº |
| E02 Aumentar a inserción laboral e o emprendemento, especialmente para as persoas con especiais dificultades para atopar traballo | | | |
| D0C001 | Número de empresas que reciben axudas | 937 | Nº |
| SC01.H | Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración (Homes) | 4.926 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración (Mulleres) | 4.797 | Nº |
| SC16.H | Participantes con discapacidade (Homes) | 1.350 | Nº |
| SC16.M | Participantes con discapacidade (Mulleres) | 1.040 | Nº |
| E03 Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, mediante a adquisición dunha acreditación oficial de formación profesional, co obxecto de aumentar a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras, e aumentar as súas posibilidades de acceso ao mercado laboral | | | |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 8.202 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 8.222 | Nº |
| P422.H | Persoas que participan no proced. de recoñecemento experiencia profesional (homes) | 503 | Nº |
| P422.M | Persoas que participan no proced. de recoñecemento experiencia profesional (mulleres) | 1.230 | Nº |
| E04 Mellorar a capacitación e cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas, mediante a adquisición de formación profesional, co obxecto de aumentar a estabilidade no emprego, e posibilitar a promoción profesional, o incremento da capacidade para aumentar as súas rendas así como a competitividade das empresas do tecido produtivo galego, prestando especial atención ao colectivo das mulleres traballadoras, así como aos colectivos de baixa cualificación. | | | |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 6.609 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 9.980 | Nº |
| E05 Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflitividade e a sinistralidade laboral | | | |
| P00325 | Accións de formación e información desenvoltas en materia de prevención de riscos laborais | 220 | Nº |
| P0076B | Entidades beneficiadas en materia de prevención de riscos laborais | 200 | Nº |
| SC05.H | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Homes) | 292 | Nº |
| SC05.M | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Mulleres) | 236 | Nº |
| E06 Promover o cooperativismo e a economía social, como forma de xerar emprego e contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia | | | |
| P00171 | Entidades de economía social beneficiadas | 201 | Nº |
| P190.H | Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a coop e soc | 85 | Nº |
| P190.M | Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a coop e soc | 85 | Nº |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 1.130 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 1.130 | Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 17. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.3 por fonte de financiamento

| PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 77.760.540 | 31,6 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 143.146.943 | 58,2 |
| INTERREG | 113.138 | 0,0 |
| F.S.E. | 24.843.985 | 10,1 |
| Total | 245.864.606 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 18. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.3 por programas de gasto

| PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| 321A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO | 6.126.655 | 2,5 |
| 322A - MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE | 45.067.597 | 18,3 |
| 322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO | 81.331.317 | 33,1 |
| 323A - FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS | 76.321.459 | 31,0 |
| 323B - FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS | 14.432.958 | 5,9 |
| 324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS | 17.684.239 | 7,2 |
| 324B - MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO | 755.520 | 0,3 |
| 324C - PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL | 4.144.861 | 1,7 |
| Total | 245.864.606 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 19. Xestores da PA.1.3 no orzamento 2018

| PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante |
|--|
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA |
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA |
| SECRETARÍA XERAL TECNICA |
| S.X. DE EMPREGO |
| D.X. DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL |
| INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL |
| CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS |

Fonte: Consellería de Facenda

III.1.4. Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda.


No ano 2014 Galicia conta cunha rede de estradas que se estende sobre 17.713 quilómetros e cuxa xestión se distribúe entre o Estado (2.362km, 13,3%), a Xunta de Galicia (5.514km, 31,1%) e as deputacións provinciais (9.838km, 55,5%). Nesta rede, o 6,6% corresponde a vías de altas prestacións o que supón un total de 1.175 quilómetros entre autovías, autoestradas e vías de altas prestacións. A densidade da rede de estradas é de case 600 km por 1.000 km² de superficie fronte aos 328 km do conxunto de España.

Actualmente o 26,1% da rede ten unha anchura inferior a 5 metros e o 27,9% entre 5 e 7 metros.

De acordo cos datos do Ministerio de Fomento, o taxa de crecemento dos quilómetros de estradas no período 2000-2015 en Galicia foi do 3,0%, superando a media española (1,5%).

En canto á rede de estradas e as conexións entre os distintos núcleos urbanos, é posible observar que existen unha serie de nodos ao redor das principais áreas urbanas (amarelo) e os distintos nodos comarcais existentes, actuando os mesmos como centros de equilibrio do territorio ao ser, así mesmo cabeceiras de comarca do sistema urbano intermedio.

Mapa 5. Conexión de estradas entre os distintos núcleos urbanos




Fonte: Directrices de ordenación del territorio de Galicia

As comunicacións do transporte ferroviario de Galicia co resto de España realízanse por tres puntos: Lubián (liña Zamora-Ourense) e Cuevas (liña de Monforte de Lemos-León) con rede de vía ancha de ADIF, e en Ribadeo a conexión do cantábrico de rede estreita FEVE. Hai tamén unha conexión á rede internacional portuguesa a través da ponte internacional Río Miño en Tui.

A situación actual (2015) do sistema ferroviario de Galicia caracterízase por presentar un trazado ferroviario composto no seu maior parte de vía única (969km), sendo minoritarios os tramos de dobre vía que case se triplicaron nos últimos sete anos ata acadar os

202km, para un total de 1.171km. Do total, 512km de lonxitude correspóndense a rede ferroviaria electrificada e 698km sen electrificar.

Mapa 6. Conexión ferroviaria entre os distintos núcleos urbanos e exterior




Fonte: Directrices de ordenación del territorio de Galicia

Un dos principais activos en Galicia en materia de infraestruturas é o sistema portuario e o transporte marítimo, que á súa vez, é un elemento crave na organización de territorio. Galicia, pola súa localización xeográfica, forma parte das redes transeuropeas, fundamentalmente na “autoestrada do mar” de Europa occidental. Cabe destacar que o 60% da poboación total das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra reside en concellos que contan con instalacións portuarias, e unha parte relevante desa poboación desenvolve actividades directa ou indirectamente relacionadas co sector marítimo.

Galicia conta con tres aeroportos: A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela. As relacións aeroportuarias aparecen como un dos elementos máis importantes para a proxeción internacional da Comunidade e o aproveitamento das oportunidades de desenvolvemento rexional en tres aspectos clave: relacións persoais e de negocios, atracción turística e movemento de mercadorías.

O seguinte mapa mostra a situación dos aeroportos e as zonas portuarias e en vermello os espazos industriais ou empresariais, situados todos eles nas zonas con maior poboación e actividade económica da costa atlántica galega.

Mapa 7. Localización aeroportos e zonas portuarias en relación con espazos industriais ou empresariais



Fonte: Directrices de ordenación del territorio de Galicia

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Fomentar a rehabilitación de vivendas, a rehabilitación illada de edificios, mellorar a eficiencia enerxética das vivendas e edificios, impulsar as áreas de rehabilitación integral (ARI). Consegir rehabilitar 28.000 vivendas no período 2015-2020.
- Consegir que o 83% da poboación de Galicia se atope a 15 minutos ou menos do acceso á rede de vías de altas prestacións.

Consegir que o 100% da rede autonómica de estradas dispoña dos mecanismos axeitados que proporcionen as medidas necesarias para a conservación e vialidade invernal.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos / instrumentais desta prioridade de actuación.

Cadro 20. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda | Importe | % Eixe | % PA |
|--|--------------------|---------------|--------------|
| OE.1.4.01 Fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector da construción. | 47.694.558 | 1,6 | 14,7 |
| OE.1.4.02 Establecer un sistema de comunicación por vía terrestre que vertebre o territorio galego co fin de achegar a poboación ás vías de altas prestacións. Realizar actuacións de conservación e de mellora da seguridade viaria para contribuír a unha mínima sinistralidade das estradas da comunidade autónoma. | 277.339.088 | 9,1 | 85,3 |
| Total | 325.033.646 | 10,7 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 15. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Dentro do obxectivo estratéxico “ Fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector” os obxectivos operativos máis importantes que se prevén desenvolver no ano 2018 son: fomento das Áreas de Rehabilitación Integral; rehabilitación directa polo IGVs, con actuacións en vivendas de cascos históricos e núcleos rurais, rehabilitación para eficiencia enerxética, e por último, rehabilitación illada de edificios con axudas á reparación de VPP, de vivendas situadas no medio rural, de vivendas en cascos históricos, ...

Os **principais indicadores** que miden o desempeño destas actividades son:

- Axudas concedidas para a reparación de edificios de vivendas de protección pública, para rehabilitación de vivendas en cascos históricos, en áreas de rehabilitación integral, entre outras, que ascenderán a 3.532.

- b) Vivendas reparadas e vivendas licitadas para rehabilitación de promoción pública con valores estimados de 110 e 17, respectivamente.

No obxectivo estratéxico “ Establecer un sistema de comunicación por vía terrestre que vertebre o territorio galego co fin de achegar a poboación ás vías de altas prestacións. Realizar actuacións de conservación e de mellora da seguridade viaria para contribuír a unha mínima sinistralidade das estradas da comunidade autónoma.” realizaranse accións para fortalecer a rede viaria de altas prestacións e a rede de estradas convencional e de conservación e mantemento da vialidade da rede de estradas.

Os obxectivos perseguidos, en termos cuantitativos, con estas actuacións móstranos os seguintes indicadores:

- a) Actuacións en conservación realizadas: 5.501 km.
b) Estradas de nova construción: 27 km.
c) Mantemento, acondicionamento e mellora rede estradas: 62 km.

Cadro 21. Indicadores clave de produtividade da PA.1.4

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|---|--|-------------------|
| E1:Empregabilidade e crecemento intelixente | | |
| <i>PA04 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda</i> | | |
| E01 Fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector da construción. | | |
| P00315 | Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación | 17 Nº |
| P0045J | Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda | 3.532 Nº |
| E02 Establecer un sistema de comunicación por vía terrestre que vertebre o territorio galego co fin de achegar a poboación ás vías de altas prestacións. Realizar actuacións de conservación e de mellora da seguridade viaria para contribuír a unha mínima sinistralidade das estradas da comunidade autónoma. | | |
| P00030 | Quilometraxe total de estradas con actuacións de conservación | 5.501 KM |
| P00082 | Quilometraxe total de estradas de nova construción | 27 KM |
| P00106 | Quilometraxe total de estradas con actuacións de mantemento,acondicionamento e mellora | 62 KM |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 22. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.4 por fonte de financiamento

| PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 274.445.181 | 84,4 |
| F.C.I. | 24.500.000 | 7,5 |
| FEDER | 15.649.658 | 4,8 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 10.438.807 | 3,2 |
| Total | 325.033.646 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 23. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.4 por programas de gasto

| PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| 451A - FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA | 47.694.558 | 14,7 |
| 512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS | 277.339.088 | 85,3 |
| Total | 325.033.646 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 24. Xestores da PA.1.4 no orzamento 2018


| PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda |
|--|
| INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO |
| AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS |

Fonte: Consellería de Facenda

III.1.5. Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o *SUG* cara á excelencia.

Un obxectivo prioritario das políticas educativas é que os mozos continúen a súa formación máis aló das etapas obrigatorias. O indicador abandono educativo temperán, % poboación entre 18 e 24 anos que non completou a segunda etapa da ESO e que non segue ningún tipo de formación, forma parte dos oito indicadores definidos para o seguimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020 así como dos indicadores de Desenvolvemento Sustentable e de Igualdade de Xénero de Eurostat, sendo un dos índices nos que se fixa a Unión Europea para valorar o grao de avance socioeconómico. De acordo coa Enquisa de Poboación Activa do INE, en España, a taxa de abandono educativo temperán no ano 2016 era do 19,0% e para Galicia do 15,2%, lonxe da media europea que se situaba no 10,7%. Con respecto ás restantes Comunidades Autónomas, Galicia é a quinta con menor abandono escolar.


Gráfico 16. Porcentaxe de poboación de 18 a 24 anos que abandonou prematuramente o sistema educativo. Ano 2016



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa, Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

Tanto a nivel galego, nacional e europeo a taxa de abandono escolar é máis alta para os homes. Por sexos, a media estatal é 7,6 puntos superior en homes (22,7%) que en mulleres (15,1%). Esta disparidade en Galicia alcanza un valor de 7,9 puntos, ao ser a porcentaxe dun 19,1% para os homes fronte ao 11,2% das mulleres. No conxunto da UE-28. A taxa das mulleres é do 9,2%, superando en 3 puntos a taxa dos homes (12,2%).

Mapa 8. Porcentaxe de poboación de 18 a 24 anos que abandonou prematuramente o sistema educativo. NUTS 2. Ano 2016




Fonte: Eurostat

É destacable que en Galicia as mulleres ofrecen mellores datos que os homes en indicadores educativos fundamentais, en particular, posúen unha menor taxa de abandono educativo temperán e unha maior porcentaxe de estudos universitarios finalizados.

A porcentaxe de persoas de entre 30 e 34 anos que completaron os estudos superiores alcanzou en 2016 o 44,3% en Galicia e o 40,1% en España, presentando o dato galego unha posición 5,2 puntos por encima da media da UE-28, 39,1%. A nivel galego, nacional e europeo existen porcentaxes moi superiores de mulleres con estudos de educación terciaria ou equivalente completados, no caso do Galicia é un 51,1% fronte ao 37,6% dos homes. Nesta liña de obxectivos de educación pódese dicir que en Galicia xa se acadou o obxectivo marcado para España na estratexia Europa 2020 que é do 44% para este indicador, polo tanto os obxectivos deberían centrarse no mantemento desta ratio e no fomento de estudos superiores en homes.


Gráfico 17. Porcentaxe de poboación de 30 a 34 anos con nivel máis alto de formación alcanzado educación terciaria (CINE 5-6). Ano 2016



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa, Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

Para a análise da transición da educación ao mercado laboral, primeiramente examinamos a taxa de actividade da poboación segundo o nivel de formación alcanzado, a idade e o sexo. A taxa de actividade incrementábase co nivel de formación, así a taxa da poboación con estudos primarios é do 12,7% en 2016, 57,8% para a poboación con estudos de primeira etapa de secundaria, 65,5% para a poboación con estudos de segunda etapa de secundaria e do 79,4% para os que posúen estudos superiores. Con respecto á idade, obsérvase que o incremento da idade contribúe á corrección das baixas taxas de actividade, ocorre en tódolos niveis educativos, pero sobre todo para os que teñen niveis de educación secundaria, así a poboación de 16 a 24 anos con estudos secundarios de segunda etapa presenta unha taxa de actividade do 25,0%, no grupo de 25 a 34 anos esta é do 85,2% e no grupo de 34 a 44 anos acadada o 90,8%; nos grupos de maior idade (45 a 54 anos e máis de 55) prodúcese un retroceso da taxa de actividade. Ao desagregar por sexo atopamos unha situación xeral desfavorable para as mulleres, se temos en conta a idade, as mulleres presentan unha taxa inferior á dos homes en todos os grupos, por nivel de estudos sucede o mesmo agás no grupo de educación superior onde a taxa de actividade feminina (79,8%) supera nun punto á dos homes. Polo que respecta ao comportamento respecto á idade e nivel de formación tanto as mulleres como os homes seguen as pautas marcadas para o conxunto.


Mapa 9. Porcentaxe de poboación de 30 a 34 anos con nivel máis alto de formación alcanzado educación terciaria (CINE 5-6). NUTS 2. Ano 2016



Fonte: Eurostat

Na análise da porcentaxe de persoas que teñen emprego en función do nivel de estudos alcanzado, os datos mostran a existencia dunha correlación positiva entre o nivel de educación e o nivel de empregabilidade ou ocupación das persoas: en 2016 a taxa de emprego da poboación con estudos superiores foi do 69,7%, 15,2 puntos superior á taxa do que acadaron estudos de segunda etapa da ESO, 23,9 puntos superior ao que so tiñan estudos de primeira etapa da ESO e 61,2 puntos por enriba dos que acadaran estudos primarios. Por idades, ao igual que ocorre na taxa de actividade, prodúcese un incremento (para todos os niveis educativos) da taxa ao elevarse a idade para logo minorar sensiblemente no grupo de máis de 55 anos. Por sexo, as taxas son desfavorables para a muller en todos os niveis formativos e rangos de idade, so o grupo de máis de 55 anos con estudos superiores presentan unha taxa de emprego superior á masculina.

Gráfico 18. Taxas de ocupación por idade e nivel educativo. Ano 2016



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

A taxa de paro mostra unha situación similar ás das taxas anteriores, o valor da taxa descende ao incrementarse o nivel de formación para cada un dos sexos e para os grandes grupos de idade observados; a taxa de paro da poboación con educación superior é do 12,1% en 2016, as taxas dos grupos con educación primaria ou secundaria de primeira etapa son do 32,8% e 20,6% respectivamente. Como diferenza coas taxas de actividade e de emprego cómpre destacar que a taxa de paro nos grupos de idade de 45 a 54 anos e de máis de 55 anos presenta valores similares ou inferiores aos dos grupos de 35 a 39 e de 40 a 44. Neste indicador a diferenza entre sexos favorece aos homes nos niveis educativos máis altos e ás mulleres nos máis baixos.

Os principais datos do sistema educativo non universitario en Galicia indican que no curso 2017/2018 existían 1.384 centros educativos de réxime xeral, dos cales 1.091 son públicos; os centros de réxime especial son 211, dos que 126 son públicos. O número de alumnos en ensinanzas de réxime xeral ascendeu a 385.286 persoas no curso 2017/2018, dos cales o 74,8% corresponde a ensino infantil, primaria e ESO, un 8,1% cursaron Bacharelato, un 9,7% ciclos formativos de FP, un 0,4% educación especial e un 7,0% ensinanzas para adultos. No ensino de réxime especial matricularonse 37.695 alumnos, dos que o 69,4% seguiron ensinanzas de idiomas e o 28,3% ensinanzas artísticas. O número de profesores foi de 43.684, dos cales 30.277 imparten docencia no ensino público, 7.895 no ensino privado e 5.512 no ensino concertado. Por último, estímase que o número de prazas de comedor escolar no curso 2017/2018 nos centros públicos podería ascender a 74.828, dos cales 14.074 usarían os comedores xestionados polas ANPAS e polos concellos e que o número de usuarios do servizo de transporte escolar na rede pública de ensinanzas da comunidade autónoma podería ascender a 89.818.

O rendemento académico é analizado a través do programa para a avaliación internacional dos alumnos onde se avalía de forma trianual o coñecemento e destrezas dos alumnos de 15 anos en tres competencias: comprensión lectora, competencia matemática e competencia científica. Segundo os resultados do estudo PISA 2015 publicado en decembro de 2016 da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico OCDE, no que se avaliaron a nivel nacional 37.205 alumnos da poboación total de es-

tudantes de 15 anos que ascende a 535.791 (porcentaxe mostral 6,9%), Galicia presenta mellores medias que España e a media da OCDE nas tres áreas de avaliación.

En canto ao ensino universitario, no curso 2016/2017 o número de centros ascende a 80. O número alumnos matriculados foi de 62.223, 51.861 seguen estudos de grao e de primeiro e segundo ciclo, 5.736 estudos de máster e 4.626 estudos de doutorado. O 55% do alumnado é muller. Por rama de coñecemento, un 42,7% estuda na rama de ciencias sociais e xurídicas, un 22,4% enxeñería e arquitectura, un 17,0% ciencias da saúde, un 9,3% artes e humanidades e un 8,6% ciencias. O número de estudantes egresados nas universidades rolda as 10.000 persoas, das que un 60% son mulleres. O número de persoal do curso que rematou en 2017 foi de 9.608 persoas, das que 5.182 son persoal docente investigador, a porcentaxe de mulleres neste colectivo foi do 40,2%. O prezo medio dun crédito nos estudos de grao para a primeira matrícula é de 11,89 euros, case 6 euros por debaixo da media nacional.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Acadar que un maior número de alumnos consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Incrementar a taxa de graduación nas titulacións do SUG e mellorar a empregabilidade dos egresados universitarios.
- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Acadar que o alumnado logre os obxectivos formativos da ensinanza ordinaria.
- Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de coñecementos en idiomas estranxeiros
- Incrementar a porcentaxe de alumnado que opta pola formación profesional.
- Acadar que o 85% dos mozos e mozas continúe estudando e formándose unha vez finalizada a escolarización obrigatoria, ata acadar polo menos unha titulación de educación secundaria superior.
- Incrementar o número de emprendedores e emprendedoras que xorden dos viveiros de empresas.

- Mellorar as competencias profesionais docentes a través da formación permanente do profesorado ao longo da súa carreira profesional.
- Cubrir a demanda e mellorar a calidade das necesidades formativas náutico e marítimo-pesqueiras.
- Maior incorporación da poboación traballadora ao sector agrario.
- Mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas do medio rural cunha actividade económica agraria.
- Aproveitar e optimizar as canles actuais de comercialización e atopar outras novas.
- Mellorar a capacidade de innovar para a obtención de produtos de calidade desde un perspectiva de sustentabilidade e respecto ao medio ambiente.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos / instrumentais desta prioridade de actuación.

Cadro 25. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.5 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia | Importe | % Eixe | % PA |
|--|----------------------|---------------|--------------|
| OE.1.5.01 Mellorar a calidade da educación e os resultados dos e das escolares galegos/as, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e as infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria. | 819.703.101 | 26,9 | 39,1 |
| OE.1.5.02 Mellorar a calidade da docencia e da oferta docente do sistema universitario de Galicia. | 359.865.775 | 11,8 | 17,2 |
| OE.1.5.03 Mellorar a calidade da educación e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas. | 39.674.079 | 1,3 | 1,9 |
| OE.1.5.04 Mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e dos seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua. | 54.079.460 | 1,8 | 2,6 |
| OE.1.5.05 Garantir a capacitación adecuada do profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas derivadas da implantación da Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. | 3.242.520 | 0,1 | 0,2 |
| OE.1.5.06 Mellorar a calidade e resultados do ensino náutico e marítimo - pesqueiro nas súas diversas modalidades de formación profesional. | 8.973.191 | 0,3 | 0,4 |
| OE.1.5.07 Cualificar aos traballadores e traballadoras do medio rural para a súa incorporación ao mercado laboral agroforestal. | 7.919.178 | 0,3 | 0,4 |
| OE.1.5.08 Potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación e cualificación profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando ciclos, procedementos e medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional. | 752.363.799 | 24,7 | 35,9 |
| OE.1.5.09 Reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades educativas e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizado. | 23.121.879 | 0,8 | 1,1 |
| OI.1.5.01 Garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema educativo, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia. | 25.758.800 | 0,8 | 1,2 |
| Total | 2.094.701.782 | 68,7 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 19. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.5 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación, dos nove obxectivos estratéxicos, os tres máis relevantes, que supoñen o 92,2% da asignación financeira da PA, son “Mellorar a calidade da educación e os resultados dos e das escolares galegos/as, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e as infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria.”, “Potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria” e “Mellorar a calidade da docencia e da oferta docente do sistema universitario de Galicia”.

Para conseguir o primeiro obxectivo relativo á ensinanza infantil e primaria, ademais do gasto de persoal que supón un elevado importe dentro do OE, realizaranse actuacións de mellora funcional e de sinalética nos centros públicos de ensino, mellora da eficiencia enerxética, adquisición de equipamento e crearanse novos postos escolares mediante a construción de novos centros ou ampliación dos existentes, co correspondente equipamento asociado.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño destas actividades:

- Actuacións de mellora en centros, que ascenderán a 559.
- Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas, que se estima en 2.950.
- O número de efectivos neste OE no ensino público ascende a 14.060. Por outro lado, o alumnado matriculado no curso 2017/2018 en centros públicos supera os 138 mil (48,2% son mulleres) mentres que nos centros concertados son case 55 mil (49,0% de mulleres).

No que respecta ao obxectivo estratéxico do ensino secundario e da FP, ao igual que ocorre co obxectivo estratéxico anterior, o gasto de persoal supón unha alta porcentaxe do importe financeiro asignado a este OE, ademais realizaranse accións de fomento da formación profesional nomeadamente nos ciclos formativos de grao medio, prácticas de formación en empresas e institucións dos alumnos e alumnas de FP e PCPI, recoñecemento e acreditación de competencias profesionais, formación do profesorado de FP, e construíranse novos centros ou ampliáranse os existentes xunto con medidas de mellora da eficiencia enerxética, na funcionalidade, integración e sinalética dos centros existentes, garantindo a oferta total de prazas do sistema educativo.

Para a medición destes obxectos operativos utilízanse os seguintes indicadores:

- a) Actuacións de mellora en centros educativos, que ascenderán a 536.
- b) O alumnado beneficiado por actuacións de ampliación ou construción de novos centros é de 750 persoas.
- c) O número de efectivos estimado na educación secundaria e de formación profesional ascende a 17.150 na ensinanza pública. A estimación do alumnado en ESO, Bacharelato e ciclo formativos ordinarios da FP ascende a 170.162, dos que 139.621 (inclúe o alumnado das ensinanzas para adultos presencial) estudan en centros públicos (47,8% son mulleres) e 30.541 en centros privados concertados, representando un 49,3% as mulleres.
- d) Participantes en ciclos formativos de grao medio, que beneficiarán a 4.182 persoas, das que un 62,0% serán homes.

O terceiro obxectivo estratéxico mencionado anteriormente (sistema universitario) pretende mellorar a calidade da docencia universitaria e a empregabilidade dos egresados e apoiar a igualdade e o acceso á educación superior.

Os indicadores seguintes serán os utilizados para estudar a consecucións dos obxectivos:

- a) Alumnado matriculado, 58.227, dos que o 55,4% serán mulleres. Na Universidade a distancia (UNED) haberá un alumnado matriculado de 11.233 (58% mulleres).
- b) Alumnado beneficiado por bolsas, 1.882, dos que o 59,9% serán mulleres.

Ademais, os obxectivos estratéxicos relacionados con: educación especial; ensinanzas de réxime especial; redución do abandono educativo temperán e mellora dos resultados educativos do alumnado con necesidades educativas e do alumnado con necesidades específicas; capacitación do profesorado; ensino náutico e marítimo-pesqueiro e, por último, cualificación dos traballadores e traballadoras do medio rural, contribuirán coas súas actuacións a cubrir os restantes obxectivos da prioridade.

As actuacións máis relevantes asociadas a estes obxectivos son as axudas á gratuidade da educación especial, os programas de orientación, reforzo e apoio, actividades

formativas da Rede de Formación do Profesorado, desenvolver os cursos e os módulos profesionais náutico e marítimo-pesqueiro nos portos e nos centros de ensino oficiais, a posta en marcha das medidas do Plan de Formación Profesional para o sector agroforestal e accións de mellora nas condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros das ensinanzas de réxime especial. Estas medidas atenderán a un alumnado que ascenderá a 1.394 en educación especial dos que o 49% será en centros públicos, a 26.159 nas escolas oficiais de idiomas (68% mulleres), 11.500 nas ensinanzas artísticas e deportivas (54% mulleres). Por outro lado, 5.851 alumnos participarán en accións de formación nos módulos profesionais náutico e marítimo-pesqueiro, dos que o 20% son mulleres e 19.100 persoas participarán en accións de formación para cualificar aos traballadores e traballadoras do medio rural (45% mulleres). O alumnado que recibirá reforzo en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) estímase en 1.679 (44,3% de mulleres) e que contarán cun número de efectivos (profesorado) que supera os 500. Por último, o persoal docente que participa en accións formativas da Rede de Formación será de 43.272 persoas (75,3% mulleres).

Cadro 26. Indicadores clave de produtividade da PA.1.5

| | | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|--|----------------|-------------------|
| E1:Empregabilidade e crecemento intelixente | | | |
| <i>PA05 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia</i> | | | |
| E01 Mellorar a calidade da educación e os resultados dos e das escolares galegos/as, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e as infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria. | | | |
| D0C035 | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas | 2.950 | Nº |
| P00025 | Actuacións de mellora en centros educativos. | 559 | Nº |
| P01004 | Número de efectivos | 14.060 | Nº |
| P1019H | Alumnado matriculado en centros públicos. Homes | 71.641 | Nº |
| P1019M | Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres | 66.667 | Nº |
| P1020H | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes | 27.960 | Nº |
| P1020M | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Muller | 26.830 | Nº |
| E02 Mellorar a calidade da docencia e da oferta docente do sistema universitario de Galicia. | | | |
| P033.H | Alumnado beneficiado por bolsas (Homes) | 754 | Nº |
| P033.M | Alumnado beneficiado por bolsas (Mulleres) | 1.128 | Nº |
| P1021H | Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes | 25.969 | Nº |
| P1021M | Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres | 32.308 | Nº |
| E03 Mellorar a calidade da educación e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas | | | |
| P01004 | Número de efectivos | 854 | Nº |
| P1019H | Alumnado matriculado en centros públicos. Homes | 456 | Nº |
| P1019M | Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres | 223 | Nº |
| P1020H | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes | 458 | Nº |
| P1020M | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Muller | 257 | Nº |
| E04 Mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e dos seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua | | | |
| P01004 | Número de efectivos | 1.239 | Nº |
| P108.H | Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. (Homes) | 8.379 | Nº |
| P108.M | Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas (Mulleres) | 17.780 | Nº |
| P109.H | Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.(Homes) | 5.290 | Nº |
| P109.M | Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.(Mulleres) | 6.210 | Nº |

| | | |
|---|--|-----------|
| E05 Garantir a capacitación adecuada do profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas derivadas da implantación da Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa | | |
| P281.H | Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Homes | 10.694 Nº |
| P281.M | Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Mulleres | 32.578 Nº |
| E06 Mellorar a calidade e resultados do ensino náutico e marítimo - pesqueiro nas súas diversas modalidades de formación profesional. | | |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 4.675 Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 1.176 Nº |
| E07 Cualificar aos traballadores e traballadoras do medio rural para a súa incorporación ao mercado laboral agroforestal. | | |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 10.800 Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 8.300 Nº |
| E08 Potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación e cualificación profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando ciclos, procedementos e medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional. | | |
| D0C035 | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas | 750 Nº |
| P00025 | Actuacións de mellora en centros educativos. | 536 Nº |
| P01004 | Número de efectivos | 17.150 Nº |
| P1019H | Alumnado matriculado en centros públicos. Homes | 72.945 Nº |
| P1019M | Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres | 66.676 Nº |
| P1020H | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes | 15.491 Nº |
| P1020M | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Muller | 15.050 Nº |
| E09 Reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades educativas e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizado | | |
| P01004 | Número de efectivos | 506 Nº |
| P232.H | Participantes en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) (Homes) | 936 Nº |
| P232.M | Participantes en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) (Mulleres) | 743 Nº |
| P237.H | Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio (PROA) (Homes) | 4.146 Nº |
| P237.M | Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio (PROA) (Mulleres) | 4.008 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 27. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.5 por fonte de financiamento

| PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia | Importe | % |
|--|----------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 2.066.349.675 | 98,6 |
| FEDER | 8.962.156 | 0,4 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 351.427 | 0,0 |
| F.E.A.D.E.R | 1.792.102 | 0,1 |
| F.E.P. | 345.000 | 0,0 |
| F.S.E. | 16.900.661 | 0,8 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 761 | 0,0 |
| Total | 2.094.701.782 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 28. Distribución do orzamento 2018 da PA.1.5 por programas de gasto

| PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia | Importe | % |
|--|----------------------|--------------|
| 421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN | 25.758.800 | 1,2 |
| 422A - EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO | 819.703.101 | 39,1 |
| 422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS | 359.865.775 | 17,2 |
| 422D - EDUCACIÓN ESPECIAL | 39.674.079 | 1,9 |
| 422E - ENSINANZAS ARTÍSTICAS | 36.932.324 | 1,8 |
| 422G - ENSINANZAS ESPECIAIS | 17.147.136 | 0,8 |
| 422I - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO | 3.242.520 | 0,2 |
| 422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS | 8.973.191 | 0,4 |
| 422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL | 7.919.178 | 0,4 |
| 422M - ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS | 752.363.799 | 35,9 |
| 423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR | 23.121.879 | 1,1 |
| Total | 2.094.701.782 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 29. Xestores da PA.1.5 no orzamento 2018

| PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia |
|--|
| CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U |
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES |
| D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA |
| D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS |
| CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL |
| DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E PRODUCCIÓN FORESTAL |
| CONSELLERÍA DO MAR |
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO |

Fonte: Consellería de Facenda

III.2. EIXE 2: BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL

A dinámica demográfica de Galicia fai que a mellora das políticas de benestar sexan cada vez máis indispensables para colaborar na calidade de vida dunha poboación de máis idade.

Do mesmo xeito as políticas de conciliación e os servizos ás familias, especialmente á infancia, deben contribuír a mellorar as taxas de fecundidade e a inverter a dinámica demográfica de Galicia.

Por último resulta preciso aplicar con éxito as políticas de inserción social dun amplo colectivo que foi o máis desfavorecido pola crise, mediante itinerarios personalizados que permitan acompañar ás persoas en risco de exclusión ata que abandonen esta situación. Tamén a consecución dunha sociedade máis xusta, esixe que se garanta a igualdade de oportunidades para aqueles colectivos que sofren exclusión por outros motivos, dende unha discapacidade á pertenza a colectivos sociais marxinados.

Mención especial compre facer ás políticas de igualdade que se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero debe estar presente na diagnose e solución aos principais problemas de Galicia, tamén deben contar con liñas de acción específicas para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no plan.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2018 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 30. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe 2

| E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social | Importe | % total | % eixe |
|--|----------------------|----------------|---------------|
| PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables | 3.880.762.490 | 40,9 | 80,5 |
| PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes | 404.565.100 | 4,3 | 8,4 |
| PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación | 383.300.388 | 4,0 | 8,0 |
| PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero | 130.429.752 | 1,4 | 2,7 |
| PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia | 21.308.774 | 0,2 | 0,4 |
| Total | 4.820.366.504 | 50,7 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 20. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe 2



Fonte: Consellería de Facenda

A táboa seguinte mostra o orzamento do eixe por fonte de financiamento.

Cadro 31. Distribución do orzamento 2018 do eixe 2 por fonte de financiamento


| E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social | Importe | % |
|---|----------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 4.527.482.089 | 93,9 |
| F.C.I. | 6.505.200 | 0,1 |
| FEDER | 20.107.028 | 0,4 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 244.000.739 | 5,1 |
| INTERREG | 465.059 | 0,0 |
| F.S.E. | 20.412.662 | 0,4 |
| TRANSFERENCIAS FINALISTAS | 997.524 | 0,0 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 396.203 | 0,0 |
| Total | 4.820.366.504 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

III.2.1. Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos modos de vida saudables.

A esperanza de vida ao nacer en Galicia é de 82,6 anos, menor ao dato do ano anterior, aínda que presentou un crecemento continuado nos últimos anos. Esta taxa é similar á de España e superior á do conxunto da Unión Europea (80,6)

Mapa 10. Esperanza de vida ao nacer para as rexións NUTS 2. Ano 2015.




Fonte: Eurostat. Statistical Atlas

As principais causas das defuncións en Galicia son as derivadas das enfermidades do sistema circulatorio (un terzo do total en 2014) seguidas dos tumores (28,1% en 2014) e das enfermidades do sistema respiratorio (10,2%). Os trastornos mentais e de comportamento, as enfermidades do sistema dixestivo e as do sistema nervioso representan cada unha un 5,9% e 4,6% respectivamente, do total. Por sexo, as mulleres presentan unha incidencia maior que os homes nas mortes derivadas enfermidades do sistema circulatorio (38% fronte ao 29% nos homes), mentres que as defuncións por tumores acadan unha maior porcentaxe nas causas de morte dos homes (34%) que nas mulleres (22%). Nas idades máis avanzadas (máis de 75 anos) a principal causa de morte son as enfermidades do sistema circulatorio, sen embargo, entre os 45 e 74 anos a principal causa de morte son os tumores.

Nas mortes causadas polo cancro, Galicia presenta en 2013 unha maior incidencia (305 por 100.000 habitantes) respecto á media europea que se sitúa en 255.

En concreto, con datos estandarizados a 2014, as defuncións por cancro de pulmón, traquea e bronquios en Galicia presenta un dato de 48,9 por cada 100.000 habitantes similar ao dato de España (49), sendo o da media da UE superior (54,8). Os valores máis elevados son os dos países do leste e norte de Europa.


Mapa 11. Taxas de morte (por 100.000 habitantes) estandarizadas por cancro de traquea, bronquios e pulmón. 2014



Con respecto a Europa, as defuncións por enfermidades do sistema circulatorio en 2013 (372 por 100.000 habitantes) presentan unha similar incidencia que a media da UE e claramente superior ao dato de España (250). Os valores máis elevados son os dos países do leste e norte de Europa.

Tamén dáse unha maior incidencia que a media en defuncións relacionadas con enfermidades do sistema respiratorio, onde Portugal, Reino Unido, Dinamarca e algunhas rexións españolas, presentan os valores máis elevados.

Mapa 12. Mortes por enfermidades do sistema circulatorio.2013 (Taxa de morte por 100.000 habitantes)



Fonte: Eurostat. Statistical Atlas

O número de camas en hospitais por 100.000 habitantes sitúase en 2014 en 331 por encima da media española aínda que inferior á europea, mentres que o número de médicos por 100.000 habitantes é en 2014 de 451 superando a media española e da UE 28.


No que respecta á sanidade pública, Galicia conta cunha rede composta por 14 centros hospitalarios e complexos hospitalarios.

En 2015 os recursos materiais do SERGAS en atención especializada son 63 centros: 30 hospitais, 19 centros de especialidades e 14 centros de orientación familiar segundo a información do Sistema Público de Saúde de Galicia.

En atención primaria son 466 centros, dos que 394 son centros de saúde e 72 consultorios. En 2016 no modelo de atención primaria do SERGAS hai 5.306 profesionais integrados (médicos, pediatras, odontólogos, ATS e fisioterapeutas) o que ofrece un cociente de 1,9 por cada 1.000 habitantes.

En 2015 Galicia conta con 37 establecementos sanitarios con réxime de internado con 3,4 camas en funcionamento por cada mil habitantes, lixeiramente superior ao dato do conxunto de España (3,0), ambos lonxe do dato do valor medio da UE (5,2 en 2014).

Mapa 13. Número de camas hospitalarias relativas á poboación



Eurostat. Statistical Atlas

No dato por provincias non hai grandes diferenzas, A Coruña está por encima da media (3,6), Ourense ten un dato de 3,5 e Lugo e Pontevedra (3,4). O persoal total ascende a 34.016 que representa o 6,1% do conxunto do Estado cun cociente por cama en funcionamento de 3,5, mentres que o gasto corrente ascende 283 mil euros por cama.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Mellorar a saúde dos cidadáns, a actividade do Servizo de Saúde e a percepción dos cidadáns.
- Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias, de xeito sostible e no menor tempo posible,
- Adecuar os centros do servizo sanitario público ás necesidades da poboación e dos profesionais.
- Contar con espazos funcionais e ben dimensionados que permitan o desenvolvemento dunha asistencia de calidade e cuns estándares de confort axeitados.
- Dispoñer do equipo tecnolóxico moderno, efectivo e eficiente preciso para dar resposta ás necesidades asistenciais.

- Fomentar a docencia, a investigación e a innovación, mellorando os espazos destinados para tal fin.
- Contribuír ao desenvolvemento económico mediante a inversión en infraestruturas sanitarias
- Mellorar a eficiencia no gasto sanitario.
- Uso racional dos recursos sanitarios
- Investir naquilo que aporte valor real
- Diminuír a variabilidade clínica
- Implantar tecnoloxía e sistemas de información innovadores que proporcionen á poboación e aos profesionais o acceso a unha mellor xestión da súa saúde mediante as TIC, e que posibiliten a reorganización dos recursos sanitarios para atender á cidadanía.
- Implantar tecnoloxía e sistemas de información innovadores que proporcionen novos modelos de xestión dos recursos humanos.
- Implantación de sistemas de información intelixentes que soporten novos modelos para a prestación de servizos sanitarios e sociosanitarios en modalidades presenciais e non presenciais cos cidadáns -pacientes e cuidadores.
- Acadar unha sanidade dixital segura que nos permita salvagardar a confidencialidade, dispoñibilidade e calidade da información dos nosos cidadáns.
- Incrementar a práctica deportiva e a actividade física na poboación galega, o número de deportistas federados, de clubs, así como o número de deportistas de alto nivel.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos / instrumentais desta prioridade de actuación.

Cadro 32. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables | Importe | % Eixe | % PA |
|---|----------------------|---------------|--------------|
| OE.2.1.01 Consolidar a práctica deportiva e a actividade física, así como desenvolver o conxunto de funcionalidades do feito deportivo, mais alá da mera competición, como a saúde pública, a economía ou as funcións educativa e social. | 21.946.159 | 0,5 | 0,6 |
| OE.2.1.02 Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as. | 2.928.676.871 | 60,8 | 75,5 |
| OE.2.1.03 Xerar as condicións necesarias para conseguir profesionais comprometidos/as e coidados/as pola organización, utilizando as vantaxes das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e desenvolvendo uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións. | 26.878.645 | 0,6 | 0,7 |
| OE.2.1.04 Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario. | 760.701.221 | 15,8 | 19,6 |
| OE.2.1.05 Adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais. | 122.448.537 | 2,5 | 3,2 |
| OI.2.1.01 Garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema sanitario de Galicia. | 20.111.057 | 0,4 | 0,5 |
| Total | 3.880.762.490 | 80,5 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 21. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

No obxectivo estratéxico de maior magnitude, Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as, ten unha especial relevancia os gastos destinados ao pagamento do persoal, no que se inclúen nos orzamentos 2018 máis de 35.700 postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os **principais indicadores de produtividade** deste obxectivo son:

Consultas en primaria, cunha estimación para 2018 preto dos 27 millóns e 6 millóns de consultas en atención especializada, ambos valores superiores aos do ano 2017. Atenderanse os gastos de prestación ortoprotésica de preto de 37.000 persoas usuarias (un 29% máis que no orzamento de 2017), indicadores incluídos no obxectivo operativo Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.

A Integración sanitaria da saúde mental e trastornos aditivos e desenvolvemento da coordinación socio sanitaria reflicte que en 2018 se estima atender a 17.500 persoas usuarias, na súa maioría homes (78%). No programa de atención socio sanitaria estímase que haberá 1.500 persoas usuarias en 2018, tamén a maioría homes (73%).

No eido da promoción da saúde e a prevención da enfermidade estímase que o 45% da poboación obxectivo participe en programa de cribado de cancro de colon, que representa un incremento do 5% respecto do valor previsto en 2017, e un 83% nos programas de cancro de mama, que manteñen o valor previsto do exercicio anterior. A cobertura da primovacinação está preto do 100%, e se prevé administrar 350.000 doses de vacinas en

menores de 15 anos, e unhas 620.000 doses de vacinas en persoas adultas, sobre todo a vacina contra a gripe.

No Obxectivo estratéxico Promover o uso eficiente e responsable dos recursos o indicador Custe medio por receita reflicte un valor medio de preto de 14 euros e o número de receitas que se estiman dispensar no SERGAS no ano 2018 roldan os 61,9 millóns.

No obxectivo de Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención hospitalaria se inclúen no orzamento de 2018, a construción ou mellora de 33 centros de saúde e actuacións en 39 centros hospitalarios.

Os concellos nos que localizarán as actuacións en centros de saúde son: Ames, Ares, Laracha, Narón, Melide, Santiago de Compostela, O Saviñao, Barbadás, Paderne de Allariz, Pereiro de Aguiar, Poio, Illa de Arousa, A Estrada, Gondomar, Salceda de Caselas, Ponte-deva e As Neves.

O desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do SERGAS, reflíctese nunha extensión a 780.000 persoas que padecen enfermidades crónicas que se van beneficiar dos servizos dixitais de xestión de patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área da e-saúde, envellecemento activo e saudable, tendo en conta que poderá computarse unha mesma poboación máis dunha vez nun ano se resulta beneficiado por máis dun servizo. Ademais, calcúlase que haberá preto das 100.000 interconsultas electrónicas.

Outro obxectivo estratéxico, Consolidar a práctica deportiva e a actividade física, así como desenvolver o conxunto de funcionalidades do feito deportivo, mais alá da mera competición, como a saúde pública, a economía ou as funcións educativa e social, se reflicte a través de varios obxectivos operativos, aos que se lle asocian ente outros os seguintes indicadores clave de produtividade: máis de 117.000 participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva, estimando polos datos de anos anteriores que a maioría serán homes (66%), o apoio a un total de 1.216 entidades deportivas, que inclúe as 59 federacións deportivas. Con estas axudas ás entidades e a promoción do deporte se calcula que haberá unhas 253.600 licenzas deportivas, a gran maioría de homes (79%). No eido da mellora das infraestruturas deportivas, se estima que se realizarán 110 actuacións.

Cadro 33. Indicadores clave de produtividade da PA.2.1

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|--|-------------------------------|
| E2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social | | |
| PA01 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables | | |
| E01 Consolidar a práctica deportiva e a actividade física, así como desenvolver o conxunto de funcionalidades do feito deportivo, mais alá da mera competición, como a saúde pública, a economía ou as funcións educativa e social | | |
| P0076C | Entidades deportivas beneficiadas | 1.216 Nº |
| P01011 | Actuacións en infraestruturas e equipamentos deportivos | 110 Nº |
| P080.H | Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva (Homes) | 77.607 Nº |
| P080.M | Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva (Mulleres) | 40.081 Nº |
| P1009H | Número de licenzas federativas. Homes | 200.586 Nº |
| P1009M | Número de licenzas federativas. Mulleres | 53.088 Nº |
| E02 Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as. | | |
| P00005 | Número de doses administradas en menores de 15 anos | 350.000 Nº |
| P00007 | Número de doses de vacinas administradas a persoas adultas | 620.000 Nº |
| P00011 | Participantes no programa de cribado de cancro de colon | 45 % |
| P00012 | Participantes no programa de cribado de cancro de mama | 83 % |
| P00121 | Número de consultas en atención hospitalaría | 6.013.983 Nº |
| P00122 | Número de consultas en atención primaria | 26.809.182 Nº |
| P00353 | Persoas beneficiarias de prestacións ortoprotésicas | 36.832 Nº |
| P01004 | Número de efectivos | 35.772 Nº |
| P402.H | Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes | 13.657 Nº |
| P402.M | Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres | 3.851 Nº |
| P408.H | Persoas beneficiarias de programas de atención socio sanitaria. Homes | 1.102 Nº |
| P408.M | Persoas beneficiarias de programas de atención socio sanitaria. Mulleres | 401 Nº |
| E03 Xerar as condicións necesarias para conseguir profesionais comprometidos/as e coidados/as pola organización, utilizando as vantaxes das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e desenvolvendo uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións. | | |
| D0E019 | Poboación beneficiada por servizos dixitais de xestión patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área de e-s | 780.000 Poboación beneficiada |
| P00129 | Número de e-interconsultas | 97.888 Nº |
| E04 Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario. | | |
| P00071 | Custe medio por receita | 14 € |
| P01003 | Número de receitas dispensadas | 61.948.524 Nº |
| E05 Adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais | | |
| P00162 | Centros de saúde construídos e/ou mellorados | 33 Nº |
| P00163 | Centros hospitalarios construídos e/ou mellorados | 39 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 34. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.1 por fonte de financiamento

| PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables | Importe | % |
|--|----------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 3.727.468.889 | 96,0 |
| F.C.I. | 6.505.200 | 0,2 |
| FEDER | 11.417.600 | 0,3 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 134.030.330 | 3,5 |
| INTERREG | 91.906 | 0,0 |
| TRANSFERENCIAS FINALISTAS | 997.524 | 0,0 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 251.041 | 0,0 |
| Total | 3.880.762.490 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 35. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.1 por programas de gasto

| PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables | Importe | % |
|---|----------------------|--------------|
| 411A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE | 53.760.900 | 1,4 |
| 412A - ATENCIÓN ESPECIALIZADA | 2.466.538.079 | 63,6 |
| 412B - ATENCIÓN PRIMARIA | 1.213.672.146 | 31,3 |
| 413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA | 74.301.650 | 1,9 |
| 414A - FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS | 50.543.556 | 1,3 |
| 441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA | 21.946.159 | 0,6 |
| Total | 3.880.762.490 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 36. Xestores da PA.2.1 no orzamento 2018

| PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables |
|---|
| PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA |
| SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE |
| CONSELLERÍA DE SANIDADE |
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| D. X. DE INNOVACION E XESTION DA SAUDE PUBLICA |
| E. DE XESTION INTEGRADA A CORUÑA |
| E. DE XESTION INTEGRADA DE FERROL |
| E. DE XESTION INTEGRADA SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| ESTRUTURA XESTION INTEGRADA DE LUGO, CERVO E MONFORTE |
| E. DE XESTION INTEGRADA DE OURENSE, VERIN E O BARCO DE VALDEORRAS |
| ESTRUTURA XESTION INTEGRADA DE VIGO |
| E. DE XESTION INTEGRADA DE PONTEVEDRA E O SALNES |
| DIRECCION XERAL SS. CC. |
| AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE |
| AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS |

Fonte: Consellería de Facenda


III.2.2. Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes

Segundo os datos da Enquisa estrutural a fogares do IGE (ano 2011), o 66% das persoas con dependencia teñen 75 ou máis anos, seguido polo 13,9% das persoas de menos de 50 anos. Nas mulleres a dependencia está moito máis concentrada nas de máis idade (75 e máis anos) que representa o 74,9% das mulleres que presentan dependencia, mentres que a dependencia nos homes presenta unha maior diversidade de idades, xa que no grupo de máis idade, está o 49,6% de homes dependentes, mentres que por exemplo no tramo de menos de 50 anos, hai un 24% de homes dependentes, fronte ao 8,5% no caso das mulleres.

Segundo a información do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, a 31 de agosto de 2017 hai en Galicia 66.379 persoas dependentes con dereito a prestación, que representa unha incidencia do 2,45 (porcentaxe de persoas dependentes sobre a poboación), superior á media nacional, do 2,64. Esta maior incidencia ten como causa principal o maior nivel de envellecemento da poboación galega, xa que o tramo de idade na que se producen máis casos de persoas con dependencia, é nas persoas de máis idade (sobre todo no tramo de máis de 80 anos). A maioría das persoas dependentes son mulleres, relacionado coa maior esperanza de vida destas, e o maior número de enfermidades crónicas ou de longa duración.

O número de persoas dependentes en Galicia, a 31 de agosto de 2017 que reciben prestacións son 50.302, que representan o 76% das que teñen resolución con dereito a prestación. Ademais, hai rexistradas a esa data un total de 57.386 prestacións, cunha ratio de prestacións por persoa beneficiaria de 1,14 por debaixo da media nacional (1,23).


Gráfico 22. Evolución principais datos de xestión de persoas dependentes. Galicia



Fonte: Sistema autonomía e atención á dependencia (SAAD). Ministerio Sanidad, Servicios sociales e Igualdad.

A evolución dos principais datos de xestión do sistema para a autonomía e atención á dependencia reflicte que houbo un incremento tanto das resolucións, de persoas con dereito a prestación nos últimos anos, reflectindo as maiores taxas de crecemento os datos do número de persoas con prestación e o número de prestacións, que tiveron un incremento interanual medio de 7,1% e 8,7% respectivamente. O número de solicitudes neste período tivo unha traxectoria decrecente.


Gráfico 23. Porcentaxe de persoas en Galicia/España



Fonte: Sistema autonomía e atención á dependencia (SAAD). Ministerio Sanidad, Servicios sociales e Igualdad.

A comparación dos datos co dato nacional, reflicte unha tendencia a converxer nun entorno ao 5%, aínda por debaixo da porcentaxe da poboación galega sobre a española (5,8%).

Gráfico 24.. Ratio prestacións por persoa beneficiaria




Fonte: Sistema autonomía e atención á dependencia (SAAD). Ministerio Sanidad, Servicios sociales e Igualdad.

O número de prestacións que recibe cada persoa en Galicia é inferior en todos os anos da serie á media nacional, e mesmo se evidencia unha maior fenda en 2017 que ao principio da serie.

No relativo ás persoas con discapacidade, segundo a información dispoñible no Censo de persoas con discapacidade de Galicia, o número total de persoas que se atopan nesta situación a 31 de decembro de 2016 é de 227.696. O 53% das discapacidades preséntanse en mulleres.

Por grupos de idade, o 51,7% das persoas con discapacidade ten 65 ou máis anos, mentres que o 25,2% deste colectivo pertence ao grupo de idade de 50 a 64 anos e o 16,8% ten entre 30 e 49 anos.

Gráfico 25. Persoas con discapacidade en Galicia. 2016




Fonte: IGE. Consellería de Política Social

A incidencia da discapacidade por xénero é moi diferente en función da idade. A prevalencia da discapacidade é superior de xeito significativo nas mulleres só a partir dos 75 anos, mentres que por debaixo dos 50 anos, os homes que padecen discapacidades son substancialmente máis numerosos que as mulleres na mesma situación.

No que se refire á distribución provincial, a provincia da Coruña concentra o 41% das persoas con discapacidade e a de Pontevedra o 38%, mentres que Lugo e Ourense o 9 e 12%, respectivamente.


Gráfico 26. Persoas con discapacidade. Distribución provincial e sexo. 2016



Fonte: IGE. Consellería de Política Social

A maioría das discapacidades da poboación galega son de tipo físico (56,6%). A continuación está a derivada de problemas psíquicos (29,2%) e sensoriais (14,1%).


Gráfico 27. Persoas con algunha discapacidade segundo sexo, grao e tipo de discapacidade



Fonte: IGE. Consellería de Política Social

Atendendo ao grao de discapacidade, a porcentaxe maioritaria correspóndese coas persoas cun grao de discapacidade do 33 ao 64% (51,3% das discapacidades). O grupo máis reducido, tanto para homes como para mulleres, correspóndese coas persoas con maior grao de discapacidade (de 75% ou máis). As diferenzas por sexo indican unha maior prevalencia das mulleres en discapacidades de grao superior ao 65% derivado do peso que na poboación maior teñen as mulleres (representan o 57,5% das persoas maiores de 65 anos e o 61,5% das persoas maiores de 75 anos).

Gráfico 28. Persoas con algunha discapacidade segundo o grao e tipo de discapacidade



Fonte: IGE. Consellería de Política Social

No que se refire á taxa de actividade das persoas con discapacidade, en 2015, o dato de Galicia é o máis baixo de España, co 23,7%, sendo a medida estatal o 33,9%, en contraste coa porcentaxe do 72,9% das persoas sen discapacidade.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e a discapacidade
- Mellorar a atención ás persoas maiores e discapacitadas, e aumentar a esperanza de vida libre de dependencia
- Mellorar a calidade de vida da poboación maior e dependente mediante a cobertura da demanda do colectivo malia o incremento que se está a producir na poboación necesitada de asistencia do SAAD.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos / instrumentais desta prioridade de actuación.

Cadro 37. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes | Importe | % Eixe | % PA |
|--|--------------------|---------------|--------------|
| OE.2.2.01 Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia. | 368.973.951 | 7,7 | 91,2 |
| OE.2.2.02 Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como prever as situacións de dependencia. | 35.591.149 | 0,7 | 8,8 |
| Total | 404.565.100 | 8,4 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 29. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Os obxectivos estratéxicos e operativos máis importantes que se prevén desenvolver no ano 2018 e os principais indicadores de produtividade asociados son:

Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia, concretamente dos servizos de atención residencial, atención diúrma, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais cos que se atende a máis de 51.000 persoas, a maioría mulleres (67%). Máis de 2.500 persoas se calcula que serán receptoras do servizo de apoio á mobilidade persoal.

Favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible prestando servizos ás persoas maiores e con discapacidade: servizo de teleasistencia, transporte adaptado de mobilidade persoal e acollemento familiar, que reflicten un valor estimado de máis de 11.000 persoas atendidas, gran parte deles no servizo de apoio á mobilidade persoal e a gran maioría mulleres (o 56%).

Outros obxectivos operativos son: Fomentar actitudes positivas cara o coidado da saúde e á promoción da autonomía persoal: fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas e obradoiros prácticos de preparación para a xubilación e facilitar a accesibilidade universal como requisito para unha vida autónoma. Entre os datos máis relevantes de participación nas diversas actuacións a desenvolver sinalase que máis de 32.000 persoas maiores participarán nos programas de prevención da dependencia, a gran maioría mulleres (70%) e máis de 81.000 persoas con discapacidade (52% mulleres).

Cadro 38. Indicadores clave de produtividade da PA.2.2

| | | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|---|----------------|-------------------|
| E2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social | | | |
| <i>PA02 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes</i> | | | |
| E01 Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia | | | |
| P241.H | Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes | 16.794 | Nº |
| P241.M | Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres | 34.268 | Nº |
| E02 Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como previr as situacións de dependencia | | | |
| P140.H | Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes | 9.888 | Nº |
| P140.M | Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres | 22.587 | Nº |
| P241.H | Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes | 5.120 | Nº |
| P241.M | Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres | 6.439 | Nº |
| SC16.H | Participantes con discapacidade (Homes) | 39.512 | Nº |
| SC16.M | Participantes con discapacidade (Mulleres) | 42.277 | Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 39. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.2 por fonte de financiamento

| PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 307.358.370 | 76,0 |
| FEDER | 1.008.855 | 0,2 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 93.705.025 | 23,2 |
| INTERREG | 193.098 | 0,0 |
| F.S.E. | 2.240.252 | 0,6 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 59.500 | 0,0 |
| Total | 404.565.100 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 40. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.2 por programas de gasto

| PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| 312D - PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA | 368.973.951 | 91,2 |
| 312E - PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES | 35.591.149 | 8,8 |
| Total | 404.565.100 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 41. Xestores da PA.2.2 no orzamento 2018


| PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes |
|---|
| CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL |
| D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE |

Fonte: Consellería de Facenda

III.2.3. Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.

Galicia é unha rexión cunha poboación media e unha densidade media baixa en comparación co resto das rexións europeas, porén atópase entre as rexións con menos dinamismo demográfico de Europa, tanto no que atinxe a saldo vexetativo, saldo migratorio, evolución poboacional como a taxa de fertilidade.

Mapa 14. Taxa de crecemento por mil habitantes da poboación. 2014-2015.




Fonte: Eurostat. Statistical atlas

A poboación residente na Comunidade Autónoma de Galicia a 1 de xaneiro de 2016 ascende a 2.717.749 persoas, que representan un 5,8% do total da poboación de España, cifrada en 46.524.943 habitantes, segundo os resultados provisionais das Cifras de poboación do INE. A poboación galega caracterízase por estar inmersa nun proceso de envellecemento que afecta a toda Europa, pola dispersión territorial e polas consecuencias derivadas dos procesos migratorios do século pasado.

A idade media da poboación residente en Galicia a 1 de xaneiro de 2016 é de 46,5 anos, 3,8 anos superior á idade media de España; esta variable presenta claras diferenzas segundo o sexo: os homes teñen de media 44,9 anos e as mulleres 48,1. Por outra banda, as provincias orientais (Lugo e Ourense) son as máis envellecidas de Galicia con idades medias de 49,4 e 50,0 anos respectivamente, mentres que Pontevedra é a provincia coa poboación máis nova, idade media de 44,7 anos:


Gráfico 30. Pirámide de poboación. Galicia. 1 de xaneiro de 2016



Fonte: INE. Estadística del Padrón Continuo, datos provisionais

Galicia presenta a terceira taxa de fecundidade máis baixa de toda Europa (a nivel de NUTS 2); tan só supera a outras dúas comunidades autónomas españolas, Canarias e Asturias.

Mapa 15. Taxa de fecundidade. 2014.



Fonte: Eurostat. Statistical atlas

Para os próximos anos, as proxeccións de poboación a curto prazo prevén que continuará a perda de poboación. Segundo estas proxeccións, a poboación galega en 2029 será de 2.539.735 persoas, poboación similar á da década dos 40 do século pasado. A poboación española reducirase ata os 45.484.908 persoas e a porcentaxe que suporá a poboación galega en 2029 sobre o total español diminuírá ata o 5,6% debido á maior caída da poboación galega. Por outra banda, na UE-28 as taxas de crecemento serán cada vez máis próximas a cero, aínda que positivas.

No período 2016-2029 seguirá intensificándose o proceso de envellecemento que se está a vivir en toda Europa. En 2029 a poboación maior de 44 anos suporá o 62,4% do total, 9,8 puntos superior ao peso deste grupo en 2016. O incremento do colectivo de persoas de 85 ou máis anos será do 32,2% entre 2016 e 2029.

As previsións á baixa do crecemento demográfico galego sitúannos ante un problema estrutural sobre o que é necesario actuar. Un problema sobre o que se perciben

determinadas consecuencias pero do que aínda non está suficientemente considerada a súa dimensión.

Esta situación demográfica de Galicia é a resultante do conxunto de múltiples factores, que se poderían agrupar en “cuestións demográficas”, “cuestión laborais” e “política familiar”. Desá conexión é de onde saen moitos dos factores que inciden na decisión da maternidade/paternidade: estabilidade laboral, retraso da idade da maternidade, recursos prioritarios, etc.

Os datos de emprego do tempo no que respecta á corresponsabilidade familiar indican que o 94,1% das mulleres realizan tarefas domésticas e ocúpanse do coidado de nenos/as, maiores e persoas dependentes durante 4 horas e 31 minutos diarios, fronte ao 70,6% dos homes que dedican 2 horas e 40 minutos. En 2012 a porcentaxe de mulleres sobre os traballadores con nenos menores de 13 anos que reducen a xomada está 47 puntos por encima dos homes e o das que flexibilizan ou coordinan o horario de traballo é 11 puntos superior. Ademais, en 2015, a taxa de actividade das mulleres de 16 a 64 anos é do 68,9%, 7,9 puntos inferior á dos homes. Estes datos mostran a necesidade de mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Con respecto á poboación xuvenil, os xoves galegos son un grupo de poboación con grandes potenciais debido á mellora da súa formación, ao talento e á capacidade emprendedora. Galicia presenta unha porcentaxe de persoas de entre 30 e 34 anos que completaron os estudos superiores do 45,8% en 2015, moi por encima da media da UE (38,7%) e tamén da española (10,9%).

Pero tamén se trata dun colectivo con grandes dificultades e obstáculos para o seu desenvolvemento. Aspectos como o elevado desemprego xuvenil, a precarización das súas condicións salariais e económicas, o retraso na emancipación, constitúen algúns dos principais problemas aos que se enfronta hoxe en día a mocidade galega, así como a do Estado no seu conxunto. O principal problema para a xuventude en Galicia, igual que no resto do Estado, é o do desemprego, que en 2015 acadou unha taxa de paro do 43,5% para a poboación entre 16 e 24 anos, por debaixo da cifra do ano anterior (48,5%) e da nacional (48,3%) pero superando a taxa europea (20,3%).

Os **principais resultados** que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Achegarse á taxa de recambio xeracional (2,1 fillos por muller).
- Favorecer a natalidade e mellorar as condicións das familias e dos menores galegos.

- Incrementar a participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria que contribúen ao impulso da igualdade de oportunidades, a inclusión social e á mellora dos servizos sociais.
- A corresponsabilidade e compatibilidade dos tempos de traballo, persoais e familiares e a mellora das condicións de igualdade das mulleres na sociedade e no mercado de traballo.
- Instrumentar, fomentar e propiciar as condicións de aprendizaxe, oportunidade e experiencia que aseguren e faciliten á xuventude galega o desenvolvemento do seu coñecemento, habilidades e competencias para xogar un papel activo na sociedade civil e especialmente no mercado de traballo.
- Eliminar os obstáculos para o acceso ás ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria por parte do alumnado galego.
- Mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos / instrumentais desta prioridade de actuación.

Cadro 42. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación | Importe | % Eixe | % PA |
|--|--------------------|---------------|--------------|
| OE.2.3.01 Garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á <u>revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade.</u> | 132.608.666 | 2,8 | 34,6 |
| OE.2.3.02 Impulsar a solidariedade e o voluntariado para axudar ás persoas en situación <u>de risco de pobreza e/ou con necesidades.</u> | 1.424.987 | 0,0 | 0,4 |
| OE.2.3.03 Mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a <u>corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e á revitalización demográfica.</u> | 1.202.203 | 0,0 | 0,3 |
| OE.2.3.04 Mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar <u>en condicións de igualdade.</u> | 15.105.652 | 0,3 | 3,9 |
| OE.2.3.05 Eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de <u>garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e garantir que este alumnado, máis o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquira as competencias de comprensión e expresión oral e escrita.</u> | 185.977.141 | 3,9 | 48,5 |
| OI.2.3.01 Mellorar a calidade de vida nos países do Sur a través da cooperación ao <u>desenvolvemento e da acción humanitaria galega.</u> | 5.027.160 | 0,1 | 1,3 |
| OI.2.3.02 Contribuír aos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, <u>servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.</u> | 41.954.579 | 0,9 | 10,9 |
| Total | 383.300.388 | 8,0 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 31. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Os obxectivos estratéxicos e operativos con maior importe que se prevén desenvolver no ano 2018 e os **principais indicadores de produtividade** asociados son:

Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios. Obsérvase un incremento interanual na estimación dos valores previstos dos indicadores de produtividade. Estímase que o 37% e o 42% do alumnado respectivamente, beneficiaranse dos servizos de comedores e transporte escolares, (11 e 12 puntos porcentuais de incremento, respectivamente). Ademais calcúlase que coa dotación deste ano o 28% do alumnado se beneficiará polas accións de facilitar o acceso aos libros de texto e material escolar.

No Plan integral de aprendizaxe de idiomas estranxeiros haberá máis de 47.000 (12.000 máis que o previsto no ano anterior) alumnos e alumnas participantes en programas de inmersión lingüística, con equilibrio entre mozos e mozas.

Impulsar a natalidade e fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a través da rede de escolas infantís e a creación, rehabilitación e mellora de prazas públicas de escolas infantís, que se calculan preto de 24.000.

Favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións, permitindo que 1.243 menores poidan estar en acollemento familiar. Así mesmo se estima que 666 menores participarán nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación co apoio do Fondos Social Europeo.

Impulsar a participación dos mozos e mozas e a mellora da súa calidade de vida e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade é outro dos obxectivos estratéxicos que se van desenvolver pola DX de Xuventude, Participación e Voluntariado, nos que se calcula unha alta participación na campaña de verán e no resto de programas de educación non formal de carácter transversal, cun valor previsto de 10.490 mozos e mozas, sendo a maioría chicas (57%). Ademais, para impulsar a empregabilidade e a mellora da situación laboral continuarase co programa Galeuropa de mobilidade nos que se calcula que haberá unhas 755 persoas mozas que recibirán axudas directa, que implican a adquisición e mellora de competencias (nos que se calcula que o 60% serán mulleres).

Co apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, se estima que recibirán axudas unhas 3.650 persoas, a maioría mulleres (61%) e haberá axudas para a redución da xornada laboral, que se estima que beneficiará a 215 homes ou familias monoparentais.

Estímase que máis de 1.900 persoas, das que o 66% son mulleres, participarán nos proxectos de voluntariado previstos (incluídas as persoas voluntarias nos proxectos de interese social coa porcentaxe do IRPF).

Coas accións de cooperación no exterior, programas de educación para o desenvolvemento e medidas de Acción Humanitaria se calcula que se outorgarán 85 axudas axudarase a máis de 20.000 homes e 20.000 mulleres.

Cadro 43. Indicadores clave de produtividade da PA.2.3

| | | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|--|----------------|-------------------|
| E2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social | | | |
| <i>PA03 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación</i> | | | |
| E01 Garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade. | | | |
| D0C035 | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas | 23.890 | Nº |
| P1030H | Menores en situación de acollemento familiar. Homes | 621 | Nº |
| P1030M | Menores en situación de acollemento familiar. Mulleres | 622 | Nº |
| P112.H | Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. H | 420 | Nº |
| P112.M | Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. M | 246 | Nº |
| E02 Impulsar a solidariedade e o voluntariado para axudar ás persoas en situación de risco de pobreza e/ou con necesidades | | | |
| P233.H | Participantes en proxectos de voluntariado (Homes) | 663 | Nº |
| P233.M | Participantes en proxectos de voluntariado (Mulleres) | 1.311 | Nº |
| E03 Mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e á revitalización demográfica | | | |
| SE03.H | Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora dasúa situación no ámbito laboral. Homes | 1.426 | Nº |
| SE03.M | Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora dasúa situación no ámbito laboral. Mulleres | 2.227 | Nº |
| E04 Mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade. | | | |
| P1025H | Persoas mozas que reciben axudas. Homes | 305 | Nº |
| P1025M | Persoas mozas que reciben axudas. Mulleres | 450 | Nº |
| P1026H | Participantes en programas de xuventude. Homes | 4.552 | Nº |
| P1026M | Participantes en programas de xuventude. Mulleres | 5.938 | Nº |

| E05 Eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e garantir que este alumnado, máis o da formación | | |
|--|---|-----------|
| P032.H | Alumnado beneficiado por accións de facilitación de materiaiscolares (Homes) | 28 % |
| P032.M | Alumnado beneficiado por accións de facilitación de material escolar (Mulleres) | 28 % |
| P034.H | Alumnado beneficiario do transporte escolar (Homes) | 42 % |
| P034.M | Alumnado beneficiario do transporte escolar (Mulleres) | 42 % |
| P035.H | Alumnado beneficiario dos comedores escolares (Homes) | 37 % |
| P035.M | Alumnado beneficiario dos comedores escolares (Mulleres) | 37 % |
| P037.H | Alumnado participante en programas en inmersión lingüística(Homes) | 23.732 Nº |
| P037.M | Alumnado participante en programas en inmersión lingüística(Mulleres) | 23.927 Nº |
| I01 Mellorar a calidade de vida nos países do Sur a través da cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria galega. | | |
| P0045L | Axudas concedidas para a cooperación exterior e ao desenvolvemento | 85 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 44. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.3 por fonte de financiamento

| PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 370.396.415 | 96,6 |
| FEDER | 5.434.579 | 1,4 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 2.825.881 | 0,7 |
| INTERREG | 180.055 | 0,0 |
| F.S.E. | 4.377.796 | 1,1 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 85.662 | 0,0 |
| Total | 383.300.388 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 45. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.3 por programas de gasto

| PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| 311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL | 41.954.579 | 10,9 |
| 312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA | 132.608.666 | 34,6 |
| 312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE | 1.424.987 | 0,4 |
| 312G - APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL | 1.202.203 | 0,3 |
| 313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE | 15.105.652 | 3,9 |
| 331A - COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO | 5.027.160 | 1,3 |
| 423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA | 185.977.141 | 48,5 |
| Total | 383.300.388 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 46. Xestores da PA.2.3 no orzamento 2018

PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA

SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA U. EUROPEA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

D.X. DE MOBILIDADE

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA

D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL

D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

Fonte: Consellería de Facenda

III.2.4. Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar dos cidadáns, axude aos máis desfavorecidos a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables.

Para a análise da loita contra a pobreza considérase o risco de pobreza ou exclusión social (AROPE). Este indicador corresponde á suma das persoas que están en risco de pobreza ou privados de forma severa de bens materiais ou que viven en fogares con intensidade de traballo moi baixa.

Valórase en risco de pobreza ás persoas cunha renda dispoñible equivalente por baixo do limiar do risco de pobreza, que se fixa no 60% da media da renda nacional equivalente dispoñible (despois das transferencias sociais).

Considérase en privación material severa cando non se pode permitir polo menos catro do seguintes nove conceptos: comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días, manter a vivenda cunha temperatura adecuada, facer fronte a gastos imprevistos, atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal, vacacións polo menos unha semana ao ano, non dispor de coche, teléfono, televisor en cor ou lavadora.

As persoas que viven en fogares con intensidade de traballo moi baixa son aquelas entre 0 e 59 anos de idade que viven en fogares onde os adultos de 18 a 59 anos traballaron menos do 20% do seu potencial total de traballo durante o último ano.


De acordo cos datos de EUROSTAT, no ano 2015 o número de persoas en situación de risco de pobreza ou exclusión social na UE-28 era de 119.049.000, é dicir, un 23,8% da poboación e en España 12.827.000 persoas o que representa o 27,9% da poboación. En Galicia o número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social en 2015 foi de 608.710, en termos porcentuais un 22,6%¹.

En 2015 o indicador AROPE é máis baixo en Galicia que en España e na UE-28; para os tres indicadores que o compoñen a situación é diferente. A taxa de risco de pobreza é máis baixa en Galicia²(19,0%) que en España(22,3%) e na UE-28 (17,4%); a porcentaxe de persoas que viven en fogares con carencia material severa (4,1%), é 1,7 puntos máis baixa que en España e 4,0 puntos inferior á da UE-28; por último, o 13,6% de persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo é un valor superior á UE-28 (8,0%) pero inferior a España (14,9%).

1 Datos IGE

2 Para a desagregación utilízase a información da Encuesta de Condiciones de Vida do INE que eleva a taxa AROPE para Galicia ata o 25,4%.

Mapa 16. Poboación en risco de pobreza ou exclusión social- porcentaxe do total de poboación, Europa. Datos referidos ao ano 2012



Fonte: EUROSTAT

A análise da taxa de pobreza ou cohesión social mostra elevados niveis entre a poboación nova, así como na estranxeira, nos fogares monoparentais con nenos a cargo e nos que teñen unha baixa intensidade de traballo. En 2015, o grupo de idade de 16 a 24 anos é o que presenta unha taxa máis elevada (31,9%) mentres que nos maiores de 65 anos rexístrase a menor taxa, do 13,2%; en todos os grupos (agás o de menores de 16 anos) a taxa é lixeiramente superior nas mulleres, entre tres décimas e 1,7 puntos, no conxunto a taxa das poboación feminina é do 22,5, unha décima inferior á dos homes.

O 24,6% dos fogares con nenos a cargo está en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo especialmente rechamante o caso dos fogares monoparentais nos que máis da metade (51,4%) están nesa situación. Nos fogares sen nenos a cargo a taxa é do 20,8% sendo, neste grupo de fogares, a taxa máis elevada a dos fogares compostos por un só adulto (26,6%).

Segundo a nacionalidade, a taxa entre a poboación estranxeira multiplica por 2,7 a da poboación española residente en Galicia. A taxa da poboación estranxeira sitúase en 2015 no 58,6% e a da poboación española no 21,8%.

Segundo o nivel de estudos a taxa máis alta corresponde a persoas con primeira etapa de educación secundaria (28,5%) mentes que a taxa máis reducida é a das persoas con educación superior (12,8%).

En canto a aspectos territoriais, a provincia de Pontevedra é a que presenta a maior taxa de risco de pobreza ou exclusión social (28,5%) seguida de Ourense (23,3%). Por baixo da media de Galicia, están as provincias de Lugo e A Coruña (16,7% e 19,1% respectivamente). No caso dos grandes municipios, as maiores taxas rexístranse en Vigo (25,2%), Pontevedra (25,0%) e Ourense (23,1%), por debaixo da media da comunidade están os restantes grandes concellos: Ferrol (22,5%), A Coruña (17,2%), Santiago (16,6%) e Lugo (15,4%).

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Aumentar a taxa de cobertura da poboación en risco de pobreza.
- Redución da pobreza e exclusión social no territorio da comunidade autónoma.
- Consolidación da rede de recursos, programas e medidas específicas e especializadas, para abordar a violencia de xénero dende unha perspectiva de asistencia social integral ás mulleres que a sofren e ás persoas ao seu cargo.
- Fortalecemento e impulso das medidas de prevención, para avanzar na paulatina redución desta lacra social ata a súa erradicación.
- A mellora no obxectivo da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes nos ámbitos social e laboral.
- Asegurar a cobertura das necesidades básicas de subsistencia do colectivo de persoas galegas máis vulnerables residentes no exterior.
- O mantemento e preservación das entidades galegas do exterior que desenvolven a atención socio-sanitaria e outros programas en áreas formativas, culturais, de xuventude, para a mellora da vida dos cidadáns galegos residentes no exterior que coadruen á conservación do seu patrimonio histórico e cultural.
- A reincorporación das persoas galegas emigrantes retornadas á sociedade galega, nun entorno social e laboral favorable.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 47. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero | Importe | % Eixe | % PA |
|---|--------------------|------------|--------------|
| OE.2.4.01 Consolidar e mellorar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e con especiais dificultades de inserción social. | 77.045.078 | 1,6 | 59,1 |
| OE.2.4.02 Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación. | 11.602.427 | 0,2 | 8,9 |
| OE.2.4.03 Impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres. | 7.226.427 | 0,1 | 5,5 |
| OE.2.4.04 Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación. | 29.128.495 | 0,6 | 22,3 |
| OE.2.4.05 Reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte e esta lacra, en calquera das súas modalidades e consecuencias. | 5.427.325 | 0,1 | 4,2 |
| Total | 130.429.752 | 2,7 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 32. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Os obxectivos estratéxicos e operativos máis importantes que se prevén desenvolver no ano 2018 e os **principais indicadores de produtividade** asociados son:

Renda de Inclusión Social de Galicia, coa que se pretende axudar a 10.000 persoas, das que se calcula que o 57% serían mulleres.

Coas axudas de Inclusión Social e a Axuda Extraordinaria Pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM), beneficiaríanse preto de 70.000 persoas (66% mulleres).

Co Banco de alimentos axudarase a máis de 80.000 persoas en risco de exclusión para cobertura de necesidades básicas.

A Promoción da inclusión social e loita contra a pobreza e calquera forma de discriminación, Obxectivo estratéxico no que se desenvolverán as accións específicas de inclusión no ámbito do Plan de inclusión de Galicia 2014-2020, nas que se estima participarán unhas 10.600 persoas en situación ou risco de exclusión social (49% mulleres).

Impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres é outro dos obxectivos estratéxicos incluídos nesta prioridade. Coa promoción do autoemprego e do emprendemento femininos., estímase que serán máis de 180 as mulleres beneficiadas do programa EMEGA (50 máis que en 2017).

Unhas 3.700 mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables participarán nas actuacións en colaboración coas entidades que traballan con mulleres en situación de especial vulnerabilidade, e coa promoción da igualdade no ámbito local se espera que unhas 12.000 mulleres reciban información, atención ou asesoramento nos centros de información á muller.

Reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte e esta lacra, en calquera das súas modalidades e consecuencias é outro dos obxectivos estratéxicos no que se destacan os seguintes indicadores de produtividade:

555 mulleres e 593 menores se estima que serán atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero e serán receptoras das axudas económicas periódicas, excepcionais e de pago único.

752 mulleres e 250 menores en atención psicolóxica nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero, 60 Mulleres vítimas violencia de xénero en programas de inserción laboral

160 Mulleres vítimas de violencia de xénero e 140 menores serán atendidos en centros de acollida, 424 mulleres vítimas de trata ou explotación sexual e 4.600 Chamadas ao teléfono atención violencia xénero

Co obxectivo de impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retomadas, para garantir o seu benestar, se estima que se outorgarán axudas a 170 entidades galegas do exterior, a maioría de América do Sur e central, e haberá ao redor de 11.000 persoas emigrantes galegas residentes no exterior e retomadas que recibirán axudas para paliar a súa situación de vulnerabilidade (61% mulleres). Por outra banda, co obxectivo de promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación, realizaranse actuacións nas que participarán preto de 1.600 persoas inmigrantes, tamén a maioría (64%) mulleres.

Cadro 48. Indicadores clave de produtividade da PA.2.4

| | | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|---|----------------|-------------------|
| E2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social | | | |
| PA04 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero | | | |
| E01 Consolidar e mellorar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e con especiais dificultades de inserción social | | | |
| P345.H | Persoas perceptoras da RISGA. Homes | 4.275 | Nº |
| P345.M | Persoas perceptoras da RISGA. Mulleres | 5.725 | Nº |
| E02 Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación. | | | |
| P0076D | Entidades galegas do exterior beneficiadas | 170 | Nº |
| P1027H | Persoas emigrantes galegas residentes no exterior e retornadas. Homes | 4.292 | Nº |
| P1027M | Persoas emigrantes galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres | 6.648 | Nº |
| SC15.H | Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas, como a poboación romani) (Hom) | 560 | Nº |
| SC15.M | Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas, como a poboación romani) (Mul) | 1.011 | Nº |
| E03 Impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres | | | |
| P00181 | Mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento | 12.000 | Nº |
| P00468 | Mulleres beneficiadas do programa de autoemprego da muller (EMEGA) | 183 | Nº |
| SOEE01 | Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións. | 3.705 | Nº |
| E04 Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación | | | |
| SE01.H | Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes | 5.371 | Nº |
| SE01.M | Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres | 5.203 | Nº |
| E05 Reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte e esta lacra, en calquera das súas modalidades e consecuencias | | | |
| P00115 | Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. | 555 | Nº |
| P110.H | Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. (Homes) | 309 | Nº |
| P110.M | Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. (Mulleres) | 284 | Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 49. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.4 por fonte de financiamento

| PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 105.423.415 | 80,8 |
| FEDER | 2.245.994 | 1,7 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 8.965.729 | 6,9 |
| F.S.E. | 13.794.614 | 10,6 |
| Total | 130.429.752 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 50. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.4 por programas de gasto

| PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| 312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL | 77.045.078 | 59,1 |
| 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS | 11.602.427 | 8,9 |
| 313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER | 7.226.427 | 5,5 |
| 313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS | 29.128.495 | 22,3 |
| 313D - PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO | 5.427.325 | 4,2 |
| Total | 130.429.752 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 51. Xestores da PA.2.4 no orzamento 2018

| PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero |
|---|
| PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA |
| SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN |
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA |
| SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE |
| CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL |
| D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA |
| D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL |


Fonte: Consellería de Facenda

III.2.5. Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.

Segundo o Censo de 2011 en Galicia hai 1.606.001 vivendas, das que 1.059.233 principais (o 66,0%), 246.852 son vivendas secundarias (o 15,4%) e 299.396 vivendas están baleiras (o 18,6%). A enquisa de condicións de vida do ano 2015 recolle información sobre vivendas familiares principais e estima o seu número en 1.060.907, o 60,2% destas vivendas tiña como réxime de tenza a propiedade sen hipoteca, mentres que as vivendas en propiedade con hipoteca supoñían o 19,8% e as vivendas en aluguer o 11,6%.

Tendo en conta o ano de construcións dos edificios destinados a vivenda, o 28,5% das vivendas teñen 50 ou máis anos de antigüidade, o 45,7% entre 20 e 49 anos, o 18,0% entre 10 e 19 anos e o 7,8% restante, menos de 10 anos.

Gráfico 33. Vivendas principais segundo antigüidade e clase. Ano 2015



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 99,3% das vivendas familiares principais de Galicia contaba con auga quente (1.053.606 vivendas) e o 72,0% con calefacción instalada (763.290 vivendas). O 39,5% das vivendas que dispoñía de auga quente utilizaba o propano/butano para quentar a auga. As seguintes fontes de enerxía máis utilizadas para este fin eran o gas natural (22,7%), a electricidade (18,9%) e o gasóleo (18,8%). Para o sistema de calefacción, a fonte de enerxía máis habitual era o gasóleo, que o empregaba o 35,3% das vivendas con instalación de calefacción. A continuación atopábanse o gas natural (26,2%), a electricidade (25,3%) e a biomasa (10,0%).

En relación aos servizos exteriores, o 82,8% das vivendas familiares principais tiña conexión pública de augas residuais e unha porcentaxe moi similar (82,2%) conexión á rede pública de auga potable. Aínda que a práctica totalidade das vivendas dispoñía de servizo de recollida de lixo nun contorno inmediato á vivenda (97,7%) a porcentaxe das que dispoñían de servizo de recollida selectiva de lixo baixaba ata o 79,5%. O 60,4% das vivendas dispoñía dun centro de saúde ou ambulatorio públicos a unha distancia aproximada de 15 minutos a pé e o 37,1% utilizando algún medio de transporte (o 20,1% tiña a posibilidade de usar o transporte público e o 16,9% non dispoñía desta posibilidade). O 2,5% restante

non contaba cun centro de saúde (ou ambulatorio) a unha distancia aproximada de 15 minutos.


Por outra banda, o 56,6% das vivendas tiña acceso a unha gardería pública a unha distancia de 15 minutos a pé, o 17,4% utilizando algún medio de transporte público, o 15,1% utilizando algún medio de transporte pero sen posibilidade de transporte público e o 10,9% restante non tiña este servizo.

Segundo a superficie útil das vivendas principais era de 107 metros cadrados. Ademais, o 20,5% contaba cunha superficie superior aos 120 metros cadrados. No tocante ao tipo de edificio, case a metade (48,3%) eran vivendas unifamiliares (independentes ou acaroadas). Os pisos ou apartamentos que formaban parte de edificios con 10 ou máis vivendas supoñían o 34,4% do total de vivendas, mentres que os situados en edificacións máis pequenas (menos de 10 vivendas) conformaban o 17,3% do total.

Os gastos totais da vivenda supoñían unha carga pesada para 6 de cada dez fogares no ano 2015. Esta porcentaxe era maior entre os fogares que tiñan a vivenda en aluguer (70,6%) e menor entre os fogares coa vivenda cedida ou con outro réxime de tenza (52,0%).

En 2015, o 72,3% dos fogares galegos estaba satisfeito coa súa vivenda e o 15,9% moi satisfeito. A porcentaxe de fogares moi insatisfeitos coa vivenda non chegaba ao 3%. Entre os problemas máis habituais sufridos polas vivendas atopábanse as humidades e as deficiencias de illamento térmico e acústico que afectaban ao 29,0% e ao 18,7% dos fogares galegos, respectivamente. O 14,3% dos fogares manifestou que sufría problemas de ruído na vivenda. Os máis habituais eran por mor do tráfico terrestre (59,5%) e dos veciños (36,1%). Por outra banda, o 9,8% tiña problemas de cheiros na vivenda. Neste caso, entre as causas máis habituais atopábanse a canalización e saneamento (40,8%) e as debidas ás xeradas por industrias (22,9%).

Gráfico 34. Vivendas principais segundo a carga que supoñen os gastos e o grao de satisfacción coa vivenda. Ano 2015



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

En 2015, algo máis da metade dos fogares galegos (50,5%) levaba residindo na mesma vivenda 20 ou máis anos, o 23,8% entre 10 e 19 anos, o 14,0% entre 5 e 9 anos e o 11,7% restante, menos de 5 anos. O 22,2% dos fogares que mudaron de vivenda nos últimos 5 anos fixérono para cambiar a unha vivenda mellor. Outras das razóns principais de cambio foron a cesión ou adquisición dunha vivenda en propiedade (20,0%), a formación dun novo fogar (15,3%) e por motivos laborais (14,8%).


O número de vivendas protexidas rolda as 30.000, das cales un 10% está en réxime de aluguer. O número Inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Galicia de vivenda protexida ascende a 12.054 persoas en outubro de 2017, por provincias o 44,8% corresponden a Pontevedra, o 40,6% á Coruña, o 10,7% a Lugo e o 3,9% restante a Ourense. A maior demanda rexístrase para Vivenda de Protección Oficial de Promoción Pública en réxime de alugueiro cun 61% das demandas, o alugueiro con opción de compra desde tipo de vivendas é o 14,5% das demandas.

O prezo por m² da vivenda, segundo a información subministrada polo Ministerio de Fomento, foi de 1.187 euros no segundo trimestre de 2017 para a vivenda libre e de 951 euros para a protexida. Segundo esta estatística o prezo da vivenda libre descendeu máis dun 20% dende 2008; en 2015 e 2016 o prezo creceu lixeiramente e nos dous primeiros trimestres de 2017 o prezo creceu un 1,2% con respecto ao mesmo período do ano anterior. A vivenda protexida presenta descensos de prezo en 2013, 2014 e 2015 que acumulan unha caída do 17,5%, en cambio en 2016 e nos dous primeiros trimestres de 2017 o prezo subiu un 2,1 e un 2,6% respectivamente.

Segundo a enquisa de presupostos familiares do ano 2016, o gasto en vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles representa o 29,6% do gasto dos fogares galegos (inclúe o aluguer imputado, sen esta partida a porcentaxe é do 13,7%), sendo o grupo de gasto que experimenta un maior incremento desde 2006 (3,5% medio anual fronte ao crecemento 0,4% do gasto total). Este dato mostra a importancia de analizar os fogares que destinan unha parte destacada dos seus ingresos á vivenda.


Así, a porcentaxe de fogares galegos con hipoteca sobre a vivenda principal no ano 2015 era do 19,7% (208.000 fogares). A porcentaxe de fogares que dedican máis do 50% dos seus ingresos ao pagamento da hipoteca é do 3,2%. Segundo o intervalo de ingresos obsérvase unha incidencia do gasto en hipoteca do 30,4% nos fogares con maiores ingresos, e do 5,0% nos de menores ingresos (menos de 600 euros).

Gráfico 35. Porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca da vivenda principal.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Gráfico 36. Fogares segundo a porcentaxe de ingresos dedicados ao pago da vivenda principal. Ano 2015



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No caso das vivendas familiares principais en réxime de aluguer, que no ano 2015 ascendía ao 11,9% dos fogares galegos, a proporción dos que destinan máis do 50% dos seus ingresos ao pago do aluguer sobe até o 9,7%.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Posibilitar o acceso tanto en compra como en aluguer, especialmente para os colectivos máis desfavorecidos.

- Incrementar a vivenda de promoción pública.
- Impulsar a iniciativa privada para desenvolver vivenda a prezos limitados e xestionar solo residencial que permita a construción de vivendas a prezos limitados.

A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 52. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.5 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia | Importe | % Eixe | % PA |
|---|-------------------|---------------|--------------|
| OE.2.5.01 Facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos. | 21.308.774 | 0,4 | 100,0 |
| Total | 21.308.774 | 0,4 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Os **principais indicadores de produtividade** asociados aos obxectivos operativos máis importantes que se prevén desenvolver no ano 2018 son:

Se estima licitar unhas 125 vivendas de promoción pública para promover o acceso á vivenda en propiedade. (21 máis que en 2017)

O número de axudas para facilitar o acceso á vivenda que se estima se concederán en 2018, rolda las 3.330 axudas (que inclúen tanto as axudas para facilitar o acceso á vivenda en propiedade, como as de aluguer e as de prevención da exclusión residencial mediante o bono alugueiro.

Ademais se calcula que ao longo de 2018 se conseguirán case 265.000 m² de superficie de planeamento aprobado, máis de 25.000 m² con planeamento en tramitación e se adquirirán ao redor de 56.300m² para facilitar o acceso á vivenda.

Cadro 53. Indicadores clave de produtividade da PA.2.5

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|---|----------------------|
| E2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social | | |
| PA05 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia | | |
| E01 Facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos | | |
| P00301 | Superficie de planeamento aprobado | 264.498 M2 |
| P00302 | Superficie de planeamento en tramitación | 25.860 M2 |
| P00304 | Superficie de solo adquirido | 56.349 M2 |
| P00314 | Vivendas de promoción pública licitadas | 125 N ^o |
| P0045D | Axudas concedidas para o acceso á vivenda | 3.328 N ^o |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 54. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.5 por fonte de financiamento

| PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia | Importe | % |
|--|-------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 16.835.000 | 79,0 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 4.473.774 | 21,0 |
| Total | 21.308.774 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 55. Distribución do orzamento 2018 da PA.2.5 por programas de gasto

| PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia | Importe | % |
|--|-------------------|--------------|
| 451B - ACCESO Á VIVENDA | 21.308.774 | 100,0 |
| Total | 21.308.774 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 56. Xestores da PA.2.5 no orzamento 2018

| PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia |
|--|
| INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO |

Fonte: Consellería de Facenda

III.3. EIXE 3. CRECEMENTO SUSTENTABLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Este eixe ten como denominador común, a posta en valor do potencial medioambiental da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario como panca de crecemento.

O medio natural de Galicia, incluíndo as súas augas, constitúen un ben sen o que non se pode entender a nosa Comunidade Autónoma e que conta cun amplo percorrido de posibilidades para a súa posta en valor.

Por un lado, dende un punto de vista turístico, sector cun amplo futuro en continuo cambio, no que a nosa comunidade autónoma debe incidir nas súas fortalezas fronte os principais destinos europeos. Por outro lado, no que atinxe a un sector agropecuario e forestal cun bo produto e amplo percorrido para xerar valor engadido en torno a el, o mesmo acontece coa pesca e a acuicultura e a industria transformadora.

Por último, Galicia produce o 10% da enerxía nacional. En consecuencia, as posibilidades das novas fontes de enerxía, abren un horizonte no que traballar para mellorar o mix enerxético e mesmo para crear unha industria en torno a determinadas enerxías renovables, tanto tradicionais como a eólica, como as novas liñas de traballo en torno á biomasa e outras renovables como a undimotriz, solar fotovoltaica ou geotérmica.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2018 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 57. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe 3

| E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes | Importe | % total | % eixe |
|---|--------------------|----------------|---------------|
| PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural | 590.628.114 | 6,2 | 60,7 |
| PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono | 62.104.084 | 0,7 | 6,4 |
| PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados | 58.115.071 | 0,6 | 6,0 |
| PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial | 206.632.366 | 2,2 | 21,2 |
| PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa | 56.183.426 | 0,6 | 5,8 |
| Total | 973.663.061 | 10,2 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 37. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe 3



Fonte: Consellería de Facenda

A táboa seguinte mostra o orzamento do eixe por fonte de financiamento.

Cadro 58. Distribución do orzamento 2018 do eixe 3 por fonte de financiamento


| E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 667.989.872 | 68,6 |
| F.C.I. | 2.000.000 | 0,2 |
| FEDER | 51.152.326 | 5,3 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 16.801.984 | 1,7 |
| F.E.A.D.E.R | 163.047.572 | 16,7 |
| F.E.A.G.A | 6.412.899 | 0,7 |
| F.E.P. | 64.985.963 | 6,7 |
| INTERREG | 1.148.928 | 0,1 |
| TRANSFERENCIAS FINALISTAS | 14.520 | 0,0 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 108.997 | 0,0 |
| Total | 973.663.061 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

III.3.1. Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural

O peso do VEB do sector primario en Galicia sobre o VEB total foi o 5,1% en 2016, unha décima menos que no ano anterior, e similar á media dos últimos doce anos. A estrutura porcentual do sector primario por grandes ramas de actividade é a seguinte: a agricultura e gandería supón o 65%, a silvicultura e explotación forestal o 11% e a pesca o 24% do VEB do sector primario.

Mapa 17. VEB pb do sector agrario e gandeiro por unidade de traballo anual. 2013



Fonte: Eurostat. Statistical atlas


No que se refire ao emprego e segundo a Enquisa de poboación activa, no sector primario hai 71.400 ocupados en 2016, que representan o 6,9% do total. O 63% dos ocupados son homes e o 69% traballan na agricultura, gandería e silvicultura, mentres que o restante 31% na pesca e acuicultura.

Analizando os datos da Enquisa da estrutura das explotacións agrícolas, Galicia suma un total de 655.519 ha de superficie agraria útil (SAU) en 2013, o que supón un 22,2% da superficie total da Comunidade, comparado coa media europea, a porcentaxe de SAU sobre a superficie total está 17,2 puntos por debaixo. Desta superficie o 22,2% son terras

labradas, o 49,4% son terras para pastos permanentes e o restantes 28,4% corresponde a outras terras.

En 2013, o 97,9% das 79.321 explotacións contan con superficie agraria útil, aínda que a escasa dimensión desta e o elevado número de parcelas é unha constante definitoria da estrutura agraria. De feito, aínda que a media da superficie agraria útil por explotación é de 8,4 Ha, apenas o 10 % supera as 20 (datos do censo agrario de 2009). O tamaño medio das explotacións a nivel europeo é de 14,4 Ha, un 71,4% superior á dimensión galega.

Mapa 18. Tamaño medio das explotacións. (Ha) 2010




Fonte: Eurostat. Statistical atlas

A gandería constitúe o alicerce fundamental da actividade agraria galega. Segundo a enquisa de estrutura das explotacións agrícolas de 2013, o número de unidades gandeiras (UG) de vacún, que se calculan aplicando un coeficiente a cada especie e tipo, para agregar nunha unidade común diferentes especies, supoñían o 57,8% das unidades gandeiras con 928.312 cabezas de ganado, seguido das UG de porcino (23,6%) e de aves (15,4%).

Dentro das explotacións con ganado vacún, o activo máis importante é o das explotacións de vacún leiteiro, tanto en termos de produción como de repercusión social. No período 2014/2015, último con cota láctea, a cota láctea asignada a Galicia foi de 2,2 millóns de toneladas, o 38% da cota nacional, as entregas de leite foron de 2,5 millóns de toneladas superando o asignado. O número de vacas leiteiras maiores de 24 meses en setembro de 2016 ascendía a 338.710 (39,5% de España).

Mapa 19. Produción de leite de vaca (Tm por km²). 2015



Fonte: Eurostat. Statistical atlas

Da análise conxunta dos datos despréndense dous elementos substantivos. Por unha banda conséntase unha significativa redución do número de explotacións gandeiras ao longo dos últimos 15 anos que leva asociado un aumento no tamaño das mesmas; por outro, a estrutura da gandería galega foise conformando ao redor dunha dobre realidade produtiva: por unha banda, un grupo principal de explotacións industrializadas con dedicación íntegra á actividade, principalmente no sector lácteo, porcino e avícola; doutro, un crecente número de produtores de escasa dimensión e dedicación multifuncional a tempo parcial, que comercializan a súa produción a través de mercados locais. No que respecta á agricultura conséntase unha notable orientación cara á produción de cultivos forraxeiros. Outros cultivos cobran crecente importancia: pataca, hortícolas, flor e sector vitivinícola, maioritariamente vinculados á produción de calidade diferenciada.

No apartado da silvicultura, Galicia conta en 2015 cunha superficie forestal de 1.802.307 de Ha, o que representa o 61% do total da superficie. O 33% da superficie

forestal pertence á provincia de Lugo, seguida de Ourense e A Coruña cun 27 e 25%, respectivamente, mentres que Pontevedra aporta o 15% da superficie forestal de Galicia.

Con datos de 2014 o sector forestal e a industria anexa achega o 1,8 % do VEB de Galicia. A produción derivada da industria transformadora da madeira é a principal achega económica do subsector forestal, seguido da silvicultura (8,25 millóns de metros cúbicos en 2015) e a fabricación de mobles e de papel. Hai máis de 3.800 empresas con actividade neste sector (silvicultura, industria da madeira, industria do papel e fabricación de mobles, dos que o 55% son persoas físicas. Estas empresas proporcionan máis de 21.000 postos de traballo.

○ 98 % da superficie forestal galega é de natureza privada, na que teñen importancia os 3.215 montes veciñais de man común, que ocupan o 37% da superficie forestal cunha media de 207 Ha por comunidade.


En 2014 case a metade do volume de cortas de madeira do conxunto de España producíronse en Galicia con 7,4 millóns de metros cúbicos. Tamén cómpre destacar que a superficie total repoboada ascendeu a 3.277 Ha, o 34% do total estatal.

Os incendios forestais constitúen un dos máis importantes problemas ambientais de Galicia. Analizando o período dos últimos dez anos, 2007-2016, a media anual de superficie arborada queimada ascende a 4.400 Ha e a 15.160,5 Ha a de superficie total. Estas cifras supoñen o 27% do total de sinistros producidos en España, mentres que a superficie arborada e total forestal afectada representan o 16 e 17%, respectivamente do total nacional.

A pesca e a acuicultura representa aproximadamente o 26% do valor engadido do sector primario nos últimos anos e o 55% do sector a nivel nacional. O subsector da pesca e acuicultura dá traballo ao 2,1% (ano 2016) dos ocupados en Galicia, fronte ao 0,07% da UE; os ocupados neste subsector en Galicia supoñen en 2015 o 56,9% dos ocupados a nivel nacional e o 12,1% a nivel da UE 28.

○ VEB da pesca en termos nominais ten un peso no conxunto do VEB da economía galega do 1,3% no ano 2014, coincidindo coa media dos dez últimos anos. Así mesmo, en termos de postos de traballo representa o 2,1%. Por outro lado, o sector en Galicia achega case o 50% do valor engadido xerado no conxunto de España (44% en 2014) e o 59% dos postos de traballo.


Gráfico 38. Peso da pesca no VEB galego (esquerda) e no VEB da pesca de España (dereita)



A frota pesqueira con porto base en Galicia conta en 2016 con 4.430 barcos e supón, aproximadamente, un 48,5 % da frota nacional e o 5,4% da europea. O 96% dos buques faenan no caladoiro nacional e dentro destes o 92% traballan con artes menores. Hai unha grande variedade de especies capturadas e o seu valor económico é alto, segundo o anuario de pesca 2015, as vendas de produtos pesqueiros frescos realizados nas lonxas galegas superaron as 180.000 toneladas e os 458 millóns de euros. O 77% da facturación provén de vendas de peixes e case o 14% de vendas de bivalvos. Destacan dentro destes grupos as vendas de pescada -no caso dos peixes- e de ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho- no caso dos bivalvos.

A costa galega é un lugar idóneo para a acuicultura, tanto para a produción de moluscos como para a de peixes, para o que se require a utilización de diferentes métodos de produción segundo o tipo de cultivo que se trate e a zona onde se localice. En 2016 o valor da produción da acuicultura mariña foi de 187 millóns de euros, dos que o 60% corresponde ao mexillón e o 28% ao rodaballo.

Mapa 20. Produción da acuicultura. Tm (esquerda) e Valor en euros (dereita). 2015



As vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas foron en valor un 7,4% superiores ás do ano anterior, aumentando un 4,4% a cantidade das vendas, o que implica un crecemento medio dos prezos do 2,8%. Por outro lado, o valor en primeira venda da pesca fresca capturada nos portos galegos, tanto de titularidade da Comunidade Autónoma como estatal, representa en 2015 o 46% do total nacional.

A industria de procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos, chega o 1% do VEB total da economía e xera máis de 10.000 postos de traballo.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Contar cun sistema portuario pesqueiro adaptado ás especificidades de cada porto e comunidade que contribúa a lograr a sustentabilidade da actividade pesqueira mediante infraestruturas modernas, especializadas e eficientes.
- Desenvolvemento de servizos e actividades nos portos galegos optimizando a adaptación ás necesidades dos usuarios destes, primando o sector profesional e a náutica recreativa
- Acadar un cumprimento do programa de control técnico-sanitario superior ou igual ao 95% para evitar as consecuencias negativas sobre as persoas.
- Rematar todas as concentracións parcelarias con camiños principais abertos. Proxectar e executar os camiños principais en todas as concentracións que están na fase de Bases Definitivas. Pasar á fase de Bases Definitivas en todas as concentracións que se atopen en fase de Decreto, en fase de Bases Provisionais ou nas que estas estean en proceso de elaboración.
- Reducir o número de lumes e de superficie queimada, de tal forma que non se supere a media de 3 ha por lume, 1 ha. de superficie arborada por lume, se mantéña o número de lumes maiores de 25 ha por debaixo do 2% do total e os de lumes menores ou iguais a 1 ha por riba do 70%, se reduza o número de incendios e a superficie queimada total con respecto á media dos últimos 10 anos.
- Conseguir que no vindeiro período os habitantes do rural teñan ao seu alcance, tódolos servizos de carácter básico que favorezan a conciliación familiar e unha mellor atención das persoas dependentes.
- Frear o envellecemento e o despoboamento das zonas rurais.
- Incrementar a renda agraria e a produtividade da agricultura, que é inferior á media estatal e comunitaria, manténdose arredor do 90% do valor da media da UE.
- Mellorar o investimento e I+D na agricultura galega, que incide negativamente no desenvolvemento deste sector, así como a baixa formación dos agricultores e gandeiros.

- Fomentar o control leiteiro para avaliar a calidade produtiva dos animais, promover a mellora xenética do gando frisón que aumente as producións das explotacións, fomentar a utilización dos recursos zootécnicos autóctonos
- Promover a calidade dos produtos obtidos das explotacións gandeiras e converter ao sector vitivinícola nun eixo produtivo de primeiro orde na economía agraria galega.
- Aumentar o tamaño das explotacións e as empresas e aumentar a orientación da súa produción cara a produtos de calidade certificada. Apertura de novos mercados.
- Fomentar o asociacionismo agrario sobre todo en sectores menos desenvolvidos como os de produtores de froitas e hortalizas, flor, planta ornamental, etc
- Incrementar a porcentaxe de montes xestionados mediante un instrumento de ordenación e xestión forestal. Aumentar os montes certificados mediante un sistema de certificación internacionalmente recoñecido.
- Resolver deslindes parciais ou totais de montes veciñais en man común. Crear sociedades ou asociacións de xestión ou comercialización forestal conxunta. Fomentar o uso silvopascícola ordenado.
- Consolidar o estado sanitario da cabana gandeira galega. Estender os programas sanitarios voluntarios.
- Garantir e incrementar a produtividade agrícola, fomentando o progreso técnico e asegurando o desenvolvemento racional desta, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular, da man de obra; un nivel de vida equitativo á poboación agrícola; a estabilización dos mercados, a seguridade dos abastecementos e asegurar ao consumidor subministracións de calidade a prezos razoables.
- Contar cun sector pesqueiro con organizacións operativas e eficaces.
- Lograr un recoñecemento social do traballo na pesca con especial incidencia na visibilidade do traballo feminino.
- Incrementar a innovación e a diversificación nas comunidade pesqueiras.
- Conseguir una maior valoración e protección do patrimonio cultural da pesca e achegar o mar a todos os sectores sociais convertendo as actividades marítima en actividades inclusivas socialmente.
- Potenciar medidas que aumenten a competitividade, a produción e fomenten a internacionalización dos produtos pesqueiros e da acuicultura.
- Mellorar a trazabilidade dos produtos pesqueiros que permita avanzar na loita contra a pesca ilegal.
- Fomentar a comercialización de produtos obtidos con métodos que teñan un baixo impacto no medio ambiente. Desenvolver sectores da comercialización e transformación cun elevado potencial de crecemento reforzando tamén a cadea de innovación

- Mellora da competitividade de pequenas e medianas empresas das zonas de pesca. Engadir valor aos produtos da pesca e acuicultura.
- Dinamizar as zonas pesqueiras e mellorar a formación nas zonas de pesca
- Promover o intercambio de experiencias e cooperación.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 59. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural | Importe | % Eixe | % PA |
|---|--------------------|---------------|--------------|
| OE.3.1.01 Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira. | 15.301.849 | 1,6 | 2,6 |
| OE.3.1.02 Controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar e garantir a seguridade no mar e coordinar o salvamento marítimo. | 27.040.860 | 2,8 | 4,6 |
| OE.3.1.03 Mellorar as infraestruturas no medio rural para acadar unhas explotacións máis competitivas. | 34.496.880 | 3,5 | 5,8 |
| OE.3.1.04 Reducir os danos provocados polos incendios forestais, mellorando a prevención e a defensa contra os mesmos. | 102.920.151 | 10,6 | 17,4 |
| OE.3.1.05 Mellorar as condicións de vida da poboación no territorio rural galego, especialmente a través da creación de emprego. | 43.619.483 | 4,5 | 7,4 |
| OE.3.1.06 Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación. | 104.705.473 | 10,8 | 17,7 |
| OE.3.1.07 Fomentar a innovación e a calidade diferenciada no eido agroalimentario e impulsar o asociacionismo agrario para poder acceder ao mercado en condicións máis favorables a través da organización da produción e da comercialización. | 10.894.754 | 1,1 | 1,8 |
| OE.3.1.08 Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomentar a xestión forestal sostible. | 77.241.448 | 7,9 | 13,1 |
| OE.3.1.09 Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos. | 49.982.737 | 5,1 | 8,5 |
| OE.3.1.10 Aumentar a renda de agricultores/as e gandeiros/as de Galicia. | 6.766.270 | 0,7 | 1,1 |
| OE.3.1.11 Contar cun sector pesqueiro con organizacións costeiras operativas e eficaces e potenciar a cultura do seguro no mar. | 3.382.673 | 0,3 | 0,6 |
| OE.3.1.12 Mellorar a competitividade do sector pesqueiro, a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura e fomentar unha pesca sostible. | 72.305.636 | 7,4 | 12,2 |
| OE.3.1.13 Dinamizar as zonas pesqueiras, impulsando un modelo transversal de desenvolvemento sostible. | 15.223.059 | 1,6 | 2,6 |
| OI.3.1.01 Contribuír ao fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural. | 26.746.841 | 2,7 | 4,5 |
| Total | 590.628.114 | 60,7 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 39. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación os obxectivos estratéxicos máis relevantes son “Reducir os danos provocados polos incendios forestais, mellorando a prevención e a defensa contra os mesmos” e “Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agroandadeiras e fomentar a súa modernización e diversificación” .

Para conseguir o primeiro obxectivo, realizaranse accións de planificación preventiva contra incendios forestais asentada na actuación concertada de todas as administracións reforzando as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais (por medio da realización de tratamentos preventivos e silvícolas) e de campañas de educación e sensibilización.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño destas accións:

- a) A poboación beneficiada das medidas de prevención contra incendios forestais será de 35.000 persoas.
- b) A superficie forestal mellorada aproximarase ás 29.000 hectáreas.
- c) O número de efectivos que se empregarán na prevención e a defensa contra os incendios forestais é de 1.958.

En canto ao segundo obxectivo estratéxico mencionado anteriormente, concederanse axudas a investimentos produtivos nas explotacións agrarias, á incorporación de novos activos e realizaranse actuacións en materia de agroambiente e clima.

Os seguintes indicadores medirán a realización destas actividades:

- a) Serán case 8.300 as explotacións de Galicia que se acollan a medidas de mellora en investimentos produtivos.
- b) 2.185 persoas mozas acolleranse a medidas de incorporación como titulares en explotacións agrarias

Outros obxectivos estratéxicos relevantes da prioridade de actuación son: “Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomentar a xestión forestal sostible”, “Mellorar a competitividade do sector pesqueiro, a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura e fomentar unha pesca sostible”, “Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos”, “Mellorar as condicións de vida da poboación no territorio rural galego, especialmente a través da creación de emprego”, “Mellorar as infraestruturas no medio rural para acadar unhas explotacións máis competitivas”, “Fomentar a innovación e a calidade diferenciada no eido agroalimentario e impulsar o asociacionismo agrario para poder acceder ao mercado en condicións máis favorables a través da organización da produción e da comercialización”, “Aumentar a renda de agricultores/as e gandeiros/as de Galicia”, “Contar cun sector pesqueiro con organizacións costeiras operativas e eficaces e potenciar a cultura do seguro no mar”, “Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira” “Dinamizar as zonas pesqueiras, impulsando un modelo transversal de desenvolvemento sostible” e “Controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar e garantir a seguridade no mar e coordinar o salvamento marítimo”.

Para a consecución destes obxectivos realizaranse actuacións que se medirán principalmente cos seguintes indicadores:

- a) Realizaranse un total de 2.147 operacións co obxectivo de aumentar a produtividade dos montes galegos e fomentar a xestión forestal sostible nunha superficie de mais de 36.000 hectáreas cun investimento privado que acompaña á axuda pública de máis de 42 millóns de euros.
- b) Realización dun total de 43 proxectos en investimentos produtivos en acuicultura, 47 de apoio ao sector da transformación e 121 proxectos de apoio á xestión de recursos para equilibrar as capacidades pesqueiras ás posibilidades de pesca.
- c) Concederanse 10 axudas a entidades do sector pesqueiro.
- d) Construíranse ou melloraranse 1.072 quilómetros de camiños rurais, 172 deles correspondentes a actuacións desenvolvidas en 134 Zonas de concentración parcelaria.

- e) O investimento privado que acompañará á axuda pública será de mais de 24 M€ para actuacións de desenvolvemento local participativo (Operación Leader).
- f) Realizaranse 34 proxectos en materia de infraestruturas e equipamentos en portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e fondeadores.
- g) Acadarase unha porcentaxe do 99% de consecución dos controis programados para analizar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar.
- h) Prevese a realización de 16.300 inspeccións en materia de control pesqueiro.
- i) Ascenden a 863 o nº de efectivos destinados a garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos.
- j) Concederanse 100 axudas para o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.
- k) Concederanse 134 axudas ao sector pesqueiro e acuícola.

Cadro 60. Indicadores clave de produtividade da PA.3.I

| | | Valor Previsto | Unidade de medida |
|---|---|----------------|-------------------|
| E3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes | | | |
| PA01 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural | | | |
| E01 Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira | | | |
| P00135 | Proxectos en materia de infraestruturas e equipamentos en portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e fondeadores | 34 | Nº |
| E02 Controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar e garantir a seguridade no mar e coordinar o salvamento marítimo | | | |
| P00001 | Análises de control alimentario | 99 | % |
| P00009 | Inspeccións pesqueiras realizadas | 16.300 | Nº |
| E03 Mellorar as infraestruturas no medio rural para acadar unhas explotacións máis competitivas | | | |
| P00046 | Quilometraxe de camiños rurais construídos e/ou mellorados | 172 | KM |
| P00319 | Zonas de concentración parcelaria con actuacións desenvolvidas. | 134 | Nº |
| E04 Reducir os danos provocados polos incendios forestais, mellorando a prevención e a defensa contra os mesmos | | | |
| P00299 | Superficie de mellora forestal | 28.693 | Ha |
| P01004 | Número de efectivos | 1.958 | Nº |
| E05 Mellorar as condicións de vida da poboación no territorio rural galego, especialmente a través da creación de emprego | | | |
| P00046 | Quilometraxe de camiños rurais construídos e/ou mellorados | 900 | KM |
| P00103 | Investimento privado que acompaña á axuda pública | 24.440.000 | Euros |
| E06 Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación. | | | |
| P00088 | Explotacións agrarias e/ou gandeiras que se acollen a medidas de mellora en investimentos produtivos | 8.283 | Nº |
| P180.M | Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Mulleres | 2.185 | Nº |
| E08 Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomentar a xestión forestal sostible. | | | |
| P00103 | Investimento privado que acompaña á axuda pública | 42.105.000 | Euros |
| P00297 | Superficie de actuación | 36.076 | Ha |
| E09 Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos. | | | |
| P01004 | Número de efectivos | 863 | Nº |
| E11 Contar cun sector pesqueiro con organizacións costeiras operativas e eficaces e potenciar a cultura do seguro no mar. | | | |
| P0045N | Axudas concedidas a entidades do sector pesqueiro | 10 | Nº |
| E12 Mellorar a competitividade do sector pesqueiro, a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura e fomentar unha pesca sostible | | | |
| P0045H | Axudas concedidas ao sector pesqueiro e acuícola | 134 | Nº |
| E13 Dinamizar as zonas pesqueiras, impulsando un modelo transversal de desenvolvemento sostible. | | | |
| P0045I | Axudas concedidas para o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras | 100 | Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 61. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.1 por fonte de financiamento

| PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 347.899.193 | 58,9 |
| FEDER | 2.029.469 | 0,3 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 15.846.633 | 2,7 |
| F.E.A.D.E.R | 153.160.730 | 25,9 |
| F.E.A.G.A | 6.412.899 | 1,1 |
| F.E.P. | 64.985.963 | 11,0 |
| INTERREG | 293.227 | 0,0 |
| Total | 590.628.114 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 62. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.1 por programas de gasto

| PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| 513A - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA | 10.154.626 | 1,7 |
| 514A - INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS | 5.147.223 | 0,9 |
| 541C - PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO- SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR, MELLORA DO MEI | 27.040.860 | 4,6 |
| 551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL | 34.496.880 | 5,8 |
| 551B - ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL | 102.920.151 | 17,4 |
| 711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL | 18.316.035 | 3,1 |
| 712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL | 43.619.483 | 7,4 |
| 712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL | 100.750.425 | 17,1 |
| 712C - FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA | 717.412 | 0,1 |
| 713B - ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS | 77.241.448 | 13,1 |
| 713C - IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES | 3.955.048 | 0,7 |
| 713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCIÓN AGROALIMENTARIA | 10.177.342 | 1,7 |
| 713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL | 49.982.737 | 8,5 |
| 713F - REGULACIÓNS DAS PRODUCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES | 6.766.270 | 1,1 |
| 721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS | 8.430.806 | 1,4 |
| 722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. | 3.382.673 | 0,6 |
| 723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA | 63.470.636 | 10,7 |
| 723B - REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA | 8.835.000 | 1,5 |
| 723C - DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZOAS DE PESCA | 15.223.059 | 2,6 |
| Total | 590.628.114 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 63. Xestores da PA.3.1 no orzamento 2018

PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL

DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL

CONSELLERÍA DO MAR

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO

Fonte: Consellería de Facenda


III.3.2. Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono.

Galicia presenta unha forte dependencia enerxética do exterior, segundo os datos do INEGA, en 2015 o 17,9% da enerxía primaria provén de Galicia, fundamentalmente da biomasa (34%), vento (32%) e auga (24%). O restante 82,1% da enerxía primaria é importada, na que o petróleo representa o 60%, o carbón o 25% e o gas natural o 14%.

A capacidade de autoabastecemento de electricidade e de calor diminuíu no ano 2015 pola baixada da xeración de electricidade con enerxías renovables. Así esta capacidade pasou do 61,5% no ano 2014, ao 52,6% no 2015. Se se inclúe ó consumo de produtos petrolíferos, este valor diminuíu desde o 38,3% no ano 2014 ata un 33,2% no 2015.

O consumo de enerxía eléctrica en Galicia ascende en 2015 a 17,9 millóns de MWh, un 3% inferior ao do ano anterior. O consumo de enerxía eléctrica por sectores, a industria é o primeiro demandante de enerxía eléctrica, seguido polo consumo doméstico e o sector servizos. O sector primario é permanentemente o de menor consumo global de enerxía eléctrica. O seguinte gráfico mostra a distribución de enerxía eléctrica por sectores en MWh.

Gráfico 40. Distribución do consumo de enerxía eléctrica por sectores (Mwh)




Fonte: INEGA

Respecto ao consumo de enerxía primaria por fonte, para o ano 2015, de acordo cos datos do Balance Enerxético de Galicia elaborado polo INEGA, o 48,3% do consumo de enerxía primaria procedía do petróleo, o 19,8% ao carbón, o 20,7% de enerxías renovables e o 11,2% de gas natural.

Nos últimos 11 anos a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes renovables aumentou 10 puntos desde o 11,7% de 2005. Pola contra, prodúcese unha diminución do peso das enerxías convencionais, agás o gas natural que gaña máis de 7 puntos.

Gráfico 41. Evolución na porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes de enerxía renovables



Fonte: INEGA –Balance Enerxético de Galicia 2015

As enerxías renovables seguen mantendo un papel fundamental no escenario enerxético galego. En 2015, de acordo cos datos do Balance Enerxético de Galicia, o 51,4% da xeración eléctrica en Galicia procedía de fonte renovables, seguido en importancia polo carbón cun 37,8%. Dentro da xeración de fontes de enerxía renovables, cabe destacar o peso da enerxía eólica cun 55,0%, seguido da grande hidráulica cun 37,7%. A xeración eléctrica procedente de renovables representa o 15,7% do total de España.


Da acordo cos datos facilitados polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, durante o ano 2015 a emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI) foi en Galicia de 28,81 millóns de toneladas de CO₂ equivalente, cun incremento do 5,7% con relación ao ano anterior.

Os datos detallados da emisión de GEI corresponden ao ano 2014 por categoría de actividade indicándonos que máis do 75% corresponden a actividades de combustión dentro do procesado da enerxía. Da agricultura e dos procesos industriais proceden o 12,9 e o 8% das emisións totais de GEI, respectivamente.

O 80,3% dos GEI é dióxido de carbono (CO₂), seguido polo metano (CH₄) cun 11,2% e o óxido nítrico (N₂O) cun 4,8%. Por último, os gases fluorados representan o 3,6%.

A evolución do índice de emisión de gases de efecto invernadoiro GEI desde os niveis do ano 1990 a 2015, tomándose como ano de referencia 1990=100, en Galicia, España e Europa-28 é representada no seguinte gráfico. Desde 2007-2008 en diante, houbo unha diminución do índice de emisións de GEI como consecuencia da crise que afectou con relevancia nos sectores da construción e transporte, dous dos sectores que máis contribúen ás emisións e, tamén ao desenvolvemento de instalacións de enerxías renovables que contribuíron a que as emisións do sector enerxético diminúan. Nos últimos anos obsérvase un cambio de tendencia nas emisións de GEI.

Gráfico 42. Evolución índice emisión GEI Galicia-España-Europa 1990-2015



Fonte: Elaboración propia mediante datos MAPAMA-EUROSTAT

A actividade do transporte en Galicia é moi dependente do petróleo e as importacións. Segundo o Balance Enerxético 2015 o maior consumo de enerxía final corresponde aos combustibles para o transporte cun 37,8% do consumo total. Dentro do consumo de produtos petrolíferos, o 73% correspóndese con gasóleos, seguido dos fuel óleos e as gasolinas.

Noutro ámbito, o grao de desenvolvemento da rede de infraestruturas asociadas ao transporte, condiciona a accesibilidade do territorio, a competitividade, loxística e mobilidade. Territorialmente Galicia presenta unha orografía accidentada, unha intensiva división minifundista do terreo, así como unha poboación dispersa.

Segundo datos do Ministerio de Fomento, en 2015 Galicia conta cunha rede de estradas que se estende sobre 17.713 quilómetros e cuxa xestión se distribúe entre o Estado (2.362km, 13,3%), a Xunta de Galicia (5.514km, 31,1%) e as deputacións provinciais (9.838km, 55,5%). Nesta rede, o 6,6% corresponde a vías de altas prestacións o que supón un total de 1.175 quilómetros entre autovías, autoestradas e estradas multicarril.

Actualmente o 30% das estradas de titularidade autonómica atravesan núcleos urbanos coa problemática de retención de tráfico e seguridade viaria. Ademais contémpase que o 26,0% da rede ten unha anchura inferior a 5 metros e o 39,4% superior a 7 metros.

A densidade da rede de estradas, medida en km de estrada por 1.000 km² de superficie ou por 100.000 habitantes, supera en Galicia a media nacional. Segundo o primeiro indicador hai en Galicia 599 km de estradas por 1.000 km² de superficie cando en España esta ratio é de 328. O número de km por 100.000 habitantes é de 650 un 81% superior á cifra do conxunto do Estado.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Mellorar a mobilidade e a accesibilidade nas áreas metropolitanas.
- Mellorar a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte público de viaxeiros, en especial nas áreas metropolitanas.
- Acadar unha maior eficiencia e competitividade do sector galego de transporte público de mercadorías
- Modernizar os sistemas de información aos usuarios do transporte público de viaxeiros
- Aumentar o peso das renovables no mix enerxético para garantir o cumprimento dos obxectivos vinculantes en materia de renovables para o ano 2020 e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono, mediante o fomento de produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables.
- En particular, crear unha auténtica industria da biomasa que englobe dende os propietarios do monte ata o usuario final, ben sexa particular, empresa ou Administración Pública (con medidas de fomento para a instalación de caldeiras).
- Redución da intensidade enerxética do tecido empresarial, promover o aforo e a eficiencia enerxética nas empresas, así como a consolidación da cultura das auditorías enerxéticas e a procura da eficiencia mediante o aforo enerxético no ámbito empresarial.
- Aumento substancial do aforo e a eficiencia enerxética nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas de protección oficial. Adicionalmente, tamén se pretende fomentar a redución de emisións de CO₂ na liña da estratexia europea 2020.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 64. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono | Importe | % Eixe | % PA |
|---|-------------------|---------------|--------------|
| OE.3.2.01 Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e facéndoo máis atractivo. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural e promover a eficiencia no transporte de mercadorías. | 41.750.212 | 4,3 | 67,2 |
| OE.3.2.02 Aumentar o peso das enerxías renovables no mix enerxético e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono. | 12.254.049 | 1,3 | 19,7 |
| OE.3.2.03 Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos, avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas. | 8.099.823 | 0,8 | 13,0 |
| Total | 62.104.084 | 6,4 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 43. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación os obxectivos estratéxicos son “Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e facéndoo máis atractivo. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural e promover a eficiencia no transporte de mercadorías”, “Aumentar o peso das enerxías renovables no mix enerxético e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono” e “Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos, avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas”

Para conseguir o primeiro obxectivo, preveise entre outras actuacións, desenvolver e xestionar o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, e desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño destas accións:

- a) Acadar a cifra de 83 concellos adheridos ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia cunha previsión de viaxes realizadas neste transporte de mais de 12.600.000.
- b) Executaranse 12 actuacións e medidas de intermodalidade.

En canto ao segundo obxectivo estratéxico mencionado anteriormente, concederanse axudas a instalacións de xeración de calor distribuído, á instalación de grandes caldeiras industriais e proxectos integrais que aproveiten a biomasa como recurso renovable autóctono dentro das administracións e os sectores industrial e ao uso das tecnoloxías de aproveitamento térmico da biomasa por parte dos particulares.

Os seguintes indicadores medirán a realización destas actividades:

- a) Concederanse un total de 1.520 axudas para instalacións de xeración de calor distribuído, para a instalación de grandes caldeiras e para usos térmicos da biomasa que suporán,
- b) unha capacidade adicional de produción de enerxía renovable de 41 MW.

Polo que respecta ao último dos obxectivos estratéxicos concederanse axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas industrias e no sector servizos, por exemplo: renovación de caldeiras de derivados de petróleo por outras máis eficientes ou por bombas de calor aerotérmicas o xeotérmicas; substitución da iluminación actual por outra de maior eficiencia, principalmente tecnoloxía LED; incorporación de intercambiadores de calor para o aproveitamento de enerxías residuais; instalación de variadores de frecuencia en motores; renovación de maquinaria industrial de proceso; renovación de instalacións auxiliares como compresores de aire o centrais de frío; implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellora da xestión da enerxía na empresa, para a realización de estudos de implantación e impulso e apoio á execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética, que inclúe a implantación de medidas de aforro e eficiencia enerxética en edificacións xudiciais, administrativas, sociais, educativas, deportivas e sanitarias de Galicia e para o tiquet eléctrico social de Galicia e para evitar cortes de subministración eléctrica.

Os indicadores utilizados para medir estas accións son:

- a) Concederanse un total de 3.432 axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas industrias e no sector servizos, e para o tiquet eléctrico social de Galicia e para evitar cortes de subministración eléctrica, e
- b) Reducirase o consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas en 136.321 Ktep/ano.

Cadro 65. Indicadores clave de produtividade da PA.3.2

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|--|-------------------|
| E3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes | | |
| PA02 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono | | |
| E01 Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e facéndoo máis atractivo. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural e promover a eficiencia no transporte de mercadorías. | | |
| P00222 | Número de viaxes realizadas en transporte metropolitano | 12.653.943 Nº |
| E02 Aumentar o peso das enerxías renovables no mix enerxético e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono. | | |
| DOC030 | Capacidade adicional para producir enerxía renovable | 41 MW |
| P0045F | Axudas concedidas ao fomento das enerxías renovables | 1.520 Nº |
| E03 Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos, avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas. | | |
| D0E001 | Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas | 136.321 KTEP/ANO |
| P0045G | Axudas concedidas en eficiencia enerxética | 3.432 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 66. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.2 por fonte de financiamento

| PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono | Importe | % |
|--|-------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 48.326.077 | 77,8 |
| FEDER | 12.198.422 | 19,6 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 138.000 | 0,2 |
| F.E.A.D.E.R | 1.380.000 | 2,2 |
| INTERREG | 61.585 | 0,1 |
| Total | 62.104.084 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 67. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.2 por programas de gasto

| PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono | Importe | % |
|--|-------------------|--------------|
| 512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE | 41.750.212 | 67,2 |
| 733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES | 20.353.872 | 32,8 |
| Total | 62.104.084 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 68. Xestores da PA.3.2 no orzamento 2018

PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

D.X. DE MOBILIDADE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

D.X. DE ENERXÍA E MINAS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Fonte: Consellería de Facenda

III.3.3. Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados

A oferta turística en Galicia está formada, en 2017, por 3.445 aloxamentos turísticos segundo a Axencia de Turismo de Galicia, que ofrecen case 139.000 prazas, o que supón unha media de 40 prazas por establecemento.

O 25,7% dos establecementos son hoteis que achegan o 40,7% das prazas, mentres que as pensións representan o 33% dos establecementos e o 14,9% das prazas hoteleiras. A vivenda turística é a modalidade que menos prazas ofrece (6,1) seguido do turismo rural (15,7), aínda que neste último caso representa o 16,7% dos aloxamentos turísticos. No que se refire aos albergues turísticos representan o 9,1% dos establecementos e o 8,1% das prazas ofertadas.


Por último, os campamentos de turismo e os apartamentos turísticos, representan entre os dous case o 10% do total, ofertando o 25% e o 4% das prazas, respectivamente.

O 40,5% das prazas ofertadas polo conxunto de aloxamentos turísticos está na provincia de Pontevedra, seguido da provincia da Coruña cun 36,5%. En Lugo hai o 15,2% das prazas mentres que en Ourense o 7,9%.

No que se refire á categoría dos hoteis (establecementos hoteleiros con estrelas de ouro), en 2017 hai oito de 5 estrelas que achegan o 2,8% das prazas. Un 11,5% son de catro estrelas e o 16,7% teñen tres. Os hoteis de dúas e unha estrela representan o 70,9%.

Case a metade (48,8%) das prazas dos establecementos hoteleiros está na provincia de Pontevedra, que se corresponden co 46,0% dos establecementos de Galicia.

Mapa 21. Número de establecementos (esquerda) e prazas (dereita) en hoteis e establecementos similares. 2016




Fonte: Eurostat

No que se refire a indicadores de rendibilidade do sector hoteleiro, no ano 2016 a tarifa media diaria en Galicia situouse entre os 47€ de xaneiro ata os 66€ de agosto, sendo un 32,9% inferior en medias mensuais á do conxunto de España. Esta menor tarifa asociada a un grao de ocupación inferior, implica que os ingresos por habitación dispoñible son mais baixos que en España, en concreto, no mes de agosto, 42,8€ fronte aos 78,8€ de España.

No contexto das rexións Europeas, Galicia presenta un índice de ocupación medio, nas prazas ofertadas nos distintos establecementos turísticos, en comparación con moitas das rexións europeas, mentres que a estadía media é relativamente máis baixa.

Mapa 22. Nivel de ocupación (esquerda) e noites en millóns (dereita) en establecementos turísticos. 2015



Fonte: Eurostat. Statistical Atlas

Os viaxeiros que se aloxaron en establecementos turísticos galegos (establecementos hoteleiros, campamentos turísticos, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural) superaron a cifra de 4,93 millóns en 2016, un 7,4% máis que o ano anterior e que representa o 4,0% do total de viaxeiros en España.

O 72,0% dos viaxeiros en Galicia son residentes en España, mentres que no conxunto do Estado hai un equilibrio na distribución dos viaxeiros residentes (50,2%) e non residentes (49,8%). Os viaxeiros residentes en Galicia representan o 32,6% do total de pemoitas nos establecementos hoteleiros en 2016 e o 35,5% dos viaxeiros.

A maior parte dos viaxeiros, o 87,6%, alóxanse en establecementos hoteleiros, o 5,5% en campamentos turísticos, un 4,3 en establecementos de turismo rural e só 2,5% en apartamentos turísticos. É nesta última tipoloxía de establecemento, na que hai máis diferencial coa estrutura de España, onde case o 10% dos viaxeiros se aloxan neles.

A evolución nos últimos anos do número de viaxeiros, amosa unha recuperación desde 2013, especialmente significativa nos dous últimos anos, onde as pemoctacións crecen a un ritmo próximo ao 10%.

A estadía media ao longo de 2016 situase en 2 días para o conxunto dos establecementos turísticos, moi inferior á estancia media en España que é de 3,7 días. Por tipo de establecemento a estadía media foi de 1,9 días nos establecementos hoteleiros (3,3 en España), 3,5 días nos campamentos turísticos (5,0 en España), 3,5% nos apartamentos turísticos (6,4 en España) e 2,0 días nos aloxamentos de turismo rural (2,7 en España). Este diferencial é aínda máis relevante no caso dos residentes no estranxeiro: 1,6 días en Galicia fronte aos 4,8 en España.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Aumentar o número de turistas nacionais e internacionais que visitan a nosa Comunidade Autónoma, así como a súa estadía media.
- Equilibrar os pesos dos distintos mercados para lograr unha maior desestacionalización. Incremento do mercado internacional con preferencia en tempada media ou baixa e incremento do mercado interno que posúe unha maior accesibilidade durante todo o ano.
- Incrementar o gasto medio mediante unha mellora da calidade dos produtos ofrecidos, incrementando a competitividade e a sustentabilidade.

A seguinte táboa detalla a contía destinada ao obxectivo estratéxico desta prioridade de actuación.

Cadro 69. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados | Importe | % Eixe | % PA |
|---|-------------------|---------------|--------------|
| OE.3.3.01 Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado. | 58.115.071 | 6,0 | 100,0 |
| Total | 58.115.071 | 6,0 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación o único obxectivo estratéxico é “Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado”, que ten como accións máis importantes a promoción nacional e internacional da oferta turística de Galicia, actuacións sobre o Camiño de Santiago, desenvolvemento e promoción de recursos turísticos naturais e culturais, colaboración con outras administracións e o sector turístico privado para a mellora, fortalecemento, complementariedade e promoción da oferta turística de Galicia e o apoio a mellora da accesibilidade aos recursos turísticos. A valoración destas actuacións responderá aos seguintes indicadores:

- a) Realizaranse 189 accións de promoción de produtos turísticos;

b) 18 de mellora sobre o Camiño de Santiago mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e da sinalización e a mellora dos servizos turísticos;

c) Concederanse 9 axudas para potenciar o turismo en Galicia

d) Aumentarán en mais de 436.000 as visitas a lugares pertencentes ao patrimonio cultural e natural e atraccións subvencionadas.

Cadro 70. Indicadores clave de produtividade da PA.3.3

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|---|-------------------|
| E3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes | | |
| <i>PA03 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados</i> | | |
| E01 Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado. | | |
| P00015 | Accións de mellora sobre o Camiño de Santiago. | 18 Nº |
| P00016 | Accións de promoción de produtos turísticos. | 189 Nº |
| P0045K | Axudas concedidas para potenciar o turismo en Galicia | 9 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 71. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.3 por fonte de financiamento

| PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados | Importe | % |
|--|-------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 53.104.174 | 91,4 |
| FEDER | 4.459.745 | 7,7 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 16.667 | 0,0 |
| F.E.A.D.E.R | 500.000 | 0,9 |
| INTERREG | 34.485 | 0,1 |
| Total | 58.115.071 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 72. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.3 por programas de gasto

| PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados | Importe | % |
|--|-------------------|--------------|
| 761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO | 58.115.071 | 100,0 |
| Total | 58.115.071 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 73. Xestores da PA.3.3 no orzamento 2018

| PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados |
|--|
| PRESIDENCIA DA XUNTA |
| AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA |

Fonte: Consellería de Facenda


III.3.4. Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial.

Os recursos naturais constitúen un factor decisivo para o desenvolvemento dos territorios. Simultaneamente o desenvolvemento pode ser un factor de ameaza para o estado e conservación dos recursos naturais cando aquel se produce nunhas condicións que ignoran os límites da sustentabilidade.

Os recursos naturais e os espazos de interese ambiental son un dos activos diferenciais de Galicia, e unha das claves para o desenvolvemento territorial. Neste sentido, será preciso buscar un desenvolvemento equilibrado entre o máximo aproveitamento dos seus recursos e a conservación do patrimonio natural.

O seguinte mapa detalla as principais zonas protexidas situadas en Galicia. Inclúe, en primeiro lugar, as que forman parte da Rede Natura 2000 (345.411 Ha), constituída polos Zonas especiais de conservación (ZEC) e as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), cuxo obxecto é contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Ademais, incorpóranse aquelas que integran a Rede Galega de Espazos Protexidos (358.895 Ha), así como outras figuras de rango internacional (OFRI) con algún tipo de protección (614.432 Ha).

Mapa 23. Superficie segundo réxime de protección



Fonte: Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Xunta de Galicia

Galicia atópase na media estatal en canto a superficie declarada como espazo natural protexido (12,05 % fronte ao 12,38 % estatal). En canto á superficie declarada espazo protexido Natura 2000, Galicia ten declarado o 11,86 % do territorio fronte ao 27 % da media estatal.

Galicia conta cunha importante presenza de espazos con outras tipoloxías de protección o único Parque Nacional de Galicia é o marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía de Arousa), constituído en 2002 como unha das mellores mostras dos ecosistemas propios das costas e fondos mariños atlánticos españois.

Adicionalmente existen unha serie de áreas protexidas de ámbito internacional, pertencentes a tres categorías: as Reservas da Biosfera declaradas pola UNESCO, os humidais de importancia internacional a través das zonas RAMSAR e as áreas protexidas do Convenio para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico do nordés (OSPAR), que se especifican a continuación:

Hai 6 Áreas declaradas Reservas da Biosfera ocupando 723.700 hectáreas, o que supón unha cuarta parte do territorio galego. Estas son: Río Eo, Oscos e Terra de Burón; Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá; Terras do Miño; Áreas de Allariz; as Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e a Transfronteiriza Gerês-Xurés.

Entre os importantes humidais galegos baixo as zonas RAMSAR atópanse o Complexo Intermareal Umia-Grove, A Lanzada, punta Carreirón e Lagoa Bodeira; o Complexo de Corubedo; a Ría de Ortigueira e Ladrado; a Lagoa e Areal de Valdoviño e a Ría de Ribadeo.

Dentro do ámbito internacional existe unha reserva mariña declarada en base ao Convenio OSPAR integrada no marco espacial do Parque Nacional das Illas Atlánticas (Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes).

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo. Adaptar a lexislación urbanística as novas demandas de implantación de usos e de remate das zonas periurbanas e fomentar a protección da paisaxe.
- Asegurar a conservación da biodiversidade, mediante medidas que garantan a mellora do estado dos hábitat e das especies, consolidando un modelo sustentable de explotación das áreas protexidas que garanta o mantemento dos espazos protexidos e sirva de sustento á poboación que vive e traballa neles.

- Contribuír a que a cidadanía en xeral e a comunidade educativa en particular adquiera cultura sobre a sustentabilidade territorial e sensibilización sobre o medio ambiente, e en particular sobre a paisaxe.
- Establecer catálogos e directrices da paisaxe, con carácter vinculante en urbanismo, co obxecto de protexer, xestionar e ordenar a paisaxe de Galicia.
- Elaborar, manter e actualizar a información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento de estudos territoriais que contribúan a protección da paisaxe e o seguimento dos instrumentos de ordenación do territorio.
- Garantir o bo estado do medio ambiente en Galicia de forma que se minimicen os impactos negativos do desenvolvemento económico sobre o medio natural e calidade de vida da poboación.
- Reducir as diverxencias territoriais nas posibilidades de acceso aos servizos mínimos e esenciais e mediante a modernización da administración local para a prestación de servizos públicos dixitais e de calidade.
- Conseguir unha administración local máis eficiente e accesible a través das novas tecnoloxías, ofrecendo máis prestacións sen incrementar os seus custos de funcionamento.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 74. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial | Importe | % Eixe | % PA |
|---|--------------------|---------------|--------------|
| OE.3.4.01 Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo e apoio á administración local. | 158.582.172 | 16,3 | 76,7 |
| OE.3.4.02 Garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando unha xestión e protección eficiente e sustentable. | 31.552.517 | 3,3 | 15,3 |
| OE.3.4.03 Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno e identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión. | 3.096.200 | 0,3 | 1,5 |
| OE.3.4.04 Impulsar a sustentabilidade ambiental, desvinculando o crecemento económico da degradación do entorno, mediante o reforzamento do control e a observación ambiental. | 3.047.912 | 0,3 | 1,5 |
| Ol.3.4.01 Contribuír á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe. | 10.353.565 | 1,1 | 5,0 |
| Total | 206.632.366 | 21,3 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 44. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación os obxectivos estratéxicos máis importantes son “Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo e apoio á administración local” e “Garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando unha xestión e protección eficiente e sustentable”.

Para conseguir o primeiro obxectivo, previse entre outras actuacións, mellorar as infraestruturas e servizos públicos e realización de programas conxuntos coas entidades locais, racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais, completar o planeamento xeral de toda a Comunidade Autónoma, e elaborar, coordinar, seguir e controlar as políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño destas accións:

- a) realizaranse 65 actuacións de mellora de contornos urbanos e dos núcleos rurais.
- b) 218 entidades locais beneficiaranse de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente; e
- c) 88 de actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos.
- d) Executaranse, de forma voluntaria, 170 ordes de reposición da legalidade urbanística

e) Executaranse subsidiariamente pola administración 30 ordes de reposición da legalidade urbanística.

En canto ao segundo obxectivo estratéxico mencionado anteriormente, desenvólvanse proxectos para o mantemento das condicións ambientais necesarias para a conservación ou recuperación de especies relacionadas o medio agrario e os seus hábitats en zonas da Rede Natura 2000 e outras áreas de alto valor natural.

Os indicadores mais destacados para estas actividades serán:

a) Concederanse 956 axudas en materia de conservación da natureza.

b) O número de efectivos destinados a garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando unha xestión e protección eficiente e sustentable é de 476.

c) Realizaranse 29 actuacións no ámbito do turismo de natureza e do uso público compatibles coa conservación dos espazos protexidos: campañas divulgativas, de sensibilización e outros eventos.

d) Prevese a realización de 43 actuacións vinculadas á creación e mellora das infraestruturas, en espazos naturais, restauración e protección de hábitats e recuperación de zoas degradadas e prevención e protección de áreas protexidas.

O resto de obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación son “Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno e identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión” e “Impulsar a sustentabilidade ambiental, desvinculando o crecemento económico da degradación do entorno, mediante o reforzamento do control e a observación ambiental”.

Para a consecución destes obxectivos realizaranse actuacións que se medirán principalmente cos seguintes indicadores:

a) Realizaranse 13 actuacións de estudo, difusión e promoción da paisaxe de Galicia.

b) Realizaranse 17.000 determinacións en materia de calidade da auga, 7.608 do aire e 6.376.010 de meteoroloxía.

Cadro 75. Indicadores clave de produtividade da PA.3.4

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|--|-------------------|
| E3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes | | |
| PA04 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial | | |
| E01 Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo e apoio á administración local. | | |
| P01001 | Ordes reposición da legalidade urbanística executadas de forma voluntaria | 170 Nº |
| P01002 | Ordes reposición da legalidade urbanística executadas subsidiariamente pola administración | 30 Nº |
| P00024 | Actuacións de mellora de contornos urbanos e dos núcleos rurais. | 65 Nº |
| P0076E | Entidades locais beneficiadas en actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambien | 218 Nº |
| P0076F | Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos | 88 Nº |
| E02 Garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando unha xestión e protección eficiente e sustentable. | | |
| P0045M | Axudas en materia de conservación da natureza | 956 Nº |
| P01004 | Número de efectivos | 476 Nº |
| P01028 | Actuacións vinculadas co uso público | 29 Nº |
| P01029 | Actuacións vinculadas coa mellora do coñecemento e do estado de conservación de hábitats e especies silvestres | 43 Nº |
| E03 Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno e identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión. | | |
| P00020 | Actuacións de estudo, difusión e promoción | 13 Nº |
| E04 Impulsar a sustentabilidade ambiental, desvinculando o crecemento económico da degradación do entorno, mediante o reforzamento do control e a observación ambiental | | |
| P01013 | Determinacións en materia de calidade do aire | 7.608 Nº |
| P01014 | Determinacións en materia de calidade da auga | 17.000 Nº |
| P01015 | Determinacións en materia de meteoroloxía | 6.376.010 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 76. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.4 por fonte de financiamento

| PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 195.246.293 | 94,5 |
| F.C.I. | 2.000.000 | 1,0 |
| FEDER | 5.745.399 | 2,8 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 250.684 | 0,1 |
| F.E.A.D.E.R | 2.506.842 | 1,2 |
| INTERREG | 759.631 | 0,4 |
| TRANSFERENCIAS FINALISTAS | 14.520 | 0,0 |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 108.997 | 0,1 |
| Total | 206.632.366 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 77. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.4 por programas de gasto

| PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| 141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL | 13.803.228 | 6,7 |
| 511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS | 6.405.186 | 3,1 |
| 521A - URBANISMO | 19.184.779 | 9,3 |
| 541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE | 3.948.379 | 1,9 |
| 541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL | 31.552.517 | 15,3 |
| 541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE | 6.144.112 | 3,0 |
| 811B - TRANSF. A ENTIDADES LOCAIS POR PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA | 125.594.165 | 60,8 |
| Total | 206.632.366 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 78. Xestores da PA.3.4 no orzamento 2018

| PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial |
|--|
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA |
| D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL |
| CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO |
| SECRETARÍA XERAL TECNICA |
| D.X DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO |
| D.X DE PATRIMONIO NATURAL |
| D.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO |
| CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA |
| SECRETARÍA XERAL TECNICA |
| XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA |
| CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS |
| INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO |

Fonte: Consellería de Facenda

III.3.5. Pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

Galicia conta cunha extensa rede hidrográfica, apreciándose certas diferenzas entre a vertente atlántica, con ríos máis longos, destacando o Miño-Sil e, a vertente cantábrica, con ríos curtos e torrenciais.

En canto á xestión dos recursos hídricos, Galicia conta con 47 concas hidrográficas que son xestionadas por catro organismos diferentes: a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, a Confederación Hidrográfica do Douro e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, sendo a primeira e a última destas as que controlan case a totalidade das concas, coa única excepción das concas dos ríos Eo, Navia e Támeqa, xestionados polas outras dúas confederacións mencionadas.

A dispoñibilidade de auga tanto de auga potabilizada, non potabilizada e captadas polas empresas presenta unha tendencia crecente entre 1996 e 2003, a partir dese ano o volume de auga dispoñible reduciuse ata 2006 e manténdose aproximadamente constante a partir dese ano. En 2014 prodúcese un leve repunte no volume de auga potabilizada dispoñible, 303,7 hm³ (un 11,5% superior ao ano anterior), a non potabilizada creceu un 2,4% acadando a cifra de 280,8 hm³ e as captacións realizadas polas empresas foron de 281,4 hm³, catro décimas por debaixo da cifra do ano anterior.

En canto ao consumo de auga obsérvase unha tendencia decrecente dende 2001 onde se distribuíron para abastecemento público 270,9 hm³ de auga, en 2014 este volume foi de 186,4 hm³, un 1,0% superior ao valor do ano anterior e un 31,2% inferior ao rexistrado no ano 2001.

En canto ao consumo de auga por sectores en 2014, cabe destacar que os maiores consumos rexístranse nos fogares, acaparando o 69,7% do consumo total, seguido polos sectores produtivos, que demandan o 22,3%.

En canto a perdas nas redes de distribución de abastecemento da poboación, como indicador de eficiencia na xestión da auga, cabe destacar que as perdas rexistradas en Galicia ascenden en 2014 ao 21,3%, sendo moi similares ás que se producen no conxunto nacional, considerándose en calquera caso excesivas e sendo preciso incidir na diminución destas.

Cadro 79. Distribución de auga por grandes grupos de usuarios (miles de m³)

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 |
|---|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Volume total de auga | 206.568 | 197.023 | 188.948 | 182.743 | 189.873 | 184.559 | 186.405 |
| Sectores económicos | 30.918 | 34.690 | 32.679 | 32.572 | 38.448 | 40.021 | 41.160 |
| Fogares | 145.691 | 139.027 | 132.094 | 133.212 | 133.745 | 119.906 | 128.722 |
| Consumos municipais | 29.959 | 23.306 | 24.175 | 16.959 | 17.680 | 24.632 | 16.523 |
| Volume auga perdida nas redes de distribución | 53.280 | 40.086 | 49.554 | 40.723 | 48.868 | 44.556 | 39.769 |
| % perdas en redes de distribución | 25,8 | 20,4 | 26,2 | 22,3 | 25,7 | 24,1 | 21,3 |

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

No que respecta á demanda doméstica, o consumo medio de auga en Galicia en 2014 foi de 129 litros/habitante/día, inferior aos 132 litros/habitante/día do conxunto nacional e en calquera caso en descenso durante os últimos anos.

O custo unitario de auga urbana, medido como o cociente entre os importes abonados pola subministración, máis a cota de rede de sumidoiros, depuración, canons saneamento ou vertedura e o volume de auga rexistrada e distribuída aos usuarios, cabe destacar que Galicia, ten un dos custos máis baixos do conxunto nacional, situándose en 1,11 euros por m³ en 2014 (fronte a 1,89 euros por m³ do conxunto nacional). En 2014 produciuse un descenso do 6,7% deste prezo debido ao descenso do custe do subministro; este descenso contrasta co crecemento rexistrado nos sete anos anteriores, en 2006 o custo unitario era de 0,71 € por m³.

En xeral, a calidade de augas, tanto superficiais, como subterráneas, é boa. Os datos dos plans hidrolóxicos de conca recentemente aprobados para as catro demarcacións hidrográficas nas que se divide o territorio galego revelan, por exemplo, que das 750 masas de auga superficiais en Galicia un 66,9% alcanzan o bo estado ecolóxico.

A política de saneamento e depuración aplícase coa intención de mellorar a calidade destas augas. A Directiva 91/271/CEE establecía o obxectivo de que todos os núcleos con máis de 2.000 habitantes equivalentes dispoñerían de sistemas de depuración a 31 de decembro de 2005.

Para dar cumprimento a estes compromisos, elaborouse o primeiro Plan Nacional de Saneamento e Depuración no que se establece a obriga de que as Comunidades Autónomas elaboren os seus propios Plans. Así pois, en resposta a este requisito, Galicia puxo en marcha o Plan de Saneamento de Galicia 2015, para dar cumprimento ao compromiso de calidade de augas e a implantación dun canon de saneamento, a fin de recuperar os custos dos investimentos necesarios para o cumprimento dos obxectivos de calidade.

Galicia conta, en xuño de 2016, con 155 estacións depuradoras en aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes (habitantes equivalentes) e 6 en construción: Gandarío, Malpica, Poriño, Ribeira, Ourense (ampliación Reza) e Vigo (ampliación Lagares).


Con todo, en canto ao volume total de auga residual tratada, en 2014 tratáronse 904.492 m³/día, o 6,7% do conxunto estatal. O volume de auga reutilizada ascende a 1.254 m³/día, que representa o 0,1% do total de España. No que se refire ás cotas de saneamento e depuración o importe total recadado ascende 81,4 millóns de euros (3,2% del total de España).

De todo iso, dedúcese a importancia de seguir mellorando e completando o xa alcanzado no plan nacional e rexional de saneamento, tratamento de augas residuais e lodos de depuradoras, optimizando o funcionamento das estacións depuradoras existentes e promovendo unha xestión eficiente dos servizos urbanos de auga.

No referente á xeración de residuos, aínda que a racionalización dos fabricantes, as medidas de prevención desenvolvidas e a menor actividade económica favoreceron nos últimos anos a redución de residuos, resulta necesario potenciar esforzos adicionais nesta dirección. Ademais, é necesario traballar na vía da separación que favoreza, á súa vez, a reutilización, a reciclaxe e, en última instancia, a valorización enerxética dos residuos que non poden ser reciclados.

O seguinte gráfico mostra esa clara tendencia na redución de residuos que, nos últimos anos, se produce precisamente á conta de reducir os mesturados. A recollida selectiva tamén se reduce aínda que a moito menor ritmo. Iso pode ser indicativo de que existe unha mellor separación en orixe. Así, nos últimos dez anos, os residuos urbanos recollidos descenderon un 39,7%, os mesturados un 39,3% e a recollida selectiva un 21,8%.

Gráfico 45. Evolución dos residuos urbanos recolleitos (toneladas) en Galicia



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

No que se refire á recollida selectiva de residuos urbanos e segundo datos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en 2015 case o 13% da cantidade de residuos urbanos recolleuse selectivamente. Dentro deste subapartado, a fracción orgánica representa o 32,5%, seguido do vidro e papel co 28 e 23%, respectivamente. O peso da recollida selectiva de envases ascende ao 15,8%.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Alcanzar os obxectivos determinados pola Directiva 2008/98/CE e a Lei 22/2011 de residuos e solos en materia de prevención, reutilización e reciclaxe.
- Mellorar o estado de todas as masas de auga, de tal xeito que todas as actividades que se desenvolven en torno da auga, sexan compatibles entre si e cos obxectivos medioambientais establecidos, dun xeito sostible e que teña en conta as condicións meteorolóxicas e hidrolóxicas extremas que se poden sufrir.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 80. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.5 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa | Importe | % Eixe | % PA |
|---|-------------------|---------------|--------------|
| OE.3.5.01 Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos a través da xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. | 17.755.740 | 1,8 | 31,6 |
| OE.3.5.02 Culminar as infraestruturas precisas para a mellora do estado das masas de auga, compatibilizando o ciclo natural da auga co ciclo do uso da auga, contando coa participación da cidadanía, nun marco de sustentabilidade que teña en conta os retos do cambio climático. | 38.427.686 | 4,0 | 68,4 |
| Total | 56.183.426 | 5,8 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 46. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.5 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación os obxectivos estratéxicos son “Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos a través da xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados” e “Culminar as infraestruturas precisas para a mellora do estado das masas de auga, compatibilizando o ciclo natural da auga co ciclo do uso da auga, contando coa participación da cidadanía, nun marco de sustentabilidade que teña en conta os retos do cambio climático”.

Para conseguir o primeiro dos obxectivos, realizaranse entre outras actuacións, o control preventivo das actividades dos produtores e xestores de residuos, a implantación de sistemas que garantan un alto nivel de recollida selectiva, separación, reciclado e tratamento de residuos e medidas destinadas á restauración de áreas degradadas.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño destas accións:

- a) Realizaranse 200 actuacións en rehabilitación do solo consistentes na adecuación, recuperación e limpeza en puntos de vertidos incontrolado.
- b) Realizaranse 9 actuacións consistentes en accións e proxectos para reducir a xeración dos residuos domésticos e mellorar a súa xestión.
- c) Realizaranse 10 actuacións consistentes en accións e proxectos para reducir a xeración dos residuos industriais e mellorar a súa xestión.

Polo que respecta ao segundo dos obxectivos estratéxicos as actuacións mais salientables serán o contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso ós servizos

básicos de abastecemento e saneamento e depuración os cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas e garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa, que permitirán o tratamento nas EDARes de Galicia de 258.075 m³/día de augas residuais cunha poboación adicional beneficiada de 14.816 persoas e por outra banda, realizar 103 Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración e 23 de protección, conservación, mantemento e mellora do Dominio Público Hidráulico. A poboación beneficiaria das medidas de prevención das inundacións é de máis de 27.000 persoas.

Cadro 81. Indicadores clave de produtividade da PA.3.5

| | | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|---|----------------|-----------------------|
| E3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes | | | |
| PA05 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa | | | |
| E01 Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos a través da xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. | | | |
| P01016 | Actuacións en rehabilitación do solo | 200 | Nº |
| P01017 | Actuacións na xestión sustentable dos residuos domésticos | 9 | Nº |
| P01018 | Actuacións na xestión sustentable dos residuos industriais. | 10 | Nº |
| E02 Culminar as infraestruturas precisas para a mellora do estado das masas de auga, compatibilizando o ciclo natural da auga co ciclo do uso da auga, contando coa participación da cidadanía, nun marco de sustentabilidade que teña en conta os retos do cambio climático. | | | |
| DOC019 | Poboación adicional beneficiada por unha mellor depuración de augas residuais | 14.816 | POBOACIÓN EQUIVALENTE |
| DOC020 | Poboación beneficiaria das medidas de prevención de inundacións | 27.069 | POBOACIÓN BENEFICIADA |
| P00153 | Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración | 103 | Nº |
| P00318 | Volume de augas residuais tratadas nas EDARes | 258.075 | M ³ /DÍA |
| P00436 | Actuacións de protección, conservación, mantemento e mellorado Dominio Público Hidráulico | 23 | Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 82. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.5 por fonte de financiamento

| PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa | Importe | % |
|---|-------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 23.414.135 | 41,7 |
| FEDER | 26.719.291 | 47,6 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 550.000 | 1,0 |
| F.E.A.D.E.R | 5.500.000 | 9,8 |
| Total | 56.183.426 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 83. Distribución do orzamento 2018 da PA.3.5 por programas de gasto

| PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa | Importe | % |
|---|-------------------|--------------|
| 541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS | 17.755.740 | 31,6 |
| 542A - PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA | 38.427.686 | 68,4 |
| Total | 56.183.426 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 84. Xestores da PA.3.5 no orzamento 2018

**PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder
en Europa**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Fonte: Consellería de Facenda

III.4. EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO

A sociedade da información está a mudar todos os negocios tradicionais cara a unha produción de bens e servizos a medida e con unha demanda moito máis esixente e informada grazas ao uso das TIC. Resulta preciso por tanto, contar coas infraestruturas axeitadas, fomentar as competencias dixitais entre a cidadanía e adaptar os sistemas produtivos e canais de venda das empresas a estas novas tecnoloxías para aproveitar todas as vantaxes que poñen ao noso alcance.

Resulta estratéxico para o progreso como rexión, procurar a dinamización e fomento da cultura galega, a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural.

O progreso de Galicia nos últimos lustros garda un forte vencello co desenvolvemento da súa autonomía, polo que é preciso seguir impulsando as institucións autonómicas para situar a nosa rexión entre as máis desenvolvidas de Europa.

Hai que lembrar que Europa atópase nun intre crucial para a súa construción e desenvolvemento, no que unha rexión excéntrica debe asumir un papel actor para compensar a súa distancia dos centros de decisión e facer valer os intereses dos seus sectores produtivos e dos seus cidadáns.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2018 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 85. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe 4

| E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno | Importe | % total | % eixe |
|--|--------------------|----------------|---------------|
| PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información | 237.429.435 | 2,5 | 47,4 |
| PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia | 47.218.317 | 0,5 | 9,4 |
| PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado | 215.950.739 | 2,3 | 43,1 |
| Total | 500.598.491 | 5,3 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 47. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe 4



Fonte: Consellería de Facenda

A táboa seguinte mostra o orzamento do eixe por fonte de financiamento.

Cadro 86. Distribución do orzamento 2018 do eixe 4 por fonte de financiamento


| E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 453.185.242 | 90,5 |
| F.C.I. | 10.000.000 | 2,0 |
| FEDER | 30.934.615 | 6,2 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 2.660.000 | 0,5 |
| F.E.A.D.E.R | 3.000.000 | 0,6 |
| INTERREG | 305.606 | 0,1 |
| F.S.E. | 513.028 | 0,1 |
| Total | 500.598.491 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

III.4.1. Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.

No ámbito dos fogares e comezando polo gran catalizador das TIC, Internet, observamos que Galicia está inmersa nun proceso de converxencia no nivel de acceso co conxunto de España e da UE-28, o 78,7% dos fogares ten acceso a Internet na vivenda en 2016, 3,2 puntos menos que no conxunto de España e a máis de 6 puntos da UE-28. O 78,1% dispón de banda larga, case 3 puntos máis que o ano anterior e 46 puntos máis que dez anos antes.

Mapa 24. Cobertura de acceso de nova xeración por NUTS 3. % de fogares 2016




Fonte: Eurostat

O Plan de Banda Larga 2020, aprobado en 2015, asume os obxectivos establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps. A rápida evolución das tecnoloxías fai preciso,

ademais dunha cobertura universal, velocidades de banda larga moito máis elevadas para garantir o acceso a novos e cada vez máis sofisticados servizos dixitais.

Gráfico 48. Acceso a TIC polos fogares en Galicia / España / UE28



Fonte: Galicia e España, INE - TIC-H (1). UE27, EUROSTAT - ICT usage in households and by individuals

Notas: Considéranse aqueles fogares con polo menos un membro entre 16 e 74 anos de idade.

(1) TIC-H: Enquisa sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxías de Información e Comunicación nos Fogares


En canto a outros equipamentos, os fogares que dispoñen de ordenadores en Galicia son un 74,3% do total, 2,8 puntos menos que a nivel nacional. A penetración da telefonía móbil é moi elevada (96,8%) unha décima por encima da nacional e superando amplamente á telefonía fixa (78,1%).

Respecto ao uso das TIC polos fogares, en 2016 o 76,7% da poboación galega entre 16 e 74 anos utilizou Internet e o 43,9% comprou algunha vez a través de Internet. A nivel nacional estas porcentaxes foron do 82,7% e do 50,1%, respectivamente. O uso de Internet con teléfono móbil a través de calquera tipo de conexión ascende ao 87,1% das persoas mentres que cun ordenador portátil (incluídos tablets e netbooks) é do 25,9%.

A porcentaxe de persoas que contactou ou interactuou coas administracións o servizos públicos por Internet, por motivos particulares, é do 65,2% en 2016, 3,6 puntos superior ao do conxunto de España. Os usos máis altos danse nas consultas de información (61,4%), mentres que o 44,5% descarga formularios oficiais e un 37,0% envía formularios cubertos.

No que se refire á análise da demanda de TIC por parte das empresas, practicamente a totalidade das empresas galegas de 10 ou máis empregados dispón de ordenadores e Internet de banda ancha. E a súa situación non difire da de España ou da UE-28 no seu conxunto.

Gráfico 49. Usos TIC nas empresas con sede social en Galicia / España / UE-28



Fonte: Galicia e España, INE - ETICCE (2), UE-28, EUROSTAT - ICT usage by enterprises

Notas: (1) Porcentaxe sobre as empresas con acceso a Internet (2) ETICCE: Enquisa sobre o Uso de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións e do Comercio Electrónico nas Empresas

O indicador que mide a porcentaxe de empresas que dispoñen de páxina web sitúase no 73,2% en 2016, en torno a 4 puntos menos que no conxunto de España e a UE.

Outros indicadores sobre o uso de TIC e comercio electrónico nas empresas indican que un 18,2% pagan por anunciarse en Internet, o 78,8% utiliza firma dixital nalgunha comunicación con clientes e/ou provedores e case a totalidade nas relacións coas administracións públicas. Os principais motivos polos que as empresas interactúan coa administración son obter información (87,6% das empresas), conseguir impresos ou formularios (85,6%), devolver impresos cumprimentados (78,5%) e declarar impostos electronicamente (78,9%). O 42,5% das empresas galegas con acceso a Internet emprega os medios sociais; dentro das que empregan estes medios, o principal uso son as redes sociais.

En canto ás empresas galegas menos de dez empregados o uso de TIC é inferior ao das empresas de maior tamaño. En 2016 máis dun 30% non ten ordenador e o 37% non ten acceso a Internet. Das que teñen Internet, o 26% ten páxina web, o 40% contan con sistemas de seguridade internos e o 75% interactúa coa administracións públicas.

No ámbito da industria cultural e segundo o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no ano 2015, en Galicia hai 6.061 empresas con actividade principal no sector cultural, un 4,7% máis que o ano anterior. Un 28,5% delas realiza actividades de deseño,

creacións artísticas e de espectáculos; o 11,8% pertencen ao sector das artes gráficas; un 10,6% teñen coma actividade principal a fotografía e aproximadamente o 18% dedícanse á edición de libros e periódicos, ás actividades cinematográficas e ás actividades de tradución e interpretación (aproximadamente un 6% cada unha destas actividades); as bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais engloba a case o 4%. Por último hai un 26,5% das empresas que realizan determinadas actividades de comercio e aluguer de produtos culturais. As empresas galegas constitúen o 5,4% das españolas.

O emprego en actividades culturais en 2015 ascende a 26.600 persoas o que supón o 2,6% do emprego total e o 5,4% do total nacional no ámbito cultural.

O gasto medio por persoa en cultura é de 235 euros anuais (2015), un 2,2% do gasto total en bens e servizos dos fogares. A nivel nacional o gasto por persoa foi de 260 euros, un 2,4% do gasto total. O gasto por persoa descendeu un 15% no último decenio.

Por outro lado, en 2016 hai en Galicia 130 editores con actividade cunha produción media de 17 libros inscritos en ISBN. Esta media é inferior a produción en España que acada os 27 libros por editor.

As inscricións de dereitos de propiedade intelectual ascenderon en 2015 a case 1.500 que representan o 5,9% do dato estatal. O 71,4% son obras literarias e científicas.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Acadar a modernización tecnolóxica dos servizos públicos mediante proxectos vinculados á Administración electrónica e consolidar o e-Goberno e a incorporación das TIC e as novas posibilidades de xestión que estas ofrecen á Administración Pública para facilitar e facer máis eficientes as relacións coa cidadanía e as empresas.
- Aumento da actividade creativa e mellora en cantidade e calidade da oferta das industrias culturais galegas. Mellora da súa competitividade, no mercado interior e de cara ao exterior, e da rendibilidade dos axentes e das empresas do sector cultural.
- Os cidadáns de Galicia deben recibir información plural, actualizada, accesible e veraz das actuacións, eventos e situacións que sexan do seu interese, incrementándose o uso da lingua galega nos medios de comunicación.
- O despregamento das infraestruturas de comunicación de acordo cos principios de seguridade nas instalacións, dos usuarios e do público en xeral, garantindo a máxima calidade do servizo.
- A competitividade da CRTVG co fin de contribuír á formación dunha opinión pública informada, garantindo os valores de independencia, obxectividade e ve-

racidade da información e de xeito que cumpra a súa función de instrumento de normalización da lingua galega, reforzamento da identidade do pobo galego e promoción da cultura galega


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 87. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información | Importe | % Eixe | % PA |
|---|--------------------|---------------|--------------|
| OE.4.1.01 Aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada e a través das actividades da industria cultural e creativa galega. | 29.571.478 | 5,9 | 12,5 |
| OE.4.1.02 Potenciar a comunicación social como instrumento de difusión da información e fomentar o acceso ás novas tecnoloxías dixitais. | 5.665.113 | 1,1 | 2,4 |
| OE.4.1.03 Modernizar os servizos de comunicación e facilitar o acceso da poboación aos mesmos. | 99.578.033 | 19,9 | 41,9 |
| OE.4.1.04 Mellorar o uso e a calidade das TICe o acceso ás mesmas. | 102.614.811 | 20,5 | 43,2 |
| Total | 237.429.435 | 47,4 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 50. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Nesta prioridade de actuación, no obxectivo de “Aumentar a oferta e o consumo da cultura” realizaranse, entre outras, axudas en materia cultural e á produción artística, así como o financiamento de actividades do Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico Galego e o Centro Galego das Artes da Imaxe.

Nos obxectivos estratéxicos “Modernizar os servizos de comunicación e facilitar o acceso da poboación aos mesmos” e “Potenciar a comunicación social como instrumento

de difusión da información e fomentar o acceso ás novas tecnoloxías dixitais”, desenvolveranse fundamentalmente actuacións de apoio á comunicación social, en materia de infraestrutura para os servizos de televisión e radiodifusión e actuacións de financiamento da actividade da CRTVG.

No que se refire ao obxectivo estratéxico “Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso ás mesmas” impulsárase principalmente a través das liñas de actuación recollidas na Axenda Dixital de Galicia 2020, entre as que podemos destacar: actuacións para o fomento da modernización e innovación tecnolóxica, a dotación de medios para unha administración dixital, a modernización das redes do sector público, solucións tecnolóxicas dixitais, o desenvolvemento do Plan de Banda Larga 2020 e a modernización das TIC en ámbitos sectoriais como o da administración de xustiza, educación, servizos sociais, patrimonio cultural, transporte público, etc.

As actuacións enmarcadas nestes obxectivos estratéxicos mediranse principalmente cos seguintes indicadores de produtividade para os que se establece un valor obxectivo:

a) Número de axudas concedidas ás artes escénicas, á música e ao sector audiovisual que se prevén sexan 200 e o número de actuacións e programacións culturais desenvolvidas que se espera se sitúen en 376.

b) Axudas concedidas aos medios de comunicación social que se estiman en 54 e 111 actuacións de infraestrutura de comunicación e radiodifusión. Ademais, espérase a emisión de case 7.500 programas de radio e 6.570 de televisión producidos en Galicia. Por outro lado, estímase en 25 millóns as visitas ás páxinas web da Corporación RTVG.

c) En materia de TIC, estímase en 700 os procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación, a poboación escolar que está cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos estímase en 90.000 e os órganos xudiciais cubertos polo Expediente xudicial electrónico serían 70.

Cadro 88. Indicadores clave de produtividade da PA.4.1

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|---|---|-------------------|
| E4:Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno | | |
| PA01 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información | | |
| E01 Aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada e a través das actividades da industria cultural e creativa galega. | | |
| P00155 | Actuacións e programacións culturais desenvolvidas | 376 Nº |
| P00158 | Axudas concedidas ás artes escénicas, á música e ao sector audiovisual | 200 Nº |
| E02 Potenciar a comunicación social como instrumento de difusión da información e fomentar o acceso ás novas tecnoloxías dixitais. | | |
| P00044 | Axudas concedidas aos medios de comunicación social. | 54 Nº |
| E03 Modernizar os servizos de comunicación e facilitar o acceso da poboación aos mesmos. | | |
| P00023 | Actuacións de infraestrutura de comunicación e radiodifusión | 111 Nº |
| P01005 | Visitas ás páxinas web da Corporación RTVG. | 25.000.000 Nº |
| P01006 | Emisión de programas de radio producidos en Galicia | 7.446 HORAS |
| P01007 | Emisión de programas de televisión producidos en Galicia. | 6.570 HORAS |
| E04 Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso ás mesmas. | | |
| D0E015 | Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos. Persoas | 90.000 Nº |
| D0E017 | Órganos xudiciais cubertos polo Expediente xudicial electrónico | 70 Nº |
| D0E024 | Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións /servizos de Administración electrónica | 2.359.000 Nº |
| DE024A | Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación | 700 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 89. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.1 por fonte de financiamento

| PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 208.221.385 | 87,7 |
| FEDER | 23.242.444 | 9,8 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 2.660.000 | 1,1 |
| F.E.A.D.E.R | 3.000.000 | 1,3 |
| INTERREG | 305.606 | 0,1 |
| Total | 237.429.435 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 90. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.1 por programas de gasto

| PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| 432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS | 29.571.478 | 12,5 |
| 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL | 5.665.113 | 2,4 |
| 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG | 99.578.033 | 41,9 |
| 571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO | 102.614.811 | 43,2 |
| Total | 237.429.435 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 91. Xestores da PA.4.1 no orzamento 2018

PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

SECRETARIA XERAL DE CULTURA

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI

PRESIDENCIA DA XUNTA

AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA

Fonte: Consellería de Facenda

III.4.2. Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia.

Segundo os últimos datos dispoñibles sobre o coñecemento e uso do galego publicados polo IGE, no ano 2013 o 57,3% dos galegos de 5 ou máis anos manifesta que sabe falar o galego moito, o 29,6% bastante e o 13,1% pouco ou nada. Entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe dos que sabe falar pouco ou nada o galego incrementase ata o 22,7%, mentres que entre a poboación de 65 ou máis anos non chega ao 9%.

Cadro 92. Persoas que saben falar galego segundo a idade. Galicia. Ano 2013. Porcentaxes

| | Moito | Bastante | Pouco ou nada | Total |
|--------------------|-------|----------|---------------|-------|
| De 5 a 14 anos | 40,1 | 37,2 | 22,7 | 100,0 |
| De 15 a 29 anos | 60,3 | 27,9 | 11,8 | 100,0 |
| De 30 a 49 anos | 59,1 | 27,1 | 13,7 | 100,0 |
| De 50 a 64 anos | 56,4 | 29,8 | 13,8 | 100,0 |
| De 65 ou máis anos | 59,7 | 31,4 | 8,9 | 100,0 |
| Total | 57,3 | 29,6 | 13,1 | 100,0 |

Fonte: IGE

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma por enfermidade ou discapacidade.

A familia segue a ser a principal vía de aprendizaxe do idioma galego. O 82,2% dos galegos aprendeu a falar o galego neste ámbito, pero ao cinxirse á poboación menor de 30 anos a escola supera á familia como medio de aprendizaxe; o 86,5% dos mozos aprendeu o galego na escola e o 67,56% coa familia.

En canto ao uso habitual e inicial do galego, en 2013 o 31,2% dos galegos habitualmente fala sempre en galego. Esta porcentaxe é moi similar á do ano 2008 (30,3%) pero 12 puntos inferior á rexistrada hai dez anos.

Por outra banda, a porcentaxe de poboación que fala máis galego ca castelán diminuíu 6,44 puntos respecto ao ano 2008 ata situarse no 20,3%, mentres que a dos que falan máis castelán que galego case non variou nos últimos cinco anos: 22,7% en 2008 e 22,3% en 2013. Por último, algo máis do 26% dos residentes en Galicia falan sempre en castelán, 6 puntos porcentuais máis que en 2008.

O uso do galego é desigual dependendo da idade da poboación. Deste xeito, o 52,7% dos galegos de 65 ou máis anos fala habitualmente só en galego e un 21,1% utiliza máis o galego có castelán. No entanto, entre os rapaces e rapazas de 5 a 14 anos, o 13,2% habitualmente sempre fala en galego, o 11,9% máis en galego ca castelán e o 74,9% restante utiliza sempre o castelán ou máis castelán ca galego.

No tocante á lingua habitual de escritura, apenas se produciron cambios no último quinquenio e o castelán segue a ser a lingua máis utilizada polos galegos. A porcentaxe de poboación que habitualmente escribe en galego é do 15,1%.


No ámbito familiar, o 41,7% dos galegos que teñen fillos fálalles en galego sempre, o 31,7% sempre en castelán, o 15,1% máis castelán ca galego e o 10,1% máis galego ca castelán. No tocante aos fillos, cabe destacar que arredor do 37% fala sempre en castelán cos seus proxenitores.

Dentro do ámbito social, o uso exclusivo do galego está máis estendido nas relacións entre amigos. O 33,1% dos galegos habitualmente fala sempre en galego cos amigos. Porén, o 35,5% comunícase cos profesores dos seus fillos exclusivamente en castelán e o 34,2% só utiliza este idioma cos médicos.

No referente ao ámbito laboral, o 30,1% dos ocupados galegos fala sempre en galego cos compañeiros de traballo e o 18,4% utiliza máis galego ca castelán. A porcentaxe dos que falan sempre en galego ou máis galego ca castelán cos seus superiores non chega ao 40%.

Por áreas xeográficas, a área do Carballiño – O Ribeiro xunto coa área da Coruña suroriental son as que presentan as maiores porcentaxes de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego, cun 52,7% e un 52,2%, respectivamente. No outro extremo atópanse a área da Coruña, cun 10,8%, a área de Ourense, cun 10,4%, e a área de Vigo cun 7,5%.


Mapa 25. Fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego. Datos por áreas.



Fonte: IGE

En Galicia hai 682 Rexistro de Bens de Interese Cultural (BIC) rexistrados, dos que 675 son bens inmobles, 6 bens mobles e 1 ben inmaterial. O 50% dos bens inmobles se clasifican como monumentos, o 41% son zonas arqueolóxicas e o 5% conxuntos históricos. O 4% restante abarca outras modalidades de bens inmobles como paraxes pintorescas, lugares de interese etnolóxico, ademais de sitios, territorios e xardíns históricos.

Gráfico 51. Bens de interese cultural



Fonte: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Segundo datos da Secretaría Xeral de Cultura, están integradas na Rede de Bibliotecas públicas de Galicia, 353 bibliotecas de titularidade pública local dependentes de concellos ou entidades públicas locais e outras nove bibliotecas públicas e de titularidade privada, ademais das sete bibliotecas de xestión autonómica. Todos os municipios galegos con poboación superior a 5.000 habitantes contan con biblioteca pública, sendo 257 os municipios que dispoñen de servizo bibliotecario activo.

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia conta cunha colección bibliográfica e documental de máis de 5,3 millóns de documentos, que xestiona máis 2,3 millóns de préstamos anualmente e que dá servizo en 2016 a 850.000 usuarios, dos que o 37% son mulleres. Así mesmo, hai que salientar que desde outubro de 2014, os usuarios da Rede de bibliotecas públicas de Galicia dispoñen do servizo de préstamo de libros electrónicos en liña a través da plataforma GaliciaLe, con máis de 270 títulos en galego e 1.500 en castelán. O catálogo do libro galego rexistrou en 2016 un total de 3.426 préstamos, con 1.032 usuarios, mentres que o catálogo de eBiblio, (libro electrónico en castelán promovido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte), con 1.885 usuarios en Galicia, rexistrou un total de 9.940 préstamos.

O Sistema de Arquivos de Galicia está integrado polo conxunto de arquivos de Galicia, os órganos da Administración competentes na súa ordenación e os seus servizos técnicos. No que se refire ao servizo de consultas e préstamos dos arquivos de Cultura, entre os meses de xaneiro e novembro de 2016, foron consultados 36.901 expedientes e foron realizadas 11.230 consultas de acceso aos documentos. No caso do acceso aos fondos a través da rede, fixéronse 30.277 consultas, o que deixa un total de 115.040 páxinas vistas no portal dos arquivos de Galicia. Este rexistro supera amplamente os datos de 2015, cando se realizaron 17.389 consultas en liña. Durante ese mesmo período, realizáronse 4.817 préstamos de documentación.

En 2016 os trece museos que xestiona directamente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, recibiron case 310.000 visitas, un 4,6% inferior ao dato do ano anterior.

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- Impulsar o uso da lingua galega como principal referencia de identidade galega, tal e como se mostra nos contidos da cultura que nos é propia.
- Promover a lingua galega como vínculo de unión entre todas e todos os galegos nunha sociedade que demanda de xeito maioritario, o uso pacífico, libre e sen confrontacións das dúas linguas oficiais.
- Buscar a implicación dos sectores sociais máis representativos e dinamizadores da sociedade para implicalos no proceso de consolidación e modernización do idioma.
- Pór en valor a vantaxe da condición que temos os galegos/as de bilingües para a adquisición de coñecementos noutras linguas.
- Avanzar no desenvolvemento de normas de protección e extensión da lingua galega, tendo como base o ámbito normativo do que Galicia se dotou de xeito unánime.
- Establecer liñas de fomento do emprego do galego no ámbito xurídico e da administración no seu conxunto, co fin de avanzar na implantación do idioma en ámbitos nos que historicamente se viu relegado a un plano distinto do que lle correspondería ocupar.
- Desenvolver actuacións de dinamización lingüística preto do tecido asociativo galego, por ser este un ámbito de especial interese para alcanzar unha normalidade de uso do idioma. Establecer novos cursos de galego específicos para profesionais da sanidade, sector financeiro e medios de comunicación.
- Impulso do uso do galego por parte da mocidade, con especial atención aos seus ámbitos de uso preferentes, especialmente no que atinxe ás novas tecnoloxías e redes sociais, máis tamén na música e demais artes escénicas de preferencia para a xuventude.
- Promoción, de xeito especial, da mellora das actitudes respecto ao galego nos ámbitos máis urbanos.
- Impulsar gañar máis espazos de uso nas TIC's, coa creación de software en galego, así como deseño de contidos que favorezan a implantación do galego nas novas tecnoloxías.
- Prestar especial atención á industria editorial con produción en galego, como soporte fundamental da lingua.

- Desenvolver un plan global de actuación coas empresas e entidades comerciais, para incrementar o uso do galego como lingua de traballo no sector industrial e nas relacións entre as distintas entidades de natureza económica.
- Incremento da participación da sociedade nas actividades das bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, así como o aumento da oferta dos seus servizos, contidos e produtos.
- Incremento do patrimonio cultural de Galicia e mellora do seu estado de conservación e a situación e condicións de acceso a el por parte dos cidadáns.
- No que atinxe á cidade da cultura:
- Ofertarlle á cidadanía unha actividade e programación de calidade, acorde coa magnitude do contedor arquitectónico da cidade da cultura.
- Constituír á cidade da cultura de Galicia como o espazo natural de desenvolvemento, proxección e fomento da innovación do sistema cultural galego.
- Converterse nun polo de desenvolvemento que contribúa á dinamización do tecido produtivo, ao incremento dos niveis de renda e emprego e á mellora da competitividade do territorio, A través dun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 93. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia | Importe | % Eixe | % PA |
|---|-------------------|---------------|--------------|
| OE.4.2.01 Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade. | 18.836.988 | 3,8 | 39,9 |
| OE.4.2.02 Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural. | 15.131.945 | 3,0 | 32,0 |
| OE.4.2.03 Difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego. | 7.623.085 | 1,5 | 16,1 |
| OI.4.2.01 Contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia | 5.626.299 | 1,1 | 11,9 |
| Total | 47.218.317 | 9,4 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 52. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

O obxectivo estratéxico de “Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade” desenvolverase fundamentalmente a través de actividades culturais e de promoción do libro e da lectura, o investimento en lotes fundacionais e adquisicións de fondos bibliográficos, actuacións de promoción, xestión, adquisición e dirección de arquivos, investimentos e subvencións a museos, e por último, actuacións para a posta en marcha de infraestruturas culturais.

En canto ao obxectivo de “Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural”, destacan as actuacións de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural e investimentos en bens do patrimonio cultural destinados ao uso social.

Por último, no obxectivo estratéxico de “Difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade, propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego”, entre outras, levaranse a cabo programas de promoción do galego, campañas de normalización lingüística, estudos e traballos de investigación e cursos e actividades de formación.

Os principais indicadores de produtividade asociados ás actuacións coas que se desenvolven estes obxectivos estratéxicos e para os que se establece un valor previsto no exercicio 2018 son:

a) Actividades culturais planificadas e executadas nas bibliotecas, museos e arquivos, así como nos centros de interpretación (1.133) e o número de usuarios da rede de bibliotecas de Galicia que se espera se sitúe en 830.000 dos que o 61% serían mulleres.

b) No ámbito do patrimonio cultural, espéranse realizar 87 obras e proxectos de conservación, restauración e protección realizadas.

c) Os participantes en accións de formación en lingua galega situaranse preto de 6.400 sendo o 55% mulleres e realizaranse máis de 4.000 actuacións de formación e dinamización social do galego.

Cadro 94. Indicadores clave de produtividade da PA.4.2

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|--|--|-------------------|
| E4: Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno | | |
| PA02 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia | | |
| E01 Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade. | | |
| P00150 | Actividades culturais planificadas e executadas nas bibliotecas, museos e arquivos, así como nos centros de interpretación | 1.133 Nº |
| P219.H | Persoas que fan uso da rede de bibliotecas de Galicia. Homes | 320.000 Nº |
| P219.M | Persoas que fan uso da rede de bibliotecas de Galicia. Mulleres | 510.000 Nº |
| E02 Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural. | | |
| P00184 | Obras e proxectos de conservación, restauración e protección realizadas | 87 Nº |
| E03 Difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego. | | |
| P00022 | Actuacións de formación e dinamización social do galego. | 4.251 Nº |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 2.867 Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 3.471 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 95. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.2 por fonte de financiamento

| PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia | Importe | % |
|---|-------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 44.583.327 | 94,4 |
| FEDER | 2.634.990 | 5,6 |
| Total | 47.218.317 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 96. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.2 por programas de gasto

| PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia | Importe | % |
|---|-------------------|--------------|
| 151A - FOMENTO DA LINGUA GALEGA | 7.623.085 | 16,1 |
| 431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA | 5.626.299 | 11,9 |
| 432A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS | 18.836.988 | 39,9 |
| 433A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL | 15.131.945 | 32,0 |
| Total | 47.218.317 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 97. Xestores da PA.4.2 no orzamento 2018

| PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia |
|---|
| PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA |
| SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS |
| CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U |
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| SECRETARIA XERAL DE CULTURA |
| DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL |
| SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA |
| D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS |

Fonte: Consellería de Facenda

III.4.3. Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.

Dos 431 partidos xudiciais existentes en España, Galicia conta con 45 de Partidos Xudiciais o que reflicte o grado de dispersión da poboación de Galicia respecto da media española. Galicia conta en 2016 con 12,4 xuíces e maxistrados en activo por cada 100.000 habitantes, 1 punto por riba da media estatal. O presuposto inicial no servizo público de xustiza de 2017 supera os 49€/por habitante.


Os asuntos xudiciais ingresados en Galicia en 2016 foron 334.410, o que supón unha media de 1.301 por órgano xudicial. Este dato representa o 5,8% do conxunto do Estado. O 53% dos asuntos ingresados pertencen a xurisdición penal, a xurisdición civil ingresa o 35% dos asuntos, mentres que a contenciosa-administrativa e a social o 3 e 9%, respectivamente. En canto os asuntos resoltos ascenderon a 341.982.

A taxa de litixiosidade (asuntos ingresados por 1.000 habitantes) en Galicia (122,9) é lixeiramente inferior á media nacional (125). A taxa de conxestión dos órganos xudiciais radicados en Galicia é do 1,38, mentres que a taxa de resolución é de 1,02 e a taxa de pendencia 0,36, todas elas similares á media nacional.

No ámbito da protección civil e seguridade pública destacar que o número de accidentes de tráfico con vítimas (mortais e non mortais) aumentou un 14,8% en 2015, aínda que o número de vítimas mortais descendeu un 11,5%. O índice de incidencia de accidentes laborais en 2016 foi de 31,9 accidentes por cada mil afiliados á Seguridade Social con continxencia de accidentes de traballo cuberta, 1,1 puntos inferior ao dato de 2015. A maior incidencia dáse nos sectores da construción (59,1), industria (58,9) e pesca (57,0), mentres que na agricultura é de 37,1 e nos servizos de 22,4.

O 97,8% dos accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo son de carácter leve. Por outro lado dentro da sinistralidade laboral rexistrada o número de accidentes “in itinere” representan o 10% mentres que as enfermidades profesionais o 3%.

Mapa 25. Accidentes de tráfico. Mortos por millón de habitantes. 2015



Fonte: Eurostat

Os principais resultados que se pretenden conseguir no período 2015-2020 nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2018, son:

- A mellora da capacidade institucional e da eficiencia da administración de xustiza en Galicia, adaptando as súas estruturas físicas e organizativas e establecendo una conexión directa cun plan de implantación das novas tecnoloxías.
- Garantir un ámbito de protección e seguridade dos cidadáns fronte as situacións que alteren a normal convivencia, e das derivadas de graves riscos, catástrofes ou calamidade pública a través dun sistema integrado de protección civil.
- Consolidar as institucións da autonomía, co fin de reforzar as funcións esenciais que teñen encomendadas nos eidos político, económico e social de Galicia tanto no Estatuto como nas súas leis de desenvolvemento, perfeccionándose para garantir que a súa actuación, e especialmente a do Goberno, se axuste realmente aos principios de transparencia, rigor no gasto e bo goberno, intensificando permanentemente os mecanismos de control.

- Reforma da Lei da Xunta e da súa Presidencia, para que constitúa a norma institucional básica que regule a estrutura e actividade do goberno de Galicia, tratando de que sexa unha institución máis cercana ás necesidades e ao sentir da cidadanía, consolidando nunha norma o compromiso cos principios de austeridade, eficacia e eficiencia no deseño e funcionamento da Xunta de Galicia.
- Intensificar as relacións bilaterais co Estado e de cooperación coas restantes CC.AA., no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado –Comunidade Autónoma de Galicia e da Conferencia de Presidentes, que son un instrumento esencial de cooperación e entendemento entre ambas administracións. A intensificación da cooperación horizontal entre as Comunidades Autónomas. Ademais de continuar apoiando o debate da reforma do Senado.
- Garantir o papel destacado que lle corresponde a Galicia no seo do Comité das Rexións, cámara de representación territorial dos entes locais e rexionais en Europa e no que Galicia ten na actualidade un destacado liderado.
- Aproveitamento da Fundación Galicia Europa como eficaz instrumento tanto para a difusión dos temas europeos, como para a xestión dos asuntos de interese para Galicia perante as institucións comunitarias. Consolidación e ampliación do impacto da Rede de Galeg@s en Bruxelas.
- Intensificar o traballo e a acción política da Xunta de Galicia co Parlamento Europeo, única institución democrática elixida directamente polos cidadáns e que ten que representar por tanto aos pobos de Europa, tentando mostrar o punto de vista de Galicia sobre as diferentes actuacións da cámara para defender os nosos intereses. Seguir a apoiar a iniciativa para que nos Consellos de Ministros de Pesca da UE a rotación das CC.AA se realice exclusivamente entre as que son marítimas.
- Mellora da coordinación coa administración do Estado e os seus órganos especializados, para ser máis eficaces e ter máis influencia na defensa dos nosos intereses perante as institucións comunitarias cando as propostas están no proceso de formación.
- Liderar dende Galicia a creación dun Intergrupo sobre o desafío demográfico, co obxectivo de que Europa invista mais e mellor na superación desta preocupante situación para o conxunto da UE.
- Consolidar a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal, como ferramenta que permita desenvolver proxectos con financiamento europeo en moi diversos eidos.
- Utilizar a Macrorrexión RESOE como proxecto dunha Macrorrexión Atlántica que entre de cheo nas novas estratexias e que condicione o deseño das futuras políticas públicas europeas.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 98. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

| PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado | Importe | % Eixe | % PA |
|--|--------------------|---------------|--------------|
| OE.4.3.01 Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia. | 146.115.252 | 29,2 | 67,7 |
| OE.4.3.02 Consolidar unha Administración eficiente que ofrezca unha resposta integral ás necesidades que demanda a cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, atendendo aos criterios de formación, especialización e innovación tecnolóxica. | 24.962.739 | 5,0 | 11,6 |
| OI.4.3.01 Fortalecer a acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea e na cooperación transfronteiriça. | 2.623.548 | 0,5 | 1,2 |
| OI.4.3.02 Impulsar a coordinación co Parlamento e a dos distintos departamentos da Xunta de Galicia para evitar que se solapen competencias co Estado e coas demais Comunidades Autónomas. | 798.950 | 0,2 | 0,4 |
| OI.4.3.03 Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida. | 41.450.250 | 8,3 | 19,2 |
| Total | 215.950.739 | 43,1 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 53. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda

Esta prioridade de actuación concréta-se en dous obxectivos estratéxicos: “Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia” e “Consolidar unha administración eficiente que ofrezca unha resposta integral ás necesidades que demanda a cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública”.

No ámbito da administración de xustiza contémpanse principalmente actuacións en materia de construción e rehabilitación de infraestruturas xudiciais, incluídas medidas de aforro e eficiencia enerxética, así como a cobertura da asistencia xurídica gratuíta.

En canto á temática en materia de protección civil e seguridade, destacan as actuacións ligadas ao operativo do CAE I12, o financiamento dos consorcios provinciais e comarcais contra incendios e a formación, as infraestruturas e equipamentos nos servizos de emerxencias e protección civil, así como a formación en materia de emerxencias.

Os obxectivos previstos para os principais indicadores de produtividade asociados ás actuacións desta prioridade son:

a) O número de infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas ascenderá a 57 e se porán en marcha 13 servizos de acordo co novo modelo organizativo de oficina xudicial e fiscal. Ademais, está previsto que sexan 47.000 as persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta, das que o 55% son mulleres. O número estimado de efectivos na administración de xustiza é de 2.971.

b) Espérase contar con máis de 500 profesionais de intervención ante urxencias, adquirir 245 medios técnicos para o sistema de emerxencias e de protección civil, que os servizos de emerxencias atendan a máis dun millón de chamadas e dar formación a 6.500 persoas, dos que un 15% serían mulleres.

Cadro 99. Indicadores clave de produtividade da PA.4.3

| | Valor Previsto | Unidade de medida |
|---|--|-------------------|
| E4:Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno | | |
| <i>PA03 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado</i> | | |
| E01 Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia. | | |
| P00141 | Infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas | 57 Nº |
| P01004 | Número de efectivos | 2.971 Nº |
| P1022H | Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes | 21.000 Nº |
| P1022M | Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres | 26.000 Nº |
| E02 Consolidar unha Administración eficiente que ofrezca unha resposta integral ás necesidades que demanda a cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, atendendo aos criterios de formación, especialización e innovación tecnolóxica. | | |
| P00280 | Profesionais de intervención ante as urxencias. | 554 Nº |
| P01023 | Chamadas atendidas polos servizos de emerxencias | 1.020.000 Nº |
| P01024 | Medios técnicos adquiridos para o sistema de emerxencias e de protección civil | 245 Nº |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 5.500 Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 1.000 Nº |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2018.

Cadro 100. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.3 por fonte de financiamento

| PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 200.380.530 | 92,8 |
| F.C.I. | 10.000.000 | 4,6 |
| FEDER | 5.057.181 | 2,3 |
| F.S.E. | 513.028 | 0,2 |
| Total | 215.950.739 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 101. Distribución do orzamento 2018 da PA.4.3 por programas de gasto

| PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado | Importe | % |
|---|--------------------|--------------|
| 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA | 3.553.525 | 1,6 |
| 111B - ACTIVIDADE LEXISLATIVA | 19.284.399 | 8,9 |
| 111C - CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO | 7.098.583 | 3,3 |
| 111D - ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. | 4.627.943 | 2,1 |
| 111E - RELACIÓNS EXTERIORES | 2.623.548 | 1,2 |
| 121C - RELACIÓNS INSTITUCIONAIS | 798.950 | 0,4 |
| 131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA | 146.115.252 | 67,7 |
| 161A - ELECCIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS | 2.000.000 | 0,9 |
| 212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA | 24.962.739 | 11,6 |
| 811C - OUTROS SOPORTES FINANCEIROS ÁS ENTIDADES LOCAIS | 4.885.800 | 2,3 |
| Total | 215.950.739 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 102. Xestores da PA.4.3 no orzamento 2018

| PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado |
|---|
| PARLAMENTO |
| PARLAMENTO |
| VALEDOR DO POBO |
| CONSELLO DE CONTAS |
| CONSELLO DA CULTURA GALEGA |
| PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA |
| SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA |
| D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA |
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA |
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| D.X. DE XUSTIZA |
| D.X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS |
| D.X. DE EMERXENCIAS E INTERIOR |
| DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA U. EUROPEA |
| CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA |
| CONSELLERÍA DE FACENDA |
| SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA |
| DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS |
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA |
| ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA |
| AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS |

Fonte: Consellería de Facenda

III.5. EIXE INSTRUMENTAL: ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E DE CALIDADE

Para acadar os anteriores obxectivos precisamos unha administración eficiente, moderna, flexible e transparente, que preste servizos públicos de calidade e axude a resolver os problemas dos cidadáns e das empresas.

Para elo, precísase un persoal comprometido que debe mellorar a súa formación continua, especialmente no que atinxe a adquisicións de destrezas no manexo das TIC; pero tamén unha administración moderna debe explorar novos sistemas para incentivar o rendemento e flexibilidade que recoñezan máis a quen máis valor aporta ao servizo público.

A xeneralización dos servizos públicos dixitais e do e-goberno, debe contribuír a acadar a excelencia na xestión, posibilitando importantes economías por substitución dos sistemas tradicionais baseados no papel, e por economías de escala.

Estas novas tecnoloxías xerarán novos requirimentos e perfís profesionais, mais tamén, deixarán obsoletos un volume aínda maior doutros oficios e traballos; por iso é precisa a flexibilidade no movemento dos equipos de traballadores.

A administración debe tamén actuar como exemplo e sector tractor das principais políticas antes enunciadas, dende a innovación, implementando a compra pública innovadora e converténdose nun axente innovador en si mesmo, ata a rehabilitación dos seus edificios administrativos e vivenda pública, pasando pola eficiencia enerxética, a normalización lingüística e o dominio das linguas estranxeiras, a internacionalización, a aplicación de criterios de igualdade de xénero e non discriminación, a integración social e a protección da familia e a conciliación.

Para elo desenvolveranse as seguintes Prioridades de actuación cos seus correspondentes obxectivos instrumentais:

PA5.1. Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público. As principais actuacións neste apartado serán accións formativas para os empregados e empregadas públicas e desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da lei do empregado público.

PA5.2. Administración financeira transparente, eficiente e orientada a resultados, con actuacións de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión, de renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de acadar unha xestión máis eficiente da enerxía, de garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica, de garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón

en aplicar con contundencia as xa existentes e de reforzar as tarefas de planificación e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2018 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 103. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe 5

| E5. Administración moderna, eficiente e de calidade | Importe | % total | % eixe |
|---|--------------------|----------------|---------------|
| PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público | 11.530.567 | 0,1 | 7,2 |
| PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados | 147.837.549 | 1,6 | 92,8 |
| Total | 159.368.116 | 1,7 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 54. Distribución do orzamento 2018 por prioridades de actuacións do eixe 5



Fonte: Consellería de Facenda

As táboas seguintes mostran o orzamento do eixe por fonte de financiamento e os indicadores de produtividade.

Cadro 104. Distribución do orzamento 2018 do eixe 5 por fonte de financiamento

| E5. Administración moderna, eficiente e de calidade | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 144.837.002 | 90,9 |
| FEDER | 11.056.844 | 6,9 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 2.435.353 | 1,5 |
| F.E.P. | 45.000 | 0,0 |
| F.S.E. | 993.917 | 0,6 |
| Total | 159.368.116 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** das prioridades de actuación do eixe no orzamento 2018.

Cadro 105. Distribución do orzamento 2018 do eixe 5 por prioridades de actuación e fonte de financiamento

| PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 10.092.967 | 87,5 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 1.437.600 | 12,5 |
| Total | 11.530.567 | 100,0 |
| PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados | Importe | % |
| Orzamentos Xerais da C.A. | 134.744.035 | 91,1 |
| FEDER | 11.056.844 | 7,5 |
| Orzamentos Xerais do Estado | 997.753 | 0,7 |
| F.E.P. | 45.000 | 0,0 |
| F.S.E. | 993.917 | 0,7 |
| Total | 147.837.549 | 100,0 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 106. Distribución do orzamento 2018 do eixe 5 por prioridades de actuación e programas de gasto

| PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público | Importe | % |
|--|--------------------|--------------|
| 121B - ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA | 2.590.047 | 22,5 |
| 122B - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A. | 3.310.863 | 28,7 |
| 123A - ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN | 64.400 | 0,6 |
| 124A - DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA | 5.565.257 | 48,3 |
| Total | 11.530.567 | 100,0 |
| PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados | Importe | % |
| 121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL | 61.824.578 | 4,5 |
| 122A - AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | 1.181.452 | 0,1 |
| 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA | 4.415.537 | 0,3 |
| 611A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA | 19.510.930 | 1,4 |
| 612A - PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONOMÍA | 5.599.413 | 0,4 |
| 621A - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL. | 45.901.483 | 3,3 |
| 621B - IMPREVISTOS E FUNCIÓNS NON CLASIFICADAS | 9.404.156 | 0,7 |
| Total | 147.837.549 | 10,8 |

Fonte: Consellería de Facenda

Cadro 107. Xestores por prioridade de actuación do eixe 5 no orzamento 2018

| PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público |
|--|
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA |
| ASESORIA XURÍDICA XERAL |
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| CONSELLERÍA DE FACENDA |
| SECRETARÍA XERAL TECNICA E DO PATRIMONIO |
| D.X. DE FUNCIÓN PÚBLICA |
| GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS |
| DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA |
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA |
| ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA |
| PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados |
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA |
| SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| D. X. DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA |
| DELEGACIÓNS TERRITORIAIS |
| CONSELLERÍA DE FACENDA |
| SECRETARÍA XERAL TECNICA E DO PATRIMONIO |
| INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA |
| DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS |
| D.X POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS |
| SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO DA CONSELLERIA DE FACENDA |
| DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS |
| INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA |
| AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA |
| CENTRO INFORMATICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE |
| CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL |
| CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL |
| DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL |
| INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL |
| AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS |

Fonte: Consellería de Facenda



CADROS

Obxectivos e programas

NOMENCLATOR

INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

01 PARLAMENTO

- 01 PARLAMENTO
- 02 VALEDOR DO POBO

02 CONSELLO DE CONTAS

- 01 CONSELLO DE CONTAS

03 CONSELLO DA CULTURA GALEGA

- 01 CONSELLO DA CULTURA GALEGA

04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

- 10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA
- 11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA
- 20 S.X. DE MEDIOS
- 21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN
- 30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN
- 40 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE
- A1 AX. MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA
- A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

05 VICEPRESIDENCIA E CONSELL. PRES. AAPP.

- 11 SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE
- 12 ASESORIA XURÍDICA XERAL
- 21 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- 22 D.X. DE XUSTIZA
- 23 D.X. DE ADMINISTRACIÓN LOCAL
- 24 D.X. DE RELACIÓNS INSTIT. E PARLAM.
- 25 D.X. DE EMERXENCIAS E INTERIOR
- 26 D.X. DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE
- 27 D. X. DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMVA.
- 28 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS
- 80 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- 81 A.G.S.P.
- A1 AXE. GALEGA DE EMERXENCIAS

06 CONSELLERÍA DE FACENDA

- 01 SECRETARÍA XERAL TECNICA E DO PATRIMONIO
- 02 INTERVENCIÓN XERAL DA CC.AA.
- 03 D.X. PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
- 04 D.X POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FOND
- 05 D.X. DE FUNCIÓN PÚBLICA
- 80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA
- A1 CIXTEC
- A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA
- B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL

NOMENCLATOR

07 CONSELLERÍA DE MEDIO AMB. E ORD. DO TERR

- 01 SECRETARÍA XERAL TECNICA
- 02 D.X. DE CALIDADE AMBIENTAL E CB CLIMÁT
- 03 D.X. DE PATRIMONIO NATURAL
- 04 D.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URB.
- 81 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

08 CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- 01 SECRETARÍA XERAL TECNICA
- 02 D.X. DE MOBILIDADE
- 03 XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA
- 80 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
- A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

09 CONSELLERÍA DE ECON., EMPREGO E INDUSTRIA

- 10 SECRETARÍA XERAL TECNICA
- 20 D.X. ENERXÍA E MINAS
- 30 D.X. DE COMERCIO E CONSUMO
- 40 S.X. DE EMPREGO
